CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Toma de decisións: - Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, do contexto e dos parámetros

Contidos
- espaciais en que se desenvolve en situacións motrices individuais. - Análise de movementos e patróns motores do adversario para actuar en consecuencia en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. - Delimitación de estratexias previas de ataque e defensa en función das características dos integrantes do equipo en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil. - Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas. - Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas. - Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións. - Estratexias de autorregulación colectiva do esforzo e da capacidade de superación para afrontar desafíos en situacións motrices. - Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos. - Habilidades sociais: condutas prosociais en situacións motrices colectivas. - Respecto ás regras: as regras de xogo como elemento de inclusión social. - Funcións de arbitraxe deportiva. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.

UD	Título da UD	Duración
5	Primeiros auxilios	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Coñecer e actuar de acordo cos protocolos de intervención ante accidentes derivados da práctica de actividade física, aplicando medidas básicas de primeiros auxilios.	actuar de acordo cos protocolos de intervención ante accidentes derivados da práctica de actividade física	TI	100
CA2.6 - Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica das actividades motrices, dentro e fóra do centro escolar.	Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: - Calzado deportivo e ergonomía. - Medidas de seguridade en actividades físicas dentro e fóra do centro escolar. - Actuacións básicas ante accidentes durante a práctica de actividades físicas.

Contidos
- Conduta PAS (protexer, avisar, socorrer), protocolo 112 e soporte vital básico (SVB).

UD	Título da UD	Duración
6	Expresión corporal: dramatización	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.	Colaborar na práctica de diferentes producións motrices, participando na toma de decisión	TI	100
CA5.2 - Utilizar intencionadamente e con progresiva autonomía o corpo como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas, participando activamente na creación e representación de composicións individuais ou colectivas con e sen base musical.	Utilizar intencionadamente e con progresiva autonomía o corpo como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas, participando activamente na creación e representación de composicións individuais ou colectivas con e sen base musical		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Toma de decisións: - Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, do contexto e dos parámetros espaciais en que se desenvolve en situacións motrices individuais. - Usos comunicativos da corporalidade: expresión de sentimentos e emocións en diferentes contextos. - Técnicas de interpretación. - Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico expresivo.

UD	Título da UD	Duración
7	Coido a miña espalda: prevención de dores	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Incorporar con progresiva autonomía procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Incorporar con progresiva autonomía exercicios de educación postural	TI	100
CA1.3 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións		
CA1.5 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais		
CA1.6 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Saúde física: - Educación postural: técnicas básicas de descarga postural e relaxación. - Traballo compensatorio da musculatura postural.

UD	Título da UD	Duración
8	A muller no deporte	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade vinculados ás devanditas manifestacións.	Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade vinculados ás devanditas manifestacións.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas vinculados ás devanditas manifestacións.	Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade vinculados ás devanditas manifestacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Saúde social: - Análise crítica dos estereotipos corporais, de xénero e competencia motriz e dos comportamentos violentos e incitación ao odio no deporte. - Saúde mental: - Reflexión sobre actitudes negativas cara á actividade física derivadas de ideas preconcibidas, prexuízos, estereotipos ou experiencias negativas. - Deporte e perspectiva de xénero: promoción do deporte en igualdade, figuras masculinas e femininas do deporte galego, análise crítica. - Igualdade de xénero nas profesións asociadas ao deporte.

UD	Título da UD	Duración
9	Introducción ao voleibol	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso como do resultado.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo,	TI	100
CA3.3 - Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación do compañeiro ou da compañeira e da persoa opoñente (se o houbese) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións		
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, evitando a competitividade desmedida		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Toma de decisións:
- Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, do contexto e dos parámetros espaciais en que se desenvolve en situacións motrices individuais.
- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas.
- Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas.
- Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións.
- Estratexias de autorregulación colectiva do esforzo e da capacidade de superación para afrontar desafíos en situacións motrices.
- Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos.
- Habilidades sociais: condutas prosociais en situacións motrices colectivas.
- Respecto ás regras: as regras de xogo como elemento de inclusión social.
- Funcións de arbitraxe deportiva.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.

UD	Título da UD	Duración
10	Iniciación ás habilidades ximnásticas e coordinativas	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso como do resultado.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións		
CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Toma de decisións: - Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, do contexto e dos parámetros espaciais en que se desenvolve en situacións motrices individuais. - Pautas grupais para optimizar os recursos motrices do grupo para a resolución da acción/tarefa en situacións cooperativas. - Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas. - Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas. - Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións. - Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos. - Habilidades sociais: condutas prosociais en situacións motrices colectivas.

UD	Título da UD	Duración
11	Xogos e danzas interculturais e galegas	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais	TI	100
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso como do resultado.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativ		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.	Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupa		
CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto		
CA5.1 - Participar en xogos motores, deportes e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia como con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas.	Participar en xogos motores, deportes e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia como con outras		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Creatividade motriz: resolución de retos e situacións-problema de forma orixinal, tanto individualmente como en grupo. - Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións. - Habilidades sociais: condutas prosociais en situacións motrices colectivas. - Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. - Os xogos e as danzas como manifestación da interculturalidade. - Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico expresivo. - Xogos, deportes, danzas e bailes autóctonos de Galicia como elemento transmisor do patrimonio cultural. - Influencia do deporte na cultura actual: o deporte como fenómeno de masas, impacto social, aspectos positivos e negativos.

UD	Título da UD	Duración
12	Introducción aos xogos con palas e rede	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso como do resultado.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo,	TI	100
CA3.3 - Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación do compañeiro ou da compañeira e da persoa opoñente (se o houbese) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación do adverario e á lóxica interna		
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar unha gran variedade de actividades motrices,evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.		
CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Toma de decisións:
- Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, do contexto e dos parámetros espaciais en que se desenvolve en situacións motrices individuais.
- Análise de movementos e patróns motores do adversario para actuar en consecuencia en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.
- Adaptación dos movementos propios ás accións do contrario en situacións de oposición.
- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas.
- Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas.
- Respecto ás regras: as regras de xogo como elemento de inclusión social.
- Funcións de arbitraxe deportiva.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.

UD	Título da UD	Duración
13	Descubrimos o noso entorno para realizar actividades físicas: parkour, xogo de pistas, orientación.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física	TI	100
CA6.2 - Analizar e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto na contorna e evitando activamente a súa reprodución.	Analizar e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto na contorna e evitando activamente a súa reprodución.		
CA6.3 - Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticos, gozando de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir e sendo conscientes da súa pegada ecolóxica.	Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticos, gozando de maneira sostible		
CA6.4 - Practicar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.	Practicar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Respecto ás normas viarias en desprazamentos activos cotiáns e actitude crítica ante elementos da contorna que supoñan obstáculos á accesibilidade universal e á mobilidade activa, autónoma, saudable e segura.
- O uso da bicicleta como medio de transporte habitual.
- Novos espazos e prácticas deportivas.
- Utilización de espazos urbanos e naturais desde a motricidade.
- Análise do risco nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano: medidas de seguridade en actividades das distintas contornas con posibles consecuencias graves nestes.
- Deseño de actividades físicas no medio natural e urbano.
- Practica de actividades físico-deportivas nas distintas contornas, coidando destas, como servizo á comunidade.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía que imos seguir nesta materia caracterizarase por ser, flexible, activa, integradora, participativa, lúdica, creativa e progresiva. Destacamos os seguintes principios:

- Incrementar a actividade física do alumnado a través de sesións fundamentalmente prácticas e vivenciais, onde o alumnado participe, sempre, activamente.
- Ofrecer ao alumnado variedade e diversidades de experiencias, para que acaden un amplo bagaxe motriz, que lles permita elexir actividades no seu tempo de ocio.
- Integrar procesos para adquirir as competencias clave, para consolidar unha autoestima positiva, buscando persoas autónomas, reflexivas e responsables.

1. ESTILOS DE ENSINO
Traballaremos con estilos de ensino variados, buscando o mellor deles para acadar os obxectivos. Dentro de cada sesión poderase combinar diferentes estilos:

- Estilos directivos: aprendizaxes técnicas e doutros contidos de similares características.
- Estilos baseados no descubrimento: aprendizaxes tácticas, de expresión corporal, e outros de similares características fomentaremos a creatividade.

2. ORGANIZACIÓN ESPAZO-TEMPORAL
Agrupamentos: Contemplamos todo tipo de agrupamentos. Según as tarefas, poderemos utilizar:

- Tarefas individuais: que nos permiten adaptar a aprendizaxe ao ritmo do alumnado.
- Tarefas de grupo-clase: cando prioricemos o proceso de socialización do grupo e queiramos favorecer as relacións persoais, o coñecemento mutuo e o respecto polos demais.
- Tarefas en parellas, tríos ou pequeño grupo: para aprendizaxe de habilidades técnicas e a cohesión de grupo.

Utilización de espazos:

- Pavillón deportivo
- Ximnasio
- Pistas polideportivas exteriores
- Espazos da contorna: parques, sendeiro e praia fluvial
- Espazos do centro: aula de informática, aula de referencia, hall, biblioteca, salón de actos, etc.

Optimización do tempo de aprendizaxe:

- Preparación da clase de educación física. Os preparativos previos á sesión adoitan seguir un protocolo cotián e repetitivo: acceder ao vestiario dende a aula, cambiarse de roupa, ir á pista ou ximnasio, pasar lista, regresar, asearse e volver cambiar de roupa. Para evitar a perda de tempo nesta fase motivaremos previamente o alumnado cara ás tarefas da sesión e limitaremos o tempo de estanza no vestiario.
- Eficiencia no tempo dispoñible. O devandito tempo trataremos de optimizalo do seguinte xeito;

a) Claridade e brevidade nas explicacións das tarefas. Focalizaremos a atención nun ou dous aspectos que aseguren certas posibilidades de éxito nos primeiros intentos para non desbordar o alumnado con demasiada información e ademais, conseguir que se motiven polos primeiros éxitos alcanzados. Especial trato dedicaremos ás premisas de respecto mutuo e de seguridade nas tarefas, de cara a que o alumnado aprenda claramente o seu papel na prevención de riscos e na axuda ao compañeiro/a.
b) Rendibilidade na montaxe e recollida do material. Para evitar as perdas de tempo nesta faceta da sesión, aproveitaremos ao máximo os materiais que seleccionemos para a sesión. Ademais, designaremos ao inicio da sesión, ao alumnado responsable da colocación e recollida do material que se vaia utilizar. Naquelas sesións nas que se vaia traballar en circuíto e necesiten moito material, intentaremos na medida do posible, realizar a montaxe previamente á sesión.
c) Eficiencia na formación e transición dos agrupamentos. Para evitar as perdas de tempo que supoñen tanto o establecemento de agrupamentos, como a transición duns a outros, naquelas sesións nas que as actividades de ensino-aprendizaxe demanden continuos cambios de agrupamentos, secuenciaremos as mesmas de tal maneira que vaian seguidas todas as actividades individuais, logo por parellas, logo por cuartetos, etc., aproveitando o

agrupamento anterior para facer o seguinte, de ser posible.
d) Optimización das partes da sesión. Aínda que diferentes autores propoñen varias divisións das sesións de E.F., podemos dicir que basicamente as sesións de educación física divídense en tres partes, a saber: posta en acción, parte principal e volta á calma. Nos puntos anteriores abordamos as pautas a seguir para evitar as perdas de tempo na parte principal da sesión, centrándonos agora nas outras dúas partes.
Para limitar as perdas de tempo na posta en acción, aproveitaremos esta para explicar o sentido da sesión, relacionala coa sesión previa, e transmitir a maior parte da información necesaria para a súa parte principal.
Na volta á calma, aproveitaremos o tempo de recuperación para recordar os puntos máis importantes traballados na parte anterior, repartiremos, no seu caso, as fichas de avaliación da sesión e motivaremos o alumnado para a sesión seguinte.

3. O COÑECEMENTO DOS RESULTADOS/EXECUCIÓN
3 tipos de coñecementos de resultados:

- CR Concorrente, verbal e tactil: en contidos de tipo técnico.
- CR Inmediato, verbal, tactil ou visual: en contidos nos que buscamos que a información teña unha incidencia positiva sobre as execucións posteriores.
- CR Intrínseco: atrasando a administración da información durante un tempo, unha vez finalice a tarefa.
- CR Diferido: aprendizaxe dos comportamentos tácticos, onde, combinado con Estilos de Ensino baseados na Busca, pretendese proporcionar un maior protagonismo ao alumnado á hora de analizar a información e tomar decisións.

4. ACTIVIDADES
Utilizaremos diferentes tipos de actividades.

- Actividades de Diagnóstico utilizarémolas principalmente nas primeiras sesións de cada U.D. co obxectivo de levar a cabo a avaliación dos coñecementos previos do alumnado sobre os contidos a desenvolver.
- Actividades de Desenvolvemento que utilizaremos para desenvolver os contidos centrais das distintas UU.DD. Ligadas a estas actividades virán as de Síntese, nas cales trataremos de conseguir a aplicación dos contidos aprendidos, en situacións reais de práctica.
- Actividades de Avaliación, coas que pretenderemos comprobar o nivel de adquisición de contidos desenvolvido polo alumnado.
- Actividades de Reforzo, que utilizaremos con aquel alumnado cuxo ritmo de aprendizaxe sexa máis lento que o do grupo de referencia
- Actividades de Ampliación, que utilizaremos con aquel alumnado que presenta un dominio importante do contido dende un principio, ou cuxo ritmo de aprendizaxe está por riba do grupo de referencia.

5. ESTRATEXIA NA PRÁCTICA
A estratexia na práctica que utilizaremos dependerá do tipo de contido e da tarefa que deseñaramos, así como do seu obxectivo.

- Estratexias de tipo global: para as actividades de avaliación inicial de cada UD e para as situacións xogadas.
- Estratexias analíticas: para as actividades de aprendizaxe técnico.
- Estratexias sintéticas: para os pasos intermedios entre as aprendizaxes máis analíticas e as máis globais, que nos permitan avanzar na aprendizaxe de todo tipo de contidos

As estratexias utilizadas poden presentarse de forma tanto simultánea como secuencial dentro da mesma sesión. Así mesmo, pódense utilizar en ambos os dous sentidos, é dicir, podemos partir dunha estratexia global para rematar cunha aprendizaxe máis analítica, ou viceversa, podemos partir dunha estratexia máis analítica para rematar cunha máis global.

6. RUTINAS
Para favorecer o bo funcionamento das sesións, e coa intención de optimizar ao máximo o tempo de práctica efectivo por parte do alumnado que redunde nunha maior aprendizaxe por parte destes, establécense unha serie de rutinas.

- Entrada e saída ao pavillón, ximnasio ou pista: A entrada será o máis puntual posible, deixando unha marxe de 5

mi entre o toque do timbre e a entrada ao pavillón, ximnasio ou pista correspondente. A saída da mesma non se producirá ata que toque o timbre.

- Cambio de roupa: O alumnado, nada máis acceder á instalación que así o requira, procederá sen demora ao cambio da roupa necesaria para realizar a sesión, sempre e cando este sexa necesario.
- Hábitos hixiénicos: Distinguiremos entre aseo e ducha. Entendemos por aseo o secado da sudoración e o cambio de roupa. Para iso o alumnado contará con 5 minutos. O alumnado que mostre a súa intención de ducharse, debe advertilo ao profesorado antes de iniciar a clase, cedéndoselle os últimos 8 minutos da sesión.
- Recollida do material: O material utilizado na sesión será recollido por quendas polo alumnado participante na sesión a excepción de, se é o caso, o alumnado que se vaia duchar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material específico de EF para levar a cabo as UDs
Fichas de contidos teórico-prácticos das UDs
Aula Virtual
Ferramentas e aplicacións dixitais
Material bibliográfico

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

- Ao principio de curso, durante as 2-3 primeiras semanas de curso, pasarase ao alumnado un cuestionario inicial para coñecer os problemas e enfermidades que poida presentar o alumnado, así como os seus hábitos deportivos e farase unha observación sistemática, mediante actividades de carácter global onde poidamos ver o desenvolvemento motriz do alunado, e así, levar os primeiros datos ás xuntas de avaliación, onde informaremos das necesidades do alumnado.
- Durante o curso, en cada UD, realizaremos unha avaliación inicial para comprobar os coñecementos previos que posúe o alumnado sobre os contidos da mesma. Os procedementos de avaliación poderán ser variados, tanto probas escritas, como observación directa de tarefas específicas nas primeiras sesións, ou mediante cuestionarios orais. O instrumento para a avaliación inicial dependerá do contido da U.D. Unha vez feita, valoraráse a necesidade de realizar adaptacións nos diferentes apartados da programación, de ser o caso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	**15**	**5**	**10**	**10**	**5**	**8**	**5**
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**2**	**10**	**10**	**5**	**10**	**5**	**100**
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	**100**

Criterios de cualificación:

- A Programación Didáctica consta de 14 UDs:
  - 1º trim: UD1, UD2, UD3, UD4 (40%)
  - 2º trim: UD5, UD6, UD7, UD8, UD9, UD10 (30%)
  - 3º trim: UD11, UD12, UD13 (30%)
- No número de sesións asignado a cada UD contémplanse tamén a/as sesións dedicadas á avaliación.
- O peso de cada UD estableceuse en función do número de sesións e do contido da mesma.
- Para a cualificación de cada UD teremos en conta, para cada Criterio de Avaliación, os mínimos de consecución establecidos e o seu peso orientativo (establecido en cada UD).
- PARA SUPERAR A UD, o alumnado debe:
  - Acadar os mínimos de consecución establecidos, nun peso orientativo global igual ou superior ao 45%. No caso de detectarse dificultades nalgún alumno ou alumna, adoptaránse as medidas de reforzo educativo necesarias.
  - Como resumo aclaratorio, respectaranse as seguintes porcentaxes:
    - 10-30%: Contidos do ámbito do saber, probas ou tarefas teórico-prácticas
    - 50-80%: Procedementos prácticos (do ámbito do saber facer), incluíndose aquí a práctica diaria (10-40%) e as probas prácticas (30-70%), dependendo de cada UD.
    - 10-20%: Habilidades sociais, respecto e actitudes
- A CUALIFICACIÓN DE CADA TRIMESTRE obteráse calculando a media aritmética ponderada das cualificacións obtidas en cada UD impartida no trimestre.
- A CUALIFICACIÓN PREVIA Á AVALIACIÓN FINAL da materia, obterase calculando a media aritmética ponderada das cualificacións obtidas en cada avaliación trimestral.
- O valor numérico da nota irá dende o 1 ao 10, redondeando á unidade máis próxima, (ata 0,4 cara abaixo e dende 0,5 cara arriba), e para considerar superada a UD, o trimestre e o curso o alumnado debe acadar unha puntuación de 4,5 ou superior.
- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN:
  - Probas escritas: exames tipo test, de respostas curtas ou de desenvolvemento e/ou trraballos ou tarefas teóricas.
  - Probas de observación directa por parte da persoa docente: a través de diversos instrumentos, principalmente rúbricas, listas de cotexo e escalas de valoración, en función dos contidos a desenvolver.
- ALUMNADO QUE NON ESTÁ EN CONDICIÓNS DE SEGUIR AS SESIÓNS: Refírese a aquel alumnado que, por diferentes motivos (lesións, malestares diversos, etc) non pode seguir o ritmo das sesións ou facer a clase por un período de tempo indeterminado. Tomaremos as seguintes medidas:
- Sempre que sea posible, incorporarase ás sesións facendo as adaptacións oportunas.
- De non ser posible, determinarase o rol que deberá desempeñar, en función do tipo de sesión que se estea a desenvolver: árbitro, apoio aos compañeiros, alumno avantaxado, axudante da persoa docente, etc.
- Poderá realizar actividades e exercicios específicos e adaptados ás súas limitacións.
- Poderá dese,peñar tarefas de carácter escrito ou teórico do contidos que estemos traballando.
- A avaliación deste alumnado empregaranse rúbricas específicas segundo o papel desempeñado e tarefas

desnvolvidas nese período.

Criterios de recuperación:

- Como recuperar as UDS non superadas?: Recupararanse as UDs non superadas cando a avaliación trimestral sexa negativa.
- Como recuperar as avaliacións trimestrais non superada?: Neste caso o alumnado deberá recuperar so as UDs que non teña superadas, no mes de xuño. O profesorado proporá actividades de recuperación (prácticas ou teóricas, segundo a UD), ao longo do curso e o alumnado realizará unha proba final de recuperación, en xuño.
- Como superar a avaliación final?:
  - O alumnado que no supere a avaliación final en xuño, deberá realizar e superar unha proba final extraordinaria cos contidos das UDs non superadas ao longo do curso e demostrar que é quen de acadar os mínimos esixidos do curso.
  - Será requisito indispensable presentarse co material axeitado a cada unha das probas.
    - Parte práctica: 70-80%
    - Parte escrita: 20-30%
- Para mellorar a nota na avaliación final: O alumnado que desexe mellorar a súa cualificación, poderá realizar un plan de mellora cos contidos con peor cualificación ou non superados nas diferentes UDS. No caso de que o alumnado supere as actividades de mellora propostas no plan, incrementarase a súa cualificación nas UDS correspondentes e calcularase de novo a cualificación final da materia. O alumnado que se acolla a esta opción poderá incrementar a nota ata 0,5 puntos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

- O alumnado que promocione coa materia pendente, deberá seguir un plan de reforzo destinado á súa recuperación e superación. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia no curso actual e, baixo as directrices do departamento.
- O plan de reforzo entregarase a cada alumno ou alumna coa materia pendente ao longo do mes de setembro, unha vez iniciado o curso e terá que conter os seguintes apartados:

1. Identificación da alumna ou do alumno.
2. Información relevante sobre a materia sen superar.
3. Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
4. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
5. Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
6. Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
7. Seguimento e avaliación.
8. Acreditación da información á familia.

O procedemento para a superación da materia pendente consiste no seguinte:
1) Realización do 80% das sesións de Educación Física do curso actual.
2) O alumnado realizará dúas probas, unha en Xaneiro e outra en Maio, que aparecerán publicadas na web do centro. Cada unha das probas terá unha parte teórica escrita (30%) e outra práctica (70%). ë imprescindible traer a roupa deportiva para realizar a parte práctica.

¿ En Xaneiro: (50%)
- ¿ O quentamento
- ¿ As capacidades físicas
- ¿ Alimentación saudable

¿ En Maio: (50%)
- ¿ A postura corporal
- ¿ Primeiros auxilios
- ¿ Os deportes
- ¿ Composición corporal con base musical: representación de escenas ou bailes

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo á Orde do 8 de setembro que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado.

- Con carácter xeral, para adecuarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades, contémplanse actividades de reforzo e ampliación con tempos flexibles e aprendizaxe cooperativa en grupos heteroxéneos.

Ademais do diferente ritmo de aprendizaxe do alumnado e o nivel de competencia motriz, os casos máis frecuentes na materia de Educación Física que necesitan unha atención á diversidade son:

- Alumnado repetidor (coa materia aprobada / coa materia suspensa). Este alumnado, maioritariamente coa materia superada, pode colaborar co profesorado en actividades de microensinanza participando como alumno avantaxado en determinados contidos. Esa actuación será valorada polo profesorado con táboas de indicadores específicas.
- Alumnado con diferente nivel de competencia motriz. Ao alumnado que teña baixo nivel de competencia motriz nos contidos dalgunha/s unidade/é didáctica/s, realizaránselle apoios e reforzos para favorecer tanto a súa práctica como a súa aprendizaxe. De ser necesario, adaptaránselle os tempos e os procedementos de avaliación.
- Alumnado lesionado ou incapacitado temporalmente para realizar a práctica. No caso deste alumnado con necesidades educativas especiais poñeranse en marcha os apoios e as atencións educativas específicas necesarias para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe. Nestes casos, asignarase un rol en función da UD que garanta que participa e logra os obxectivos fixados: avaliador, xuíz/árbitro e axudante serán os roles máis utilizados. A avaliación da súa práctica realizarase a través de táboas de indicadores específicas. A este alumnado, de ser o caso, en función das súas necesidades de atención á diversidade adaptaránselle tanto os tempos como os procedementos de avaliación.
- Alumnado que promociona coa materia sen superar. Neste caso elaborarase un Plan de reforzo adaptado ás súas particularidades. De todos os apartados do plan, destacamos as tarefas para realizar e a súa temporalización, así como os procedementos de seguimento e avaliación.
- Alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis lento podemos poñer en marcha:

- Adaptacións metodolóxicas en canto ao estilo de ensinanza: empregar formas de organizar a clase individualizadas, realización de grupos de nivel naquelas actividades que así o requiran, etc...
- Adaptacións metodolóxicas en canto á técnica de ensinanza: comunicar só os aspectos máis importantes do modelo, presentar o modelo de forma máis personalizada. Procurar deseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido...
- Adaptacións metodolóxicas en canto ás estratexias pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual, ampliación do tempo para alcanzar un determinado contido (polo que se establecerán progresións máis próximas á súa aptitude física). Reforzo permanente dos logros acadados para elevar a súa autoestima-autoconcepto, creación dun clima na aula na que o alumno/a non tema expresar as súas dificultades. Simplificación das actividades e adaptación das regras de xogo.

- Alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis rápido, podemos:

- Plantexar actividades de ampliación que lles permitan profundar nos diversos contidos alcanzando obxectivos superiores.
- Implicar a este alumnado en programas de acción titorial con compañeiros/as que teñan dificultades na súa aprendizaxe.

- Alumnado con necesidades específicas de atención educativa: (a valorar segundo os cursos)

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de orientación do centro.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - CCL- C. Comunicación lingüística	X							X
ET.2 - CP- C. Plurilingüe					X			
ET.3 - STEM - C. Matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría	X	X						
ET.4 - CD - Competencia dixital	X	X			X			X
ET.5 - CPSAA - C. Persoal, social e de aprender a aprender	X	X		X	X	X	X	X
ET.6 - CC - C. Cidadá	X	X		X	X	X	X	X
ET.7 - CE - Competencia emprendedora								
ET.8 - CCEC - C. Conciencia e expresión culturais								

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - CCL- C. Comunicación lingüística				X	
ET.2 - CP- C. Plurilingüe					
ET.3 - STEM - C. Matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría					
ET.4 - CD - Competencia dixital					
ET.5 - CPSAA - C. Persoal, social e de aprender a aprender	X	X	X	X	X
ET.6 - CC - C. Cidadá	X	X	X	X	X
ET.7 - CE - Competencia emprendedora	X				
ET.8 - CCEC - C. Conciencia e expresión culturais			X		

Observacións:

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Sendeirismo polo medio natural: Ruta da pedra e da auga.	Marcha sendeirista pola Ruta da pedra e da auga.	X		
Coñecemos os clubes da nosa contorna	Clubes deportivos que visitan o centro educativo.	X	X	X
Patinaxe sobre xeo	Patinaxe sobre xeo	X		
Orientación no medio natural	Orientación na contorna			X
Actividade de orientación pola contorna	Actividade de orientación pola Illa das Esculturas ou Mirador de Monteporreiro.		X	
Actividade no medio natural: actividades en altura (puentes colgantes, tirolina, rocódromo). Galipark/Ecoparque.	Visita ao Ecoparque Marín ou a Galipark			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Rexistro da temporalización das UDs ao longo do curso: cambios realizados, motivos/causas dos cambios, valoración das modificacións.
Autoavaliación do alumnado; implicación, motivación, esforzo, actitude, respeto,...
Metodoloxía empregada
Análise persoal do deseño e desenvolvemento das UDs: actividades, instrumentos de avaliación, criterios de cualificación, metodoloxía, recursos, etc.
Análise e valoración dos recursos metodolóxicos utilizados: adecuación e variedade.
Realización das tarefas adaptadas. Adecuación ás particularidades individuais. Consecución dos obxectivos
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Valoración e análise dos resultados académicos ao longo do curso e das UDs
Rexistro diario sobre os resultados das sesións, adaptacións e modificacións
Valoración e adecuación dos recursos utilzados nas UDs
Clima de traballo na aula
Enquisa ao alumnado sobre as UDs
Rexistro de actitudes e comportamentos do alumnado, motivación, respeto e colaboración, etc.
Autorreflexión docente sobre a comunicación na aula e as relacións co alumnado.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Rexistro das reunións co departamento e cos docentes de aula e toma de decisións.
Rexistro das comunicación enviadas ás familias a través de diferentes vías: telefónicas, abalar ou papel.
Rexistro das entrevistas coas familias e valoración da materia por parte do alumnado.

Descrición:

Utilizaremos diferentes instrumentos: rexistros, cuestionarios, enquisas, entrevistas, listaxes de control, reflexións, observador externo ou ben comparar a experiencia con outros compañeiros e compañeiras docentes.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación realizarase a través da sección de "Seguimento" da Aplicación PROENS. Nesta sección indicarase a data de inicio e fin da UD, o número de sesións previstas, o número de sesións realizadas, o grao de cumprimento da programación (baixo-medio-alto), as propostas de mellora e calquera observación que se considere oportuna.

- Proponse facer o seguimento e a avaliación da programación nos seguintes prazos:
  - Ao remate de cada UD: avaliarase a eficacia das actividades plantexadas, a consecución de obxectivos por parte do alumnado, as dificultades atopadas, as necesidade de medidas de reforzo, os materiais e recursos empregados, outros instrumentos, etc.
  - Unha vez ao mes, na reunión do departamento, realizarase o seguimento da programación didáctica e estableceranse as medidas correctoras que, de ser o caso, se estimen necesarias.
  - Ao finalizar o trimestre, onde analizaranse as unidades didácticas levadas a cabo, factores favorables e dificultades atopadas na temporalización das mesmas e resultados acadados polo alumnado. No caso de que quedara sen impartir algunha UD, o seu peso repartirase equitativamente entre o resto de UU.DD. impartidas no trimestre.
  - Ao finalizar o curso escolar.

As propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e unha vez discutido no seno do departamento (reorientarán as estratexias para desenvolver contidos, reforzarán aspectos varios, variarán procedementos, etc....) sempre buscando a optimización do proceso e o aproveitamento dos recursos. Estas propostas deberán quedar reflictidas na memoria final do departamento.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Física e química	2º ESO	3	105

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 7

4.1. Concrecións metodolóxicas 21

4.2. Materiais e recursos didácticos 21

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 21

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 22

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 23

6. Medidas de atención á diversidade 23

7.1. Concreción dos elementos transversais 25

7.2. Actividades complementarias 27

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 28

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 28

9. Outros apartados 29

1. Introdución

O currículo da materia de Física e Química persegue que o alumnado se atope en disposición de desenvolver o pensamento científico, para así enfrontarse aos posibles problemas desa natureza presentes na sociedade e gozar dun coñecemento máis profundo do mundo que o rodea.
Por esta razón, os obxectivos desta materia inciden en comprender os motivos polos que ocorren os principais fenómenos fisicoquímicos da contorna e en interpretalos en termos das leis e teorías científicas, expresar en forma de preguntas as observacións realizadas, formular hipóteses para explicalas e verificalas, manexar con soltura as regras e normas básicas da física e da química, potenciar o crecemento dunha comunidade científica crítica, ética e eficiente e entender a ciencia como unha construción colectiva en continuo cambio e evolución.
Respecto da avaliación, os criterios están orientados, con carácter prioritario, ao desempeño dos procesos cognitivos asociados ao pensamento científico.
A materia estrutúrase nos que tradicionalmente foron os grandes bloques de coñecemento da física e da química: a materia, a enerxía, a interacción e o cambio. Ademais, este currículo propón a existencia dun bloque de contidos que fai referencia ás metodoloxías da ciencia e á súa importancia no desenvolvemento desta e que constitúe o eixe metodolóxico da materia, sendo necesario traballalo simultaneamente con cada un dos restantes.
Procurarase a atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo cando se detecten dificultades e no uso de distintas estratexias metodolóxicas que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan tanto o traballo individual coma o cooperativo e o colaborativo.
Así mesmo, formarán parte da metodoloxía a realización de tarefas de carácter experimental así como situacións-problemas formuladas cun obxectivo concreto que o alumnado debe resolver facendo un uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores. Tamén terán relevancia a resolución colaborativa e cooperativa de problemas.
Para dar resposta ao indicado no CA1.6 "Traballar de forma adecuada e con medios variados, tradicionais e dixitais, na consulta de información e na creación de contidos, seleccionando con criterio as fontes máis fiables e adecuadas mellorando a aprendizaxe propia e colectiva" poporase algún traballo de busca de información.
No apartado de atención á diversidade recóllense outras moitas concrecións metodolóxicas que deberán especificarse na programación de aula.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos: Aula, aula virtual, encerado dixital, laboratorio equipado, ordenadores, teléfonos móbiles, recursos audiovisuais, recursos informáticos e todo tipo de recursos de papelería, láminas, carteis, etc.
Materiais: Libro de texto/apuntamentos, vídeos e textos elaborados polo profesorado e/ou alumnado, presentacións audiovisuais, material dixital seleccionado, material de laboratorio adecuado ás prácticas deseñadas, modelos moleculares, etc.

A maioría do material e dos recursos descritos non precisan descrición.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante os primeiros días do mes de setembro, preferiblemente antes do comezo da actividade lectiva, realizarase un rexistro da información relevante sobre o alumnado matriculado na materia:
- Materias pendentes ou repetición.
- Necesidades educativas especiais ou análogos.
- Outros aspectos de importancia que poden afectar ao proceso de aprendizaxe.
- Posibilidade de facer unha proba de nivel a finais de setembro.

Nos primeiros días lectivos, farase unha proba escrita ou desenvolver algunha tarefa que permita medir o nivel competencial do alumnado. Prestarase especial atención aos resultados do alumnado de nova incorporación ao centro.
En calquera caso, durante a primeira sesión de cada unidade didáctica o profesorado avaliará a situación de partida de todo o alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	14	15	15	14	14	14	14
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	70
Táboa de indicadores	30

Criterios de cualificación:

En cada avaliación teremos:
- Unha nota de probas específicas (exames) (70%).- Faranse dúas probas por avaliación, cada unha delas correspondente a unha parte dos contidos e estándares do trimestre. O profesor fará constar no exame a puntuación de cada problema e/ou cuestión nos que se avalíe o grado de consecución das competencias. As probas escritas representarán o 70% da nota da avaliación. E dicir, haberá unha nota resultado da media das probas realizadas que terá un valor máximo de 7 puntos.
- Unha nota da producción propia do alumnado (20%) Valoraranse os traballos realizados polos alumnos, entre os que se inclúen informes de prácticas de laboratorio, exposicións orais, entregas de exercicios e calquera outra producción do alumnado. Estas produccióǹs serán valoradas mediante rúbrica de corrección. segundo os intems traballados na propia tarefa.
- Unha nota de observación sistemática (10%) Aquí o profesor valorará , con rúbrica ao efecto , co caderno do profesor ou con ambos, o grao de implicación do alumnado no proceso educativo , a sua participación na aula, a súa implicación no traballo realizado no laboratorio, etc. Se por algunha circunstancia xustificada (falta prolongada , traballos voluntarios non realizados , etc) non hai nota de laboratorio e/ou da producción propia do alumnado, estas porcentaxes sumaríase á porcentaxe das probas específicas.
Se a nota calculada con esas porcentaxes é igual ou maior de 5 , a avaliación considérase aprobada.
Unha vez feitas as avaliacións e as recuperacións correspondentes, farase a media da mellor nota obtida en cada avaliación (na propia avaliación , nas recuperacións, nas subidas de nota ou na recuperación final). O alumnado que ten unha media redondeada de 5 ou máis terá a materia aprobada, sendo a súa nota a media obtida. O alumnado que ten unha media redondeada de menos 5 terá a materia suspensa, sendo a súa nota a media obtida.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non acade un 5 na 1ª ou na 2ª avaliación terá a posibilidade de realizar unha proba escrita de recuperación da mesma durante a segunda ou terceira avaliación respectivamente. Os contidos desta proba de recuperación serán os contidos básicos que foron abordados na 1ª ou 2ª avaliación respectivamente. Debe terse en

conta que esta proba escrita só recupera a parte correspondente ás probas específicas. Para obter a nota de recuperación haberá que sumar ponderadamente as notas dos outros apartados obtidos durante o trimestre correspondente. A avalaición considerarase recuperada se se acada deste xeito unha nota igual ou superior a 5.
Antes da 3ª sesión de avaliación, o alumnado que teña algunha avaliación suspensa, deberá recuperala. Para isto fará unha proba final por avaliacións referida aos contidos das avaliacións suspensas. A proba versará sobre os contidos básicos abordados en cada periodo e somentes recupera á parte correspondente as probas específicas. A recuperación da 3ª avaliación faise nesta proba final por avaliacións.
Unha vez feito isto, farase a media da mellor nota obtida en cada avaliación (na propia avaliación, na subida de nota, nas recuperacións ou na recuperación final).
O alumnado que ten unha media redondeada de menos de 5, terá a materia suspensa sendo a súa nota a media obtida.
Para o caso do alumnado con tres avaliacións suspensas, a proba final será unha escolla dos exercicios das tres avaliacións e terá unha única nota, aprobando o curso se esta nota é de 5 ou máis, poñéndoselle como nota final a nota da proba mencionada. Se a nota da proba final é inferior a 5, poñeráselle como nota da avaliación ordinaria a mellor entre a nota media das avaliacións ou a nota final da proba.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A materia dividirase en dúas partes e farase un exame de cada unha delas nas datas que estableza o Equipo Directivo. Ademais, o alumnado deberá entregar unha serie de actividades referidas a cada unha das dúas partes da materia (con data límite a mesma de cada exame).
Crearase un curso no Edixgal, onde se irá subindo o material necesario para preparar a materia e, mediante o cal, se poderán entregar as tarefas propostas. As tarefas tamén se poderán entregar en man á profesora responsable da materia.
O alumnado terá á súa disposición, cando así o solicite, unha reunión de seguimento semanal coa profesora responsable a realizar nun dos recreos.
Os criterios de cualificación que se lles aplican ás probas e ao plan de traballo serán: Probas escritas: 70% Actividades entregadas ao longo do curso: 30%
Se o alumno ou alumna non aproba a primeira parte da materia, deberá examinarse de toda a materia na segunda data de exame, así como entregar as actividades que non entregara na primeira data.
A nota final da materia será a media ponderada das notas obtidas en cada parte. No caso de que o alumno ou alumna non superase a primeira parte da materia e se examine na segunda data de todo, a nota final será a media ponderada da nota obtida nesta proba final e as actividades entregadas ao longo do curso.

6. Medidas de atención á diversidade

Garantirase a adecuada atención á diversidade no marco do modelo de Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA). Por tanto, desenvolverase o currículo atendendo aos tres principios fundamentais que guían o DUA:

1- Proporcionar múltiples formas de representación.
2- Proporcionar múltiples formas de acción e expresión.
3- Proporcionar múltiples formas de implicación.

I. Proporcionar múltiples formas de representación.

PAUTA 1. Percepción.
1.1.- Ofrecendo diferentes formas de presentación. (Uso de materiais dixitais cuxa presentación poida ser personalizada).
1.2.- Ofrecendo alternativas á información auditiva. (Transcricións escritas, subtítulos, gráficos, énfases, etc.).
1.3.- Ofrecendo alternativas á información visual. (Proporcionar descricións).

PAUTA 2. Linguaxe, expresións matemáticas e símbolos.
2.1.- Clarificando vocabulario e símbolos. (Pre-ensinar o vocabulario e os símbolos, proporcionar descricións de texto alternativas aos mesmos, etc.).

2.2.- Clarificando sintaxe e estruturas. (Clarificar a sintaxe non familiar a través de alternativas tales como estruturas previas, modelos moleculares, mapas conceptuais, etc.).
2.3.- Facilitando a descodificación de textos, notacións matemáticas e símbolos. (Permitir o acceso a representacións múltiples de notación; por exemplo, fórmula e modelo molecular).
2.4.- Promovendo a comprensión entre diferentes idiomas. (Facer que a información clave estea dispoñible en varias linguas, utilizar tradutores).
2.5.- Ilustrando a través de múltiples medios. (Utilizar representacións simbólicas para conceptos clave).

PAUTA 3. Comprensión.
3.1.- Activando ou substituíndo coñecementos previos. (Utilizar organizadores como mapas conceptuais, métodos KWL, etc.).
3.2.- Destacando ideas principais e relacións.
3.3.- Guiando o procesamento da información, a visualización e a manipulación. (Eliminar elementos distractores, proporcionar múltiples formas de aproximarse ao obxecto de estudo).
3.4.- Maximizando a transferencia e a xeneralización. (Integrar ideas novas dentro de contextos xa coñecidos, proporcionar situacións que permitan a xeneralización da aprendizaxe).

II. Proporcionar múltiples formas de acción e expresión.

PAUTA 4. Interacción física.
4.1.- Variando métodos para resposta e navegación. (Proporcionar alternativas para dar respostas físicas).
4.2.- Optimizando o acceso ás ferramentas e os produtos e tecnoloxías de apoio. (Proporcionar acceso a teclados alternativos).

PAUTA 5. A expresión e a comunicación.
5.1.- Usando múltiples medios de comunicación. (Resolver problemas utilizando distintas estratexias, utilizar redes sociais, etc.).
5.2.- Usando múltiples ferramentas para a construción e a composición. (Usar correctores ortográficos, proporcionar calculadoras, páxinas web de formulación, etc.).

PAUTA 6. As funcións executivas.
6.1.- Guiando o establecemento adecuado de metas. (Poñer exemplos de procesos e definición de metas, proporcionar apoios para estimar a súa consecución, visualizar as metas, etc.).
6.2.- Apoiando a planificación e o desenvolvemento de estratexias. (Usar freos cognitivos, chamadas a parar e pensar, revisar portafolio ou similares, proporcionar listas de comprobación para establecer prioridades, etc.).
6.3.- Facilitando a xestión de información e recursos. (Proporcionar organizadores gráficos para recollida e organización de información).
6.4.- Aumentando a capacidade para facer un seguimento dos avances. (Facer preguntas guía, mostrar representacións dos progresos, proporcionar modelos de autoavaliación, etc.).

III. Proporcionar múltiples formas de implicación.

PAUTA 7. Opcións para captar o interese.
7.1.- Optimizando a elección individual e a autonomía. (Proporcionar ao alumnado posibilidades de elección no contexto ou contidos utilizados para a avaliación das competencias, das ferramentas para recoller e producir información, das secuencias e tempos para completar as tarefas, etc.).
7.2.- Optimizando a relevancia, o valor e a autenticidade. (Deseñar actividades e propoñer fontes de información para que poidan ser personalizadas, socialmente relevantes, culturalmente significativas, actividades con resultados comunicables, que permitan a investigación, que fomenten o uso da imaxinación, etc.).
7.3.- Minimizando a inseguridade e as distraccións. (Crear un clima de apoio, reducir os niveis de incerteza creando rutinas de clase, variando os niveis de estimulación sensorial para que a aprendizaxe poida ter lugar).

PAUTA 8. Opcións para manter o esforzo e a persistencia.
8.1.- Resaltando a relevancia das metas. (Pedir ao alumnado que formule o obxectivo de forma explícita, fomentar a división de metas en obxectivos a curto prazo, involucrar aos alumnos e as alumnas en debates de avaliación, etc.).
8.2.- Variando as esixencias e os recursos para optimizar os desafíos. (Diferenciar o grao de complexidade con que poden completar as tarefas, proporcionar ferramentas alternativas, facer fincapé no proceso, etc.) .
8.3.- Fomentando a colaboración e a comunidade. (Crear grupos cooperativos, proporcionar indicadores para pedir apoio a compañeiros e compañeiras, fomentar as oportunidades de interacción, etc.).

8.4.-Utilizando o feedback orientado cara á excelencia nunha tarefa. (Proporcionar feedback que saliente o esforzo, que sexa informativo e non competitivo, que fomente a perseveranza, etc.).

PAUTA 9. Opcións para a autorregulación.
9.1.- Promovendo expectativas e crenzas que optimicen a motivación. (Proporcionar avisos, listas, rúbricas que se centren en obxectivos de autorregulación, proporcionar apoios que modelen o proceso para establecer metas persoais, apoiar actividades que propicien a autoreflexión, etc.).
9.2.- Facilitando estratexias e habilidades para afrontar problemas da vida cotiá. (Proporcionar modelos para xestionar a frustración e buscar apoios emocionais, manexar adecuadamente as fobias, usar situacións reais para demostrar habilidades e para afrontar os problemas, etc.) .
9.3.- Desenvolvendo a auto-avaliación e a reflexión. (Desenvolver actividades que inclúan medios que permitan ao alumnado obter feedback que favorezan o recoñecemento do progreso e permitan controlar os cambios na conduta dos alumnos e as alumnas).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión lectora e expresión escrita, mediante a busca de información (textos, gráficas, táboas) e a súa posterior presentación. Terá especial interese a presentación das prácticas de laboratorio e dos exercicios de argumentación, que seguirán as formas das publicacións científicas. Este elemento está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.6.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral traballarase nas presentacións sobre diferentes temáticas (obtención de enerxía eléctrica, tratamento de augas residuais, etc.), así como en pequenos debates e similares. A súa avaliación precisa o uso dunha rúbrica. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA2.4, CA3.5, CA4.	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.3 - Comunicación audiovisual. Como se indicou no apartado de concrecións metodolóxicas, promoverase o modelo de aula invertida (ou modificacións del utilizando alternativas ao vídeo en consonancia co DUA). Non só se fomentaría o uso pasivo do vídeo por parte do alumnado senón tamén como creadores dese tipo de materiais.	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital, mediante o uso da aula virtual, a produción de informes ou a presentación de proxectos empregando procesadores de texto e programas de presentación, respectivamente, a busca de información en internet, ou as aplicacións interactivas sobre formulación e similares. Este elemento está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.5 e CA1.6.	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento, especialmente no deseño de experiencias e proxectos de investigación así como na proposta de hipóteses e a comprobación destas, na proposta de accións de mellora na sociedade, na capacidade de liderado do grupo... Este elemento está relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.1 e CA1.8.	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico é consubstancial á materia e trabállase na totalidade desta, especialmente nos exercicios de argumentación fronte a distintos enunciados a partir das probas dispoñibles. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.1.	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.7 - Educación emocional e en valores, mediante a relación entre os membros da comunidade educativa, atendendo ao alumnado desde a empatía e a comprensión, fomentando o respecto nas actuacións que se leven a cabo, chegando a acordos, co cumprimento das normas, deseñando e desenvolvendo protocolos de resolución de conflitos, etc. Está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.7.	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero, no día a día mediante o trato igualitario entre os membros da comunidade educativa independentemente do seu xénero e establecendo interaccións coeducativas en consonancia con CA1.7. A linguaxe será non sexista e coidarase, neste aspecto, a redacción e selección dos textos. Subliñar a contribución das mulleres á ciencia e concretamente facelo relacionado no CA1.9.	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Á creatividade élle de aplicación o indicado para o fomento do espírito crítico e científico e para o emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1. Charlas de divulgación científica das universidades galegas.	En función da dispoñibilidade. Investigadores dalgunha universidade galega das facultades de Física ou Enxeñería imparten unha charla sobre aspectos de interese para a materia.		X	
2. Visita a algún centro de	2. Visita a algún centro de investigación das universidades galegas ou lugares de interese como algunha central eléctrica.			X

Observacións:

Todas as actividades dependerán da dispoñibilidade dos centros.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1.-Adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado. Usando como indicador de logro o éxito académico e ponderando entre 1 e 4 segundo: 1 (<50%)2(<75%, >50%) 3 (<90%, >75%) e 4 (>90%).
2.-Aprendizaxes acadadas polo alumnado. Usando como indicador de logro o éxito académico, ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<50%)2(<75%, >50%) 3 (<90%, >75%) e 4 (>90%).
3.-As medidas de atención á diversidade dentro da aula. Usando como indicador de logro a porcentaxe de medidas de atención á diversidade recollidas no apartado 6 desta programación, para cada una das PAUTAS que foron desenvolvidas, e ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<50%) 2(<75%, >50%) 3 < (90%, >75%) 4 (>90%).
4.-Desenvolvemento da programación didáctica. Usando como indicador de logro o grao de desenvolvemento e adecuación daquela e ponderando entre 1 e 4 segundo: 1 (desenvolveuse < 90% e menos de 3 nalgún dos anteriores ítems); 2 (desenvolveuse o 100% e menos de 3 nalgún dos anteriores ítems); 3 (desenvolveuse > 90% e máis de 3 nos anteriores ítems); 4 (desenvolveuse o 100% e máis de 3 nos anteriores ítems).
5.-Organización da aula para executar as programacións. Usando como indicador a accesibilidade do alumnado, conforme ao que se recolle no apartado de descrición, e ponderando entre 1 e 4 segundo a porcentaxe de respostas afirmativas: 1(<50%), 2(<75%, >50%), 3 (<90%, >75%), 4(>90%).
6.-Aproveitamento dos recursos dispoñibles no centro e no contorno para desenvolver as programacións. Usando como indicador o aproveitamento de recursos medido conforme ao que se recolle no apartado de descrición e ponderando entre 1 e 4 segundo o número de respostas afirmativas: 1(<3), 2 (3), 3(4) e 4(>5).
7.-Procedementos de avaliación do alumnado. Usando como indicador a eficacia da retroalimentación, medida conforme e ao que se recolle no apartado de descrición e ponderando entre 1 e 4 segundoa porcentaxe de respostas afirmativas: 1(<50%), 2(<75%, >50%), 3 (<90%, >75%), 4(>90%).
8.-Coordinación do profesorado. Usando como indicador a coordinación do profesorado, medido conforme ao que se recolle no apartado de descrición e ponderando entre 1 e 4 segundo o número de respostas afirmativas: 1(<2), 2 (2), 3(3) e 4(4).

Descrición:

Dous indicadores de logro fundamentais
- Os resultados academicos acadados polo alumnado.- Con él valoraremos esencialmente a adecuación da programación e a metodoloxía

- A enquisa de valoración docente que se realiza cara o final do curso. Valoraránse con ela diferentes aspectos com o a metodoloxía , a utilización de recursos disponibles , o clima de aula etc

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación didáctica realizarase periodicamente nas distintas reunións de departamento e a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens. Para cada UD comprobaranse as datas de inicio e final, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grao de cumprimento do programado para a unidade. No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións oportunas.
Finalizado o curso, tendo en consideración os resultados da avaliación do proceso de ensino e práctica docente, estableceranse as propostas de modificación da programación de cara ao seguinte curso, que serán recollidas na memoria final do departamento.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	2º ESO	3	105

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 5

4.1. Concrecións metodolóxicas 17

4.2. Materiais e recursos didácticos 17

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 17

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 18

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 19

6. Medidas de atención á diversidade 19

7.1. Concreción dos elementos transversais 19

7.2. Actividades complementarias 20

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 20

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 21

9. Outros apartados 21

1. Introdución

O IES Luís Seoane está situado na urbanización de Monte Porreiro pertencente á cidade de Pontevedra. Nel impártense, en réxime de diúrno e nocturno, ciclos; ademais de ESO y BACH en diúrno. O IES concibe a educación como servizo público ao que teñan acceso todos os cidadáns en condicións de equidade e xustiza. Unha educación asentada en valores compartidos e na consecución de obxectivos consensuados, que axuden a superar as barreiras físicas, intelectuais e socioeconómicas, que promova a igualdade de xénero, que se asente na cultura do esforzo e da cooperación e que sirva para aprender a vivir xuntos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Gestos que hablan. Un museo en el bolsillo.	- O diálogo planificado e non planificado. - Familias lingüísticas e tipos de linguas. - As clases de palabras. - As relación semánticas. - A formación de palabras. - A linguaxe literaria e os recursos poéticos.	17	17	X		
2	La ilusión nos mueve. Construír un sentido.	- A narración e a descrición na narración. - As linguas de España. As variedades dialectais e o español de América. - Os sintagmas nominal adxectival e preposicional. - Personaxes e grandes temas da literatura.	17	17	X		
3	Culturas compartidas. Leer para cuidarnos,	- A exposición. - Os sintagmas verbais e adverbiais. - O verso, a métrica e as estrofas.	17	18		X	
4	En torno a lo digital. Aciertos y errores.	- Textos na rede. - O enunciado e a oración. A estrutura da oración: suxeito e predicado. Verbos copulativos e predicativos. O atributo e o complemento predicativo. - O xénero e os subxéneros líricos.	16	18		X	
5	Más allá del titular. Entre dos mundos.	- Os medios de comunicación. A noticia. - Os complementos do verbo: complemento directo, complemento indirecto, complemento de réximen, complemento circunstancial e complemento axente. - O xénero e os subxéneros narrativos.	16	18			X
6	Poder de persuasión. Para entendernos.	- A publicidade en distintos formatos. - Enunciados e modalidades oracionais. - O xénero e os subxéneros teatrais.	17	17			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Gestos que hablan. Un museo en el bolsillo.	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado deberá comprender, interpretar e valorar textos escritos recoñecendo o seu sentido global e a información relevante, con especial atención ás propiedades textuais.	PE	70
CA3.1 - Realizar exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias do xénero discursivo, con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado deberá realizar unha exposición oral sobre un tema educativo con fluidez e coherencia. Prestará atención ás propiedades textuais, á dicción, á quinésica, á proxémica e ó control do tempo.		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e dos instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado deberá producir textos escritos atendendo ás súas características formais.		
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado será capaz de comprender e analizar as ideas fundamentais dos textos, interpretando correctamente a intencionalidade do emisor e a situación comunicativa descrita na obra.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado debe enriquecer os seus textos atendendo aos aspectos relacionados coa lingua.		
CA1.1 - Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, identificando as nocións básicas das linguas, tanto de España como das que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algúns dos seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado deberá explicar tanto a orixe como o desenvolvemento histórico e sociolingüístico do galego e do castelán. Tamén terá que identificar os trazos dos dialectos do castelán.	TI	30
CA1.2 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal partindo da análise da diversidade lingüística da contorna.	O alumno debe valorar a riqueza lingüística da contorna.		
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, así como a manipulación a través da palabra, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumno non debe realizar manipulacións da linguaxe para evitar posibles discriminacións.		
CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	O alumnado deberá recoñecer e analizar as propiedades textuais.		
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado debe mellorar a comprensión lectora de forma paulatina, partindo de textos sinxelos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado deberá relacionar a elección de determinadas palabras en función do propósito comunicativo e identificar os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Aproximación ás linguas de signos.
- Iniciación á reflexión interlingüística.
- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e exploración de formas de evitalos.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás dialogadas e expositivas.
- Análise das propiedades textuais en textos sinxelos: coherencia, cohesión e adecuación.
- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses).
- Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Respecto polas propiedades textuais nos escritos propios: coherencia, cohesión e adecuación.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses).
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada, a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre os cambios no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	La ilusión nos mueve. Construír un sentido.	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado deberá comprender, interpretar e valorar textos escrito recoñecendo o seu sentido global e a información relevante.	PE	60
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado debe mellorar a comprensión lectora de forma paulatina, partindo de textos sinxelos.		
CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais acerca de obras literarias, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado deberá participar de forma activa e adecuada en interaccións orais informais, mantendo actitudes de escoita activa e cortesía lingüística.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Enriquecemenro dos textos propios gracias ao coñecemento da lingua.		
CA5.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	O alumno debe contrastar a información procedente das diferentes fontes.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumno ha de recoñecer os aspectos básicos do funcionamento da lingua.		
CA1.1 - Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, identificando as nocións básicas das linguas, tanto de España como das que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algúns dos seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado deberá explicar tanto a orixe como o desenvolvemento histórico e sociolingüístico do galego e do castelán. Tamén terá que identificar os trazos dos dialectos do castelán.	TI	40
CA1.2 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal partindo da análise da diversidade lingüística da contorna.	O alumno debe valorar a riqueza lingüística da contorna.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, así como a manipulación a través da palabra, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumno non debe realizar manipulacións da linguaxe para evitar posibles discriminacións.		
CA2.8 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado deberá relacionar a elección de determinadas palabras en función do propósito comunicativo e identificar os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.	O alumno debe resolver os seus conflitos a través do diálogo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Comparación de trazos das principais variedades dialectais do castelán, con especial atención á do propio territorio.
- Iniciación á reflexión interlingüística.
- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e exploración de formas de evitalos.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.
- Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. Orde das palabras e concordancia.

UD	Título da UD	Duración
3	Culturas compartidas. Leer para cuidarnos,	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado deberá comprender, interpretar e valorar textos escritos recoñecendo o seu sentido global e a información relevante, con especial atención ás propiedades textuais.	PE	70
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado debe mellorar a comprensión lectora de forma paulatina, partindo de textos sinxelos.		
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, mostrando precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumno ha de enriquecer os seus textos en todos os planos da lingua.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.	O alumno debe resolver os seus conflitos a través do diálogo.		
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	En textos de certa complexidade, o deberá localizar os principais recursos expresivos e características da linguaxe literaria presentes neles e valorar o seu efecto sobre o receptor.		
CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumno debe mellorar a realización dos seus textos, a partir dunha reflexión sobre a lingua.		
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado deberá elaborar conclusións sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas, con especial atención ó significado das palabras e ás relacións semánticas.		
CA3.1 - Realizar exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias do xénero discursivo, con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado deberá realizar unha exposición oral sobre un tema educativo con fluidez e coherencia. Prestará atención ás propiedades textuais, á dicción, á quinésica, á proxémica e ó control do tempo.	TI	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado, adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado deberá participar de forma activa e adecuada en interaccións orais informais, mantendo actitudes de escoita activa e cortesía lingüística, e respectando os principios de cohesión, coherencia e adecuación.		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás dialogadas e expositivas.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo: a exposición.
- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Creación de secuencias textuais, con especial atención ás dialogadas e expositivas.
- Xéneros discursivos do ámbito educativo: elaboración de exposicións orais e escritas.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Emprego de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.

Contidos
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre os cambios no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
4	En torno a lo digital. Aciertos y errores.	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado deberá comprender e interpretar textos orais para recoñecer a intención do emisor, a información relevante.	PE	60
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	O alumnado deberá localizar, seleccionar e contrastar información de distintos medios de forma progresivamente autónoma.		
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e coa comunicación da información.	O alumnado deberá seleccionar e reseñar correctamente as fontes de consulta empregadas no seu traballo evitando situacións de plaxio.		
CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preselección guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado deberá ser capaz de ler de forma autónoma obras próximas ós seus gustos e comprender e expresar o contido das mesmas.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumno debe ter as ferramentas necesarias para crear textos de intención literaria.		
CA5.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	O alumno ha de ser crítico coa información que obtén de diferentes soportes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado deberá reflexionar sobre a forma e o contido dun texto oral valorando a súa eficacia comunicativa.	TI	40
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado, adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado deberá participar de forma activa e adecuada en interaccións orais informais, mantendo actitudes de escoita activa e cortesía lingüística, e respectando os principios de cohesión, coherencia e adecuación.		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.	O alumnado realizará realizará pequenas presentacións en distintos formatos de xeito sintético e visual.		
CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais acerca de obras literarias, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado deberá participar de forma activa e adecuada en interaccións orais informais, mantendo actitudes de escoita activa e cortesía lingüística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.
- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento, comunicación e difusión creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e de recursos na rede para a realización de proxectos escolares.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.

Contidos
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector. - Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados, ou ben oralmente entre iguais. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. Orde das palabras e concordancia.

UD	Título da UD	Duración
5	Más allá del titular. Entre dos mundos.	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado deberá utilizar axeitadamente os dicionarios e manuais de consulta para mellorar os textos propios desde o punto de vista estilístico.	PE	65
CA4.7 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado deberá identificar tópicos e temas medievais e relacionalos ca actualidade.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá enriquecer os seus textos no aspecto lingüístico.		
CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Proposta de mellora dos textos propios a partir dunha reflexión sobre a lingua.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado deberá relacionar a elección de determinadas palabras en función do propósito comunicativo e identificar os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto.	TI	35
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado, adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado deberá participar de forma activa e adecuada en interaccións orais informais, mantendo actitudes de escoita activa e cortesía lingüística, e respectando os principios de cohesión, coherencia e adecuación.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	Relación entre unha obra literaria e a biografía do autor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Detección dos recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deíxe (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados e da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

UD	Título da UD	Duración
6	Poder de persuasión. Para entendernos.	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado deberá comprender, interpretar e valorar textos escritos recoñecendo o seu sentido global e a información relevante, con especial atención ás propiedades textuais.	PE	60
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos á obra e ao xénero e subxénero.		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elaboración de traballos de investigación en diferentes soportes e sobre calquera tema académico.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Detección dos recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deíxe (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Utilización de recursos lingüísticos para amosar a implicación do emisor nos textos: formas de deíxe (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A área de Lingua Castelá e Literatura é unha materia das denominadas instrumentais polo que no traballo de aula o docente manexa dous obxectivos fundamentais: a consecución de obxectivos a través dos contidos de currículo e o desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe dos alumnos noutras áreas. Neste proceso cumpre o entrenamento individual e o traballo reflexivo de procedementos básicos da asignatura: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación, en que son obviamente extrapolabeis a outras áreas e contextos de aprendizaxes. Nalgúns aspectos da área, fundamentalmente naqueles que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o traballo en grupo colaborativo aporta, ademais do entrenamento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmellorábel para entrenar a competencia comunicativa. Desde o coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes nos alumnos, o desenvolvemento de actividades desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos podan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe. Na área de Lingua Castelá e Literatura é indispensábel a vinculación a contextos reais, e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumno. Para iso, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e cercanas aos alumnos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto da materia
Material elaborado polo docente
Dicionarios en rede
Páxinas web de recursos educativos
Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias
Plataforma Edixgal

Nesta materia empregaremos materiais en soporte de papel e dixital. Contaremos co libro de texto escollido no Departamento didáctico, "Revuela" (ed. SM); e materiais variados que se subirán á plataforma Aula Virtual. De igual modo, a Aula Virtual empregaráse non só para a consulta de recursos, senón para a entrega e elaboración de diversas tarefas.
Por outra banda, desenvolverase un proxecto lector que abordará cada trimestre unha liña temática:
1º trimestre: Un viaje por la fantasía
2º trimestre: Donde reina el amor
3º trimestre: La historia es nuestra
Cada trimestre se ofrecerá a los alumnos un listado de títulos para que elijan uno de ellos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Instrumentos para realizar a avaliación inicial:
- Probas escritas.
- Intervencións orais.
- Observación do traballo na aula.
- Observación dos primeiros exercicios escritos no caderno do alumno a fin de avaliar e anotar a presentación, caligrafía, madurez, ortografía, coherencia¿etc.

- Análise de producións realizadas polo alumnado: resumes, cadernos de clase, resolución de exercicios, probas orais¿ e, en xeral, probas destinadas a coñecer o nivel de competencia curricular do alumno.
Criterios para a avaliación inicial:
Avaliarase basicamente o nivel de competencias alcanzadas nos ámbitos de:
- Comprensión e expresión oral: pronunciación (articula correctamente todos os sons), amplitude e propiedade léxica (emprega un vocabulario variado, preciso e apropiado).
- Comprensión e expresión escrita: claridade (entendese o que escribe), signos de puntuación e faltas de ortografía (escribe correctamente). Lectura comprensiva:
- Adecuada lectura mecánica, entende o que le, velocidade lectora.
- Atención e concentración: mantén a atención.
- Técnicas e hábitos de traballo intelectual: uso de procedementos para aprender a aprender, planificar e programar adecuadamente o traballo, empregar técnicas de traballo intelectual máis usuais (subliñado, resumo, esquema, cadro sinóptico), presentar os exercicios con limpieza e claridad ou o coidado na conservación dos materiais escolares.
O coñecemento das características básicas e necesidades do alumnado vai permitir tomar unha serie de decisións relativas a:
- Planificar e programar as actividades lectivas.
- Seleccionar metodoloxías a empregar.
- Adoptar medidas de atención á diversidade. Planificar actividades de reforzo e ampliación, apoios educativos, intervención de orientación, etc.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**17**	**17**	**17**	**16**	**16**	**17**	**100**
Proba escrita	70	60	70	60	65	60	**64**
Táboa de indicadores	30	40	30	40	35	40	**36**

Criterios de cualificación:

Realizaranse ao longo do curso tres avaliacións. En cada unha delas usaranse as seguintes porcentaxes:
a) 60% probas escritas. (O acto de copiar nun exame considerarase un feito moi grave, que comportará a retirada do exame, tendo que repetilo.)
b) 10% a lectura dos libros.
c) 30% o traballo diario de clase, test Plickers ou Kahoots, lecturas, a realización dos exercicios no caderno de clase con orde e limpeza, actividades, traballos orais e escritos en clase, probas na aula virtual...
-As faltas de ortografía descontarán 0.10 puntos cada dúas da nota do exame, até un máximo de 2 puntos.
A nota final obterase da media das tres avaliacións. Para que esta se considere aprobada, débense conseguir 5 puntos.

Criterios de recuperación:

Ao longo do curso haberá tres avaliacións. A avaliación é continua, é dicir non se fará un exame de recuperación das avaliacións suspensas, senón que se recuperará aprobando a seguinte. Se un alumno/a suspende únicamente a terceira avaliación, farase a media coas demais avaliacións e, se supera coa calificación de 5, estará aprobada a materia.
So farán un examen global os alumnos/as que suspenderon a última avaliación e a media con as dúas primeiras avaliacións sexa por debaixo de 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para recuperar a materia pendente usaranse dous instrumentos en cada avaliación que veña marcada polo centro:
a. Caderniño: Para poder aprobar a asignatura é obrigatorio facer este caderniño que reciba a avalación de APTO. Con isto obtería un 5 na materia.
b. Proba escrita: É voluntaria e a súa finalidade é a de subir a nota obtida co caderniño. Debe aprobalo cun 5 e no caso de que queira subir nota irá subindo en función da puntuación obtida. Aquí a correlación de notas a partir do APTO (5) do cuadernillo:
5 e 5 --- Nota final 5
5 e 6 --- Nota final 6
5 e 7 --- Nota final 7
5 e 8 --- Nota final 8
5 e 9 --- Nota final 9
5 e 10 --- Nota final 10
O caderniño será entregado ao profesorado 15 días antes da data dos exames marcado polo calendario do centro. Pola súa banda o profesorado entregará ao alumnado con pendentes o primeiro caderniño na semana do 17 ao 22 de outubro. A nota final será a media das notas obtidas nos trimestres.

6. Medidas de atención á diversidade

Atenderase a: Necesidades dos grupos:
- Número de alumnos e alumnas.
- Funcionamento dos grupos (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- Fortalezas que se identifican nos grupos en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- Necesidades que se poideran identificar.
- Fortalezas que se identifican nos grupos en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar nos grupos nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo dos grupos.
Necesidades individuais. A avaliación inicial facilitaranos non só o coñecemento sobre os grupos como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos estudantes; a partir dela poderemos:
- Identificar os alumnos e as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Terase en conta a aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, ubicación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acotar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - ET.1 - ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X				
ET.2 - ET.2 - ET.2 - Educación cívica e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.3 - ET.3 - ET.3 - Formación estética.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.4 - ET.4 - ET.4 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - ET.5 - ET.5 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X
ET.6 - ET.6 - ET.6 - Liberdade de expresión	X	X	X	X	X	X
ET.7 - ET.7 - ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Proxectos relacionados coa paisaxe lingüística	Estudo da paisaxe lingüística da contorna do centro, por exemplo.	X		
Encontros con autores/as	Relacionados, se é posible coas obras lidas		X	
Saídas ó teatro	Acudir a representacións teatrais varias		X	X
Propostas puntuais e coordinadas	Pensadas para os días importantes do calendario escolar como o 25N, Día da paz, 8M...	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Temporalización das unidades didácticas
Desenvolvemento dos obxectivos
Manexo dos contidos da unidade
Realización de tarefas
Estratexias metodolóxicas seleccionadas
Recursos
Uso de diversas ferramentas de avaliación
Atención á diversidade

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:
- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.

- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación. A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia. As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua estranxeira - Inglés	2º ESO	3	105

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 7

4.1. Concrecións metodolóxicas 32

4.2. Materiais e recursos didácticos 33

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 33

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 33

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 35

6. Medidas de atención á diversidade 36

7.1. Concreción dos elementos transversais 38

7.2. Actividades complementarias 39

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 40

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 40

9. Outros apartados 41

1. Introdución

Aprender unha nova lingua é, seguramente, un dos retos máis difíciles aos que se enfrontan os estudantes ao longo da súa vida académica, sobre todo porque supón mergullarse de forma activa nunha cultura e unha visión da vida moi diferentes da súa. A medida que aprenden un idioma, desenvolven unha serie de competencias clave da aprendizaxe. Ademais de adquirir a competencia en comunicación lingüística e a competencia plurilingüe, tamén se traballa a adquisición doutras competencias:
- a competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría, e a competencia dixital a través das actividades e os materiais dixitais;
- a competencia persoal, social e de aprender a aprender, a competencia cidadá e a competencia emprendedora a partir das interaccións e as dinámicas de clase, que desenvolven a aprendizaxe colaborativa, e a autoavaliación das súas propias competencias específicas e a análise das actividades que son capaces de levar a cabo en inglés;
- a competencia en conciencia e expresión culturais a través de actividades relacionadas con temas culturais.
O obxectivo primordial desta programación é facilitar o proceso de aprendizaxe e servir de ponte para que os alumnos/as coñezan os lugares nos que se fala inglés e a forma en que o utilizan os mozos nativos/as da súa mesma idade.
Durante o proceso de adquisición da lingua inglesa é habitual que os alumnos/as mostren claras preferencias por determinadas áreas da aprendizaxe. Por exemplo, quizais lles interese máis aprender o inglés que falan os mozos/as hoxe en día que as regras gramaticais. Ou tamén poida que teñan máis facilidade para unhas destrezas de aprendizaxe que para outras.
Por estas razóns, ofreceráselles un amplo abano de actividades coas que desenvolver os seus intereses e demostrar os seus puntos fortes, á vez que practican en profundidade todas as áreas da aprendizaxe de linguas.
No curso 2025 - 2026 hai 68 alumnos distribuidos en tres grupos de aproximadamente 23 alumnos cada un. Doce alumnos teñen pendente a materia de 1º.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e interpretar o sentido xeral e os detalles máis relevantes de textos expresados de forma clara e na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos orixinais, de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma creativa, adecuada e coherente mensaxes relevantes e responder a propósitos comunicativos concretos.	1	1-2	1	2	5		1	3
OBX3 - Interactuar con outras persoas con crecente autonomía, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos concretos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1	3	3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Mediar en situacións cotiás entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	5	1-2-3	1		1-3	1-3		1
OBX5 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando de forma crítica sobre ou seu funcionamento e tomando conciencia das estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas.		2	1	2	1-5			
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.	5	3			1-3	3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Introduction	Repasar vocabulario relacionado con lugares dunha cidade, a casa, o tempo, roupa e accesorios, comida e vaixela. Repasar o uso dos pronomes posesivos,,o xenitivo saxón, to be / have got, presente simple e presente continuo. De maneira oral, saudarse e presentarse, e tratar temas de clase. De maneira escrita, as maiúsculas, os símbolos de puntuación, a orde das palabras e a estrutura do parágrafo.	4	6	X		
2	The Things We Do	Aprender vocabulario relacionado cos obxectos cotiáns, material escolar e actividades de tempo de lecer. Repasar o emprego de There is /There Are, artigos e cuantificadores How much /How many e Present simple en contraste co Present continuous. Ler de maneira comprensiva e autónoma as recensións dunha aplicación móbil feita e dirixida para xente nova e un	15	15	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	The Things We Do	foro para a mocidade e os seus métodos para mellorar o seu inglés. Comprender a información clave dunha conversa en que unha persoa amosa unha casa a outra, unha conversa sobre os deberes escolares e unha conversa sobre unha cidade. De maneira oral, falar sobre o antes e o despois dunhas imaxes, unha excursión escolar e unha conversa sobre os gustos. Pronunciar axeitadamente os sons /¿/, /¿¿/, /¿¿/ e entoar as preguntas axeitadamente. Describir unha casa, escribir unha publicación nunha rede social e describir unha imaxe, empregando os adverbios de frecuencia e expresións do tempo.	15	15	X		
3	That¿s Extraordinary	Aprender vocabulario relacionado cos adxectivos, o mundo laboral, os verbos e verb phrases. Aprender a empregar o Past Simple, There was / There were e o used to. Ler de maneira comprensiva e autónoma tres perfís de traballo de persoas con discapacidade e un eixe cronolóxico sobre a evolución da muller traballadora o Reino Unido. Comprender a información clave dunha conversa sobre un premio de recoñecemento a un labor social, un test sobre os empregos ao longo da historia e unha conversa sobre un tríatlon. De maneira oral, manter unha conversa sobre quen consideramos un heroe, os empregos no pasado e falar sobre un día extraordinario. Pronunciar axeitadamente os sons /d/, /t/, /¿d/, /w¿z/ e /w¿¿/. Escribir unha carta de presentación para unha candidatura a un premio, describir as imaxes sobre diferentes empregos no pasado e escribir o perfil dunha persoa.	17	18	X		
4	Relationships	Aprender vocabulario relacionado cos adxectivos, a familia e eventos da vida. Aprender a empregar os adxectivos comparativos (not) as¿, as, too, (not) ¿enough e os verbos modais can, could, must e should. Ler de maneira comprensiva e autónoma un cuestionario sobre a amizade e unha reportaxe sobre as diferentes familias arredor do mundo.	15	15		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Relationships	Comprender a información clave dun podcast sobre unha amizade importante e unha conversa pedindo permiso. De maneira oral, opinar sobre un bo amigo, pedir permiso e pedir consello. Pronunciar axeitadamente os sons /w/ e /v/. Realizar unha descrición dun amigo ideal, escribir unha mensaxe á familia e escribir un informe sobre un problema adolescente.	15	15		X	
5	Danger	Aprender vocabulario relacionado co crime urbano, as desfeitas naturais e as urxencias. Aprender a empregar o Pasado continuo e o seu contraste co Pasado Simple. Ler de maneira comprensiva e autónoma unha crónica sobre como combater o crime coa música e un artigo sobre a veracidade das películas de desfeitas naturais. Comprender a información clave nunha entrevista cun escritor, un audioguía sobre unha desfeita e noticias da actualidade. De maneira oral, falar sobre unha experiencia arrepiante, describir que está a ocorrer nunha imaxe e falar sobre unha urxencia. Pronunciar axeitadamente os sons /k/ e /s/. De maneira escrita, escribir unha historia arrepiante, un artigo curto sobre unha noticia e unha narración sobre un evento.	17	18		X	
6	Our world, Our future	Aprender vocabulario relacionado coa tecnoloxía, o medio natural e os verbos. Aprender a empregar os tempos futuros be going to, presente continuo con uso futuro e Will. Ler de maneira comprensiva e autónoma un artigo sobre o positivo e negativo da tecnoloxía e unha listaxe sobre os mitos e verdades arredor do medio natural. Comprender a información clave nunha conversa sobre artigos antigos, un anuncio sobre unha competición e unha conversa sobre unha tendencia. De maneira oral, falar sobre como	15	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Our world, Our future	crear unha cápsula do tempo, problemas e solucións medio ambientais e organizar un plan de fin de semana. Pronunciar axeitadamente os sons /o/, /t/ e /d/. Escribir un plan para crear unha cápsula do tempo, presentar unha proposta medio ambiental e unha entrada de diario.	15	15			X
7	That `s strange	Aprender vocabulario relacionado cos verbos, o mundo natural e sitios na cidade. Aprender a empregar o Present Perfect Simple e o seu contraste co Past Simple. Ler de maneira comprensiva e autónoma un artigo sobre por que a xente cre en fantasmas e unha páxina web sobre misterios sen resolver. Comprender a información clave dunha conversa sobre experiencia envolvente, unha lectura sobre fenómenos falsos e unha mensaxe de voz sobre sitios estraños na cidade. De maneira oral, falar sobre experiencias inhabituais, falar sobre unha viaxe cun compañeiro e conseguir información sobre un lugar. Pronunciar axeitadamente /e/ e /¿/. Escribir unha anotación para un foro sobre experiencias estrañas, apuntamentos de presentación sobre un fenómeno natural e unha recomendación de viaxe.	17	18			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Introduction	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar e analizar o significado global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos medios.	Extraer as ideas principais dos textos propostos.	PE	74
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada as estratexias e os coñecementos máis axeitados en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información.	Aplicar estratexias de reading e listening.		
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adaptación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, mediante ferramentas analóxicas e dixitais, sobre temas cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Expresar graficamente ideas xerais de xeito comprensíbel.		
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e axeitados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, utilizando coa axuda os recursos físicos ou dixitais máis axeitados en función da tarefa e das necesidades de cada momento, tendo en conta a persoa a quen vai dirixido o texto.	Aplicar estratexias de writing e speaking.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.	Identificar semellanzas e diferenzas entre L1 e a lingua inglesa.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias para mellorar a súa capacidade de comunicación e aprendizaxe da lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e medios analóxicos e dixitais.	Aplicar estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira.		
CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar estas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas no Portfolio europeo das linguas [PEL] ou nun diario de aprendizaxe).	Completar tarefas de planificación, reflexión e autoavaliación da aprendizaxe.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e axeitados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de maneira guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación e control da produción.	Expresar oralmente ideas xerais de xeito comprensíbel.	TI	26
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximas á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos como a repetición, o ritmo lento ou a linguaxe non verbal, e amosando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Participar en situacións interactivas con aportacións propias.		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e nun contorno próximo, estratexias adecuadas para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.	Aplicar estratexias comunicativas.		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender a diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na resolución de problemas de intercomprensión (entre as distintas linguas) e de comprensión na súa contorna máis próxima, contando con diversos recursos e apoios.	Transmitir información entre diferentes soportes, rexistros e formatos.		
CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e facilitar a comprensión e produción de información e comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, utilizando recursos e soportes físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias de mediación lingüística.		
CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as distintas linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.	Actuar axeitadamente ante as diferenzas con outras culturas.		
CA3.2 - Aceptar e adaptarse á diversidade lingüística, cultural e artística dos países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e amosando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que favorezan a sustentabilidade e a democracia.	Valorar a importancia da diversidade cultural.		
CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo aos valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias de defensa e apreciación da diversidade lingüística e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación. - Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas. - Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obriga e a prohibición. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, e a función textual. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas. - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc. - Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.)¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio propio. - Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas. - Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e

Contidos
- parentescos. - A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información, e como ferramenta para o enriquecemento persoal. - Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.0 - Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	The Things We Do	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
No manual de 2º de ESO, os catro bloques concrétanse en 10 unidades didácticas denominadas con diferentes títulos. Cada unidade iníciase cunha breve explicación sobre o título, o que non só contribuirá ao coñecemento e á conservación do léxico deste campo semántico, senón que tamén propiciará a introdución doutras cuestións lingüísticas e extralingüísticas relativas á materia. Estas unidades vincúlanse ao mundo cotián do alumnado: como no caso da 1ª unidade, onde se fala da síndrome posvacional; a 2ª, onde se aborda a situación das persoas invidentes, que eles e elas coñencen por termos casos de alumnado que vive esa condición. Igualmente, dáse cabida ás relacións interpersoais que se abordan na 3ª e 4ª unidade, xa que sabemos da importancia destas, na idade na que se moven os adolescentes. A seguir, achegámonos ao mundo do transcendente na unidade 5ª onde se aborda o tema, tan importante para as galegas e galegos, dos nosos seres míticos. A unidade 6ª achéganos ao mundo da música galega feita por galegos e a repercusión que está a ter na difusión da nosa cultura polo mundo. Na unidade 7ª tratamos a comunicación na web, nos móbiles e a banda deseñada como instrumentos que atrae a ollada do alumnado de maneira habitual. A unidade 8ª presenta ás/aos discentes o mundo do cinema e o teatro, que eles coñecen e

desfrutan. Por último, a unidade 9ª achega o tema das agresións ao medioambiente, ponse o exemplo da Lagoa de Antela e a súa contorna como lugar con moito que contar. Quérese dicir, con este resumo, que o manual de uso en 2º de ESO da editorial Xerais, presenta situacións do noso presente e do noso pasado que están relacionadas coa mociade; de xeito, que esta se pode achegar dunha maneira máis rápida e curiosa á materia. Se partimos de aí, teremos xa algo andado.
Ao referírmonos aos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura de 2º de ESO, cómpre salientarmos o achegamento a nocións básicas das linguas da Península Ibérica, e, de igual modo, ás linguas de procedencia do alumnado que vén doutros países. Tendo en conta esta situación, o 1º trimestre (unidades 1, 2, 3, 10) xirará arredor do coñecemento das linguas da Península Ibérica e o mundo lusófono, observando igualmente outros idiomas propios do alumnado procedente doutros territorios. Entre outras actuacións, traballarase o léxico cotián en galego (casa, comida, a paz), as linguas cooficiais: castelán, catalán, éuscaro; as linguas minorizadas/minoritarias, a normalización. Igualmente falaremos do francés como lingua dalgúns estudantes de procedencia estranxeira. Tamén nos achegaremos á tipoloxía textual da noticia, a narración; a carta persoal, diario e blogs e os textos poéticos. En relación á reflexión sobre a lingua, trataremos da morfoloxía das palabras,o substantivo e o adxectivo, o alfabeto, vogais e consoantes, o uso de h, b, v, x .
No 2º trimestre, composto polas unidades 4, 5, 6,10 achegarémonos ao mundo da mitoloxía e a banda deseñada. Trataremos as súas características diferenciais con respecto aos demais textos en prosa. Trataremos a tipoloxía textual da descrición, a solicitude e os nomes dalgúns instrumentos musicais tradicionais e modernos, os nomes dos obxectos que nos arrodean e o vocabulario da música, radio e a televisión; o cine e o teatro. Faremos unha sesión dun "suposto" programa de radio e televisión onde se realizarán entrevistas a "supostos" personaxes famosos. Simularemos realizar un telexornal con todas as súas seccións: noticias locais, da Comunidade Autónoma ou do Estado, novas internacionais, os deportes, o tempo meteorolóxico. Imos abordar o tema do galego os prexuízos lingüísticos, no ámbito local e no académico, na contorna, a falta de transmisión xeracional e os prexuízos lingüísticos. Como falan os avós entre eles? Como falan cos pais? Como falan os pais aos fillos? No que atinxe á reflexión sobre a lingua, trataremos o verbo, a frase, e o uso de -cio/-zo; -cia/-za, e a acentuación
No 3º trimestre (unidades 7, 8, 9,10), achegarémonos ao mundo da procura da información, do cine, sétima arte, e aos textos académicos, ás características da fala; o folleto; a cláusula, suxeito e predicado, ás funcións sintácticas do predicado, ás características dos distintos tipos de rexistros da fala e á variedade estándar; aos signos de puntuación; o punto, a coma e o punto e coma e os grupos consonánticos br/bl, pr/pl, fr/fl, parénteses, comiñas e apóstrofo; canto ao vocabulario veremos o parentesco, o cine, o teatro e o tempo cronolóxico.
Deste xeito, durante todo o curso académico insístese na presentación correcta dos textos escritos, ben puntuados, na variedade estándar, respectando as marxes, con boa caligrafía e correcta ortografía e ademais tívose en conta tamén o feito de responder correctamente ás cuestións: empregamos na resposta o verbo que aparecía na pregunta. Deste xeito, a nosa función docente ten como finalidade conseguir a competencia lingüística do noso alumnado a nivel escrito e oral en lingua galega e facer que sexan referentes na conservación e difusión do idioma.
Cada trimestre terá un libro de lectura obrigatoria. Polo de agora contamos en 2º de ESO cos seguintes títulos:
· Velloucas e Minchas de Lorena Conde.
· Denébola a roxa de Hector Cajaraville.
. A neve interminable de Agustín Fernández Paz.
Os libros de lectura propostos para os distintos trimestres abordan temáticas diferenciadas. Esas lecturas serán avaliadas a través dunha proba específica (segundo considere conveniente a profesora en cada trimestre, poderá ser proba escrita/traballo/proba oral) onde se terá en conta, ademais da lectura íntegra do libro, a aplicación das propiedades textuais da maneira máis correcta posible. O seu valor no trimestre será dun 10%.
A materia de lingua galega ten este curso unha hora de reforzo semanal como libre disposición do centro. Nesta 4º hora da materia afondarase nas destrezas orais e escritas co fin de mellorar a expresión e comprensión do alumnado a través de lecturas, dramatizacións, traballos en grupo...

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística da Península Ibérica e do mundo, analizar a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e as características dialectais do galego para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos, valorar a diversidade e crear vínculos socioafectivos coa lingua galega.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma, avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social e cultural da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Como combater a síndrome posvacacional	Logo da avaliación inicial que se realizará os primeiros días do curso, continuarase co coñecemento iniciado en primeiro de ESO. Abordarase o tipo de texto da noticia, o vocabualrio da casa, a lusofonía e as	10	14	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Como combater a síndrome posvacacional	linguas da Península Ibérica, a formación de palabras (lexemas e morfemas) e o alfabeto do galego. Os contidos comunicativos xirarán arredor dos textos da unidade. Aproveitaranse para reparar no uso coherente dos substantivos e formas verbais. A lectura obrigatoria do primeiro trimestre servirá para acometer e afondar nas características da narración: lugar, tempo, personaxes e historia. Finalmente, en canto á reflexión sobre a lingua, afondarase no emprego correcto e recoñecemento das letras e dígrafos do alfabeto galego.	10	14	X		
2	"Ver coas mans"	O estudo das linguas minoritarias e minorizadas abordarase nesta unidade. Tamén teremos un achegamento ao nome dos diferentes alimentos. Non obstante, serán os contidos comunicativos e, en concreto, as secuencias textuais da narración as que teñan maior protagonismo. Aproveitaranse as narracións propostas para incidir nas vogais e nas consoantes do galego e en relación á literatura, continuarase coa valoración da obra de lectura obrigatoria do primeiro trimestre, como narración. A reflexión lingüística centrarase na identificación dos distintos tipos de prefixos e sufixos.	10	14	X		
3	A gruta da torre	Nesta unidade abordarase a tipoloxía textual da carta persoal, o diario e os blogs. En relación ao vocabulario, achegarémonos ás palabras que falan de igualdade, respecto e paz. Trataremos a normalización da lingua galega e que aspectos conleva. En relación ao coñecemento lingüístico abordaremos o xénero e o número do substantivo e en relación á ortografía, fixarémonos no uso do h, b/v, x/s. En cada unidade faremos unha selección das actividades de reforzo e ampliación para atender á diversidade de aprendizaxes na aula.	10	12	X		
4	Aplicación instantánea	Comezaremos a unidade coa lectura e observación de textos poéticos. Achegarémonos ás características básicas dos textos poéticos: verso, rima, ritmo, estrofas e algúns recursos formais como: o paralelismo, a aliteración, a antítese, a anáfora e a metáfora. Proseguirase coa mención do libro de lectura obrigatoria do segundo trimestre, unha obra da narrativa xuvenil actual.	10	11		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Aplicación instantánea	Coñeceremos o nome dalgúns instrumentos musicais modernos e tradicionais. En relación á situación da lingua, abordaremos os prexuízos lingüísticos e a seguir, no que se refire a coñecementos lingüísticos, veremos o adxectivo, os seus graos e a construción das oracións comparativas. Ao tratarmos sobre coñecementos ortográficos, abordaranse os grupos consonánticos br/bl, pl/pr, fl/fr. Seleccionaranse actividades de reforzo e ampliación para atender á diversidade da aula en relación ao grao de adquisición de coñecementos sobre a materia.	10	11		X	
5	A decadencia dos seres míticos	Nesta unidade, despois de atender á expresión oral e escrita a través das lecturas propostas, abordaremos un tipo de texto que é a solicitude (texto de uso moi frecuente en moitos ámbitos). A seguir, achegarémonos ao vocabulario que ten que ver coa nosa contorna. Canto á situación da lingua, observaremos o galego no ámbito local, os topónimos e os antropónimos. No eido dos coñecementos lingüísticos, trataremos o verbo, as súas partes básicas (tema+desinencias), o tempo e o modo verbal. Xa no uso da ortografía, continuamos cos grupos consonánticos -cc- e -ct-, -pc- e -pt- e as terminacións -cio/-cia/-zo, -za. Xa por último, en atención á diversidade na adquisición de coñecementos na aula, seleccionaremos algunha das actividades de reforzo e ampliación.	10	10		X	
6	" A maioría da rapazada..."	Na unidade leremos un artigo sobre a música composta en Galicia, por galegos/-as e que está a coñecerse a nivel internacional. Abordaremos a expresión oral e escrita co texto proposto e a seguir, coñeceremos un tipo de texto: o folleto. Faremos un, a través dunha aplicación, por grupos, presentado na aula virtual como díptico. No vocabulario, tratamos a TV e a radio (visita a emisora?). Faremos un telexornal con todas as partes que ten. Con relación á situación da lingua, veremos o galego da contorna e a súa transmisión: mediante unha táboa de cotexo realizarán entre a familia ou a veciñanza unha enquisa para ver a situación da lingua e que se pode facer para mellorala. Nos coñecementos lingüísticos, veremos a tipoloxía da frase e a diferenza entre frases	10	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	" A maioría da rapazada..."	con núcleo e modificador e frases con dous constituíntes. Observaremos as regras de acentuación e o til diacrítico. Rematamos coas actividades de reforzo e ampliación para atender á diversidade de aprendizaxes na aula.	10	10		X	
7	Refuxio	Na unidade 7 veremos que é un buscador na web, trataremos sobre os trazos da banda deseñada como un tipo de texto narrativo onde combinamos imaxe e escritura. Faremos exercicios de comprensión lectora, expresión oral e escrita. Veremos que é o Koha (sistema integrado de xestión de bibliotecas). Falaremos da lectura obrigatoria do 3º trimestre como texto narrativo e de actualidade. Achegarémonos ao vocabulario do cinema e do teatro. Veremos fragmentos de películas e obras teatrais galegas. En relación á situación da lingua, observamos como se atopa no ámbito educativo. Canto aos coñecementos lingüísticos, veremos a cláusula, funcións e tipoloxía. No plano ortográfico trataremos do uso do punto, a coma e o punto e coma. Ao final da unidade, achegaremos actividades de reforzo e ampliación para atender á diversidade de aprendizaxes na aula.	10	11			X
8	A fuga	Na unidade 8 achegarémonos á lectura dun texto teatral. Faremos a comprensión oral e escrita para despois achegarnos á linguaxe do cinema como tipoloxía textual. Na sección de vocabulario, veremos os nomes de parentesco. Vemos a seguir, na situación da lingua, vemos os rexistros da fala: formal, medio e coloquial. En relación aos coñecementos lingüísticos falaremos do suxeito e o predicado dentro da cláusula e os tipos de cláusula. Canto ao plano da ortografía, fixarémonos nos dous puntos, os puntos suspensivos e os signos de interrogación e exclamación. Ao final da unidade, achegarémonos ás actividades de reforzo e ampliación para atender á diversidade de aprendizaxes na aula.	10	10			X
9	Onde está Lois?	A lectura da unidade 9 móvese entre a realidade, a historia e a lenda. Fala da Lagoa de Antela, da torre da Pena e de dona Inés de Castro quen foi raíña despois de morta. Despois da lectura en relación á comunicación, trataremos a comprensión oral e escrita para despois pasar a falar dos textos académicos cun achegamento básico ás súas características.	10	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Onde está Lois?	Coñeceremos a diferenza entre tempo meteorolóxico e cronolóxico. Canto á situación da lingua, achegarémonos á variedade estándar do galego e os posibles prexuízos que se manifestan sobre ela. En relación aos coñecementos lingüísticos, abordaremos as funcións sintácticas dentro da cláusula. No plano ortográfico traballaremos as comiñas, as parénteses e o apóstrofo para concluír coas actividades de reforzo e ampliación considerando que hai diversidade de adquisición de aprendizaxes na materia.	10	10			X
10	Lendo en galego	Listaxe de obras de lectura. Velloucas e Minchas de Lorena Conde. Denévola a Roxa de H. Cajaraville A neve interminable de A. Fdez. Paz. Esta listaxe poderase ver modificada/ampliada ao longo do curso.	10	3	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Como combater a síndrome posvacacional	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado coñece os nomes dos países lusófonos e o feito de que podemos entendernos co noso idioma, nos distintos territorios que forman parte da Lusofonía. Coñece igualmente a situación de cooficialidade do galego, o éuscaro e o catalán nas súas respectivas comunidades autónomas.	PE	70
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante dun texto multimodal sinxelo.		
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor nos escritos xornalísticos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Redacta textos sinxelos con coherencia, cohesión e adecuación.		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado explica con argumentos sinxelos e de xeito guiado a interpretación das obras lidas e os trazos máis característicos de cada xénero.		
CA3.8 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado establece de maneira guiada as posibles relacións entre os distintos tipos de textos traballados na unidade.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado redacta textos sinxelos onde describe as partes da casa, a partir do vocabulario aprendido na unidade.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Os discentes diferencian entre lexemas e morfemas en palabras de uso frecuente.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado interacciona co resto dos compañeiros/-as mediante enunciados orais sinxelos, respectando a quenda de uso da palabra.	TI	30
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora o contido de textos sinxelos e pode falar da súa calidade, fiabilidade e idoneidade con argumentos adeucados á súa capacidade de expresión.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa os textos propios de maneira guiada e fai propostas de mellora argumentando posibles cambios que facilitan a comprensión lectora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Observación e valoración da diversidade lingüística da aula. - Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos. - Introdución á reflexión interlingüística. - Aproximación ao coñecemento das características máis básicas das linguas éuscara e catalá. - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da informa-ción relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramati-cal e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, cali-dade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunica - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hiperónimos e elipses). - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movemen-tos

Contidos
- artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
2	"Ver coas mans"	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado distingue as linguas que se falan na Península Ibérica e a especificidade do caso galego	PE	70
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado aprende a diferenza entre lingua minoritaria e minorizada. Sabe explicar a situación na que se atopa o galego.		
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O/a discente comprende o sentido global e a información máis relevante en textos escritos sixelos estudados no tema.		
CA2.9 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	A/o discente revisa os propios textos de maneira guiada co obxectivo de comprender o contido e ser quen de argumentar os puntos máis importantes que hai que ter en conta ao crear un texto.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado interpreta o sentido global e a información máis relevante en textos escritos sinxelos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.9 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado é quen de crear textos sinxelos, persoais ou colectivos, con intención literaria a partir doutros textos dados, onde se fai patente a presenza da vontade de estilo dos distintos xéneros literarios.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado crea textos e realiza actividades que tratan sobre o léxico da comida. Atende ao uso correcto da ortografía, do vocabulario aprendido e das construcións morfosintácticas.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumando é quen de diferenciar entre prefixo/sufixo e poñer exemplos dos máis frecuentes no idioma.		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende o sentido global dun texto oral sinxelo.	TI	30
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora o contido de textos orais e multimodais sinxelos e avalía a fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza narracións sinxelas.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O/a discente participa en interaccións orais informais e formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, aplicando as regras de cortesía lingüística.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado recoñece e valora algúns recursos expresivos presentes nas narracións		
CA3.5 - Elixir e ler textos a partir de preselección guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado escolle textos en función dos seus gustos, intereses e necesidades e deixa constancia dos trazos do seu propio itinerario lector.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Observación e valoración da diversidade lingüística da aula. - Aproximación ás linguas de signos, con especial atención á variante galega. - Introdución á reflexión interlingüística. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e valoración dos recursos para os evitar. - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da informa-ción relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramati-cal e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deíxe (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hiperónimos e elipses). - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consul-ta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Participación activa en actos culturais vinculados ao circuíto literario e lector. - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.

Contidos
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados ou ben oralmente entre iguais. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movemen-tos artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa in-corporación progresiva da metalinguaxe específica. - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básí-ca do valor dos recursos expresivos e dos efectos na recepción. - Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios. - Lectura con perspectiva de xénero. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
3	A gruta da torre	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado recoñece as súas variedades dialectais e o proceso de normalización da lingua galega	PE	70
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado fai actividades sobre o vocabulario da diversidade e a paz e comprende a súa intención global.		
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumno/a valora a forma e contido dos textos traballados na unidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado planifica e redacta textos escritos sinxelos, atendendo ao destinatario, ao propósito e á canle. Despois da súa revisión, achega un texto sinxelo coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado é capaz de comprender e interpretar o sentido global e a información máis relevante en textos sinxelos como a lectura proposta na unidade.		
CA3.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	O alumnado elabora, en grupo ou de xeito individual, un pequeno traballo de investigación guiado onde debe seleccionar a información máis relevante e indicar correctamente as fontes consultadas.		
CA3.6 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	O alumnado comparte a experiencia da lectura relacionándoa coa súa experiencia biográfica.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado incorpora procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo ao uso dun léxico preciso e á corrección ortográfica.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O/a discente revisa os seus propios textos fai propostas de mellora empregando un vocabulario comprensible e adecuado ao seu nivel, centrándonos na igualdade e o respecto pola paz.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado é quen de construír un texto onde identifica os distintos substantivos, procura enriquecer o seu léxico e é capaz presentar correctamente o xénero e número daqueles máis frecuentes.		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Identifica a partir da contorna prexuízos en contra da lingua galega e adopta unha actitude de respecto.	TI	30
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende o sentido global e a información máis relevante en textos orais sinxelos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza narracións e exposicións orais sinxelas e planificadas ao seu nivel sobre temas persoais, sociais e educativos.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa en interaccións orais informais e formais de carácter dialogado, no traballo en equipo, con actitude adecuada e escoita activa.		
CA2.8 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado adopta hábitos sustentables, saudables e de uso seguro das tecnoloxías dixitais.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos utilizados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Observación e valoración da diversidade lingüística da aula.
- Introdución á reflexión interlingüística.
- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.
- Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da informa-ción relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramati-cal e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos

Contidos
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado explica e argumenta as características dos textos teatrais e dos distintos rexistros.		
CA3.8 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado realiza argumentos sinxelos ao interpretar textos lidos.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado identifica o suxeito e o predicado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa textos e é quen de diferenciar os distintos rexistros dos textos.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Utiliza os seus coñecementos sobre os signos de puntuación para desenvolver correctamente o propósito comunicativo.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora as características dos textos teatrais e cinematográficos.	TI	30
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa en interacións orais formais e informais relacionadas co contido da unidade.		
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora positivamente o emprego da lingua galega en textos sinxelos, coherentes, cohesionados e adecuados ao seu nivel de coñecemento.		
CA2.8 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado adopta hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado desterra os usos discriminatorios contra a fala galega e os seus rexistros.		
CA3.5 - Elixir e ler textos a partir de preselección s guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado elixe e le textos a partir de preselección s guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Observación e valoración da diversidade lingüística da aula. - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.

Contidos
- Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da informa-ción relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramati-cal e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deíxe (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hiperónimos e elipses). - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consul-ta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Participación activa en actos culturais vinculados ao circuíto literario e lector. - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados ou ben oralmente entre iguais. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movemen-tos artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos efectos na recepción. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. - Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de

Contidos
- obras e fragmentos literarios. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropia-ción e oralidade implicados. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. - Relación entre os esquemas semánticos e sintácticos da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
9	Onde está Lois?	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado Identifica, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e dialectal e da importancia da variedade estándar.	PE	70
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado planifica e redacta textos sinxelos na variedade estándar da lingua.		
CA2.9 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa os propios textos de maneira guiada e fai propostas de mellora neles relacionadas co vocabulario do tempo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado interpreta o sentido global e a información máis importante nun texto sinxelo.		
CA3.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	O alumnado elabora traballos de investigación sobre a variedade estándar.		
CA3.6 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	O alumnado expresa por escrito, con corrección o vocabulario básico do tempo meteorolóxico e cronolóxico ademais de reflectir experiencias propias en relación con este vocabulario.		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Os discentes explican e argumentan os textos académicos.		
CA3.9 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado crea textos con intención literaria e conciencia de estilo empregando a variedade estándar		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Emprega adecuadamente os signos de puntuación.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os seus textos escritos de maneira guiada procurando o emprego dunha sintaxe correcta de modo que mellora a súa comprensión e redacción.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Recoñece os complementos do verbo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido dos textos traballados.	TI	30
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo.		
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Os/ discentes comprenden e interpretan o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos.		
CA2.8 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado adopta hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información.		
CA3.3 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado localiza e seleciona a información máis importante dos textos propostos.		
CA3.8 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado establece de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos ou orais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Observación e valoración da diversidade lingüística da aula.
- Introdución á reflexión interlingüística.
- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.
- Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da informa-ción relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramati-cal e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deíxe (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hipe-rónimos e elipses). - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consul-ta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha prese-lección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados ao circuíto literario e lector. - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados ou ben oralmente entre iguais. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movemen-tos artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa in-corporación progresiva da metalinguaxe específica. - Lectura con perspectiva de xénero. - Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.

Contidos
- Relación entre os esquemas semánticos e sintácticos da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
10	Lendo en galego	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor nos textos escritos.	PE	70
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende e interpreta o sentido global dos textos seleccionados.		
CA3.5 - Elixir e ler textos a partir de preselección guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Coñece a obra dos autores seleccionados.		
CA3.6 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	Elabora unha proba escrita sobre as obras de lectura seleccionadas.		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Explica e argumenta as obras lidas.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Distingue a aplica con corrección as propiedades textuais nos textos orais e multimodais.	TI	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións orais con corrección, fluidez e coherencia.		
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a calidade e fiabilidade dos libros propostos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movemen-tos artísticos. - Lectura con perspectiva de xénero. - Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía, para o desenvolvemento da materia de Lingua galega e Literatura, baséase na utilización lo libro de texto da editorial Xerais de 2º de ESO, xunto co uso das ferramentas TIC, Aula virtual e a web entre outros. A metodoloxía empregada é activa. Propón actividades motivadoras que espertan a curiosidade do alumnado que aprende facendo. A docente axudará a desenvolver a capacidade crítica, entre outras, pois ten un papel fundamental como é o de facilitadora da aprendizaxe e guía. Partimos de contornas cotiás, nun marco de traballo individual e cooperativo. “A través dos outros chegamos a ser nós mesmos” Vygotsky (1931). Fomentamos a colaboración e a implicación do alumnado para desenvolver a competencia persoal, social e de aprender a aprender. Así, cando procuramos a comunicación e a comprensión e expresión oral, é clave a aprendizaxe entre iguais, xa que promove habilidades sociais e o enriquecemento persoal dende a diversidade e de cara ao futuro profesional.
Ponse en práctica unha metodoloxía motivadora onde os coñecementos previos serven de base para que as novas

aprendizaxes sexan claras e tomadas con actitude favorable por parte do alumnado. Atopamos distintos niveis de desenvolvemento e maduración, por tanto, no proceso de ensino-aprendizaxe, partimos do nivel que ten o alumnado, imos incrementando os seus coñecementos e favorecendo os procedementos e as actitudes. Alternaranse os ritmos de aprendizaxe ao empregar exercicios que requiren diferente grao de concentración. Así, observamos a aprendizaxe significativa, vinculada ao enfoque construtivista (Piaget 1947- Ausubel 1963): a construción propia da aprendizaxe que se produce día a día como resultado da interacción do ambiente e as disposicións internas do alumnado. É dicir, ao sermos docentes, partimos do nivel e deseñamos actividades de iniciación e de motivación.
As/os discentes utilizan as TIC, os recursos audiovisuais e varíanse os espazos e grupos. Usaremos a biblioteca, ou se for preciso por razóns de espazo, a aula de expresión corporal. Por tanto, a distribución do grupo é de carácter flexible. Sentan por ringleiras, xuntaranse para traballos en pequeno grupo (3 membros) e en actividades coma os debates, situaranse en 2 grupos. Así, poténciase o uso do galego como lingua vehicular.
Realizaranse actividades de aprendizaxe integradas, ao procurar o desenvolvemento de varias competencias ao mesmo tempo, como: composicións dialogadas representadas na aula, lecturas guiadas e saídas didácticas. Estas actividades apoian o desenvolvemento da tolerancia, o autocontrol e axudan a solucionar conflitos. Colaboran os departamentos entre si ao abordar as actividades interdisciplinares e o TIL (tratamento integrado de linguas) xa que, estes parámetros son claves no desenvolvemento integral do alumnado, facilitan a súa aprendizaxe e impide que se solapen coñecementos iguais que empregan diferente nomenclatura.
A nosa materia é instrumental: no traballo da clase manéxanse dous fins claves: acadar os obxectivos do currículo e desenvolver habilidades na aprendizaxe. Para conseguilo, é clave o traballo da comprensión oral e lectora e a expresión oral e escrita, cun enfoque comunicativo.
Empregamos unha metodoloxía inclusiva que contempla a atención aos ritmos e á variedade de estilos de aprendizaxe, segundo a teoría das intelixencias de Gardner. As clases centraranse en variar a tarefa, os modos das explicacións (do que está preto ao afastado, do concreto ao abstracto). Segundo este principio metodolóxico, incluiranse a atención á diversidade e as necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) no deseño das clases; así o eixe da metodoloxía será o desenvolvemento de actividades que fomenten a participación do alumnado e o traballo en grupo co uso de medios escritos e audiovisuais. Polo tanto, utilizarase unha metodoloxía variada para fomentar a diversidade de aprendizaxes que hai na aula. Realizaranse actividades de motivación ao iniciar as unidades. Ao alumnado, faráselle preguntas para pensar sobre certos contidos e activar os seus coñecementos previos, para logo achegarse á explicación, desenvolvemento e conclusión do tema. Desta maneira, as/os discentes vinculan o que xa sabían con contidos novos, necesarios para avanzar na aprendizaxe. Nos primeiros meses empregaranse como métodos de estudo os resumos e os esquemas coa guía da docente, recursos básicos no ensino para evitarmos a aprendizaxe memorística e repetitiva sen entender o senso da aprendizaxe. Cando abordemos os contidos, empregaremos tanto o método dedutivo como o indutivo. Observamos tamén, as seguintes liñas metodolóxicas específicas:
a) Contribuír á actitude positiva cara ao noso idioma. Así promóvese un desenvolvemento autónomo, que o galego estea en todos os espazos posibles e que sexa un elemento motivador no día a día e dentro da comunidade lusófona.
b) Ter un enfoque comunicativo. Polo que o traballo coa morfosintaxe ten un papel instrumental. Destácase na explicación e na execución das tarefas. O alumnado é o protagonista no uso da lingua e traballa a expresión oral e escrita.
c) Potenciar a oralidade. A gramática trabállase dende a análise, a reflexión e a oralidade. Esta será un aspecto clave para o desenvolvemento, a síntese e a exposición da información, mais tamén para a expresión da opinión e como medio creativo. O galego é unha realidade que o alumnado levará a distintas situacións.
d) Ler e escribir, elementos clave. Fanse procuras de información en diferentes soportes e analízanse distintos textos cada trimestre. Ademais, desde a materia, fomentamos as actividades programadas no Proxecto Lector (PL) que se concreta cada ano no Plan Anual de Lectura (PAL). Temos unha biblioteca como recurso clave para realizar actividades variadas de promoción da lingua ao igual có Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG).
e) Atender ao feito literario. Traballan a literatura como constitutiva das artes mediante o achegamento e a creación de textos literarios. Reflexiónase sobre as obras que constitúen o Proxecto lector para presentar diferentes xéneros e achegar o alumnado ao universo literario dun xeito atractivo. No centro, foméntase a literatura a través do Club de Lectura. Cóntase cunha oferta de obras actuais, dirixida á mocidade para implicala no gusto polas nosas letras. O fomento da lectura comprensiva é fundamental, así, leranse e analizaranse textos mediante actividades de comprensión e expresión oral. Propoñemos un libro de lectura por trimestre que será avaliado cunha proba específica. Quizais, dende as diferentes lecturas é dende onde se ve máis o traballo da transversalidade.
f) Secuenciación das actividades na aula. Empréganse estratexias metodolóxicas de investigación guiada pola docente. Combínase a explicación ao grupo (máximo 10-15 minutos) coa realizaciön de actividades onde se ten en conta a atención individualizada e a titoración entre iguais. Temos nas diferentes unidades, actividades de comprensión e de expresión oral, que poden funcionar como actividades introdutorias, logo; actividades de expresión escrita, propias dos coñecementos que se vaian adquirir e actividades para mellorar a ortografía. O alumnado realiza na casa o traballo individual, polo tanto, na aula, procurarase fomentar o traballo en parellas e en grupos de 3

membros porque pensamos que é fundamental que aprendan de maneira colaborativa, de cara a resolver os problemas que adoitan aparecer; ensaiando a súa inserción no mundo socio-laboral e as súas futuras interaccións nel.
Como medidas de atención aos diferentes ritmos de aprendizaxe incluímos: actividades de reforzo, dirixidas á atención á diversidade para aquel alumnado que ten dificultades na asimilación dalgún contido, non acadou o grao mínimo ou que non promocionou; e de ampliación, que atenden aos intereses e tipos de intelixencia do alumnado.
Dada a variedade da casuísticas no alumnado, tentaremos o reforzo positivo en momentos de logro individual como é ler un libro enteiro, cando se capta a idea fundamental ou tema e na achega dun argumento axeitado sobre o lido.
Tamén se incentivará e valorará positivamente a realización de textos orixinais e creativos ben construídos, sen fallos ortográficos e ben presentados: marxes dereita e esquerda, separación en parágrafos e resposta ás cuestións, usando o verbo que aparece na pregunta.
A lingua galega segue a sufrir os prexuízos lingüísticos e unha persistente diglosia, de aí que a nosa materia presente obstáculos que as outras non teñen; por tanto, hai que traballar o estímulo, de aí que empreguemos distintas estratexias, como audicións musicais, textos que traten temáticas de actualidade e interesantes para o noso alumnado.
Dado que cada discente aprende de forma distinta, tamén se terá en conta este feito á hora de avaliar: faranse probas específicas escritas adaptadas en tempo, espazo e medios para o alumnado con NEAE. A avaliación da oralidade farase na aula por parellas e aí verase a capacidade de soltura na expresión e na comprensión oral, a de dialogar e a de dar argumentos. Ao non termos a aprendizaxe dirixida a aprobar só as probas específicas e si a ver o que se aprendeu, tomamos os exames como un instrumento de avaliación máis. Deste xeito, ao longo do curso, faranse pequenos proxectos didácticos que serán expostos no recibidor do centro e nas redes sociais deste, que tamén se valorarán como instrumentos na sección de traballo diario.
Realizamos actividades complementarias (saídas didácticas) que axudan a fomentar no alumnado valores como a convivencia en igualdade e a aprendizaxe de coñecementos que se relacionan co currículo pero, dunha maneira transversal e nunha contorna distinta.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Beltrán Carballeira, Ramón X. (2019). Manual práctico de galego. A Coruña: Baía Edicións
Cunha, Celsa & Cintra, Lindley (2017). (7ª Ed.). Nova gramática do português contemporâneo de acordo com a nova ortografía. Rio de janeiro: Lexikon Editora Digital.
Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos (2007) Vigo: Xerais
Dosil, Benxamín (2015). Escrita doada: consellos para redactar ben. Vigo: Xerais
Dosil, Benxamín (2021). Manual de uso da lingua galega. Vigo: Xerais
Fernández Fernández, Isaac (2010). Diccionario galego-euscaro, euskara-galiziera. Vigo: Universidade de Vigo
Fernández Salgado, Benigno (Dir.) (2004). Dicionario Galaxia de usos e dificultades da Lingua Galega. Vigo: Galaxia
Frías Conde, Xavier (2022). O escáncer que sabía de máis e outras micropezas. Barcelona: La vaca voladora
Feixó Cid, Xosé G. (2021). Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª Edición). Vigo: Xerais
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013). Estilística da Lingua Galega. Vigo: Xerais
Gran Dicionario Xerais da lingua (2009), VV AA, 2 tomos. Vigo: Xerais
López Viñas, Xoán; Lourenço Módia, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011). (2ª Ed. Corrixida). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía Edicións
Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, 2003 (edición revisada) RAG/ILG
Méndez Álvarez, Mª Xesús (2004). Ortografía da Lingua Galega. Vigo: Xerais

Novo Folgueira, Paulino (1999). Dicionario de uso para a comunicación. Vigo: Xerais
Regueira, Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega
Aulas Galegas: https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/
Rosales Cereijo, Manuel (2002). A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual. Vigo: Xerais
A historia da Banda Deseñada galega (http://culturagalega.gal/noticia.php?id=16710)
Vilagrasa Grandia, Albert (2018). A punt 1. Publicacions de l`Abadia de Montserrat. Bastons Vilallonga, Núria, Bernardó Fernández, Cristina, Comajoan Colomé, Llorenç (2011). Gramàtica Pràctica del catalá. Barcelona:Teide
Dicionario castelán-galego, Rinoceronte Editora: https://rinoceronte.gal/dicionario/
Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: http://www. portaldaspalabras.org/
Portal da Lingua Galega, Secretaría Xeral de Política Lingüística: https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega
Dicionario de pronuncia da lingua galega: http://ilg.usc.es/pronuncia/
Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia: http://www. realacademiagalega.org/recursos-volg
Dicionario da Real Academia Galega en liña.https://academia.gal/dicionario/rag
http://cotovia.org/proxecto/
https://actividadesyrecursos.jimdofree.com/actividades/lingua-galega/
https://www.studocu.com/es/course/lingua-galega/6176643
https://www.ogalego.eu/

Materiais e recursos didácticos. Os materiais didácticos úsanse segundo as necesidades de cada unidade e adecuación aos contidos e tarefas desenvoltos. Trabállase con vídeos, audios e seleccións de textos. En relación ás TIC (Tecnoloxías de Información e Comunicación), a aula ten ordenador con conexión a internet, canón e encerado dixital. A súa utilización é un medio para adquirir os obxectivos educativos e desenvolver as competencias. A asimilación de información por parte do alumnado fai que debamos indicarlle o uso adecuado das TIC, as TAC (Tecnoloxías de Adquisición de Coñecementos) e as TSI (Tecnoloxías da Sociedade da Información). Hoxe é clave a actuación do sistema educativo neste ámbito polo que se inclúe no proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado realizará tarefas de procura, selección e elaboración da información nestes medios.
Na biblioteca temos dicionarios, manuais de consulta, ordenadores para traballar e unha variada colección de lecturas axeitadas ao alumnado que recibe a formación regrada no centro. Tamén temos como recurso o emprego da aula virtual para facer tarefas, ter apuntamentos das unidades e establecer comunicación directa co alumnado. Igualmente, un recurso máis para procurar contidos e actividades, atópase na plataforma E-dixgal, mais o noso manual de referencia é o libro de 2º de ESO da editorial Xerais na súa versión actualizada e adaptada á lexislación vixente.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Procedemento para a avaliación inicial
A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico do alumno ou alumna no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.
Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.
Esta proba, que poderá partir dun texto literario, xornalístico etc., constará das seguintes partes:
- Comprensión oral. A docente, nos primeiros días de clase, fará observación directa sobre a competencia oral (comprensión e expresión) do alumnado e realizarase unha comprensión lectora.
- Comprensión escrita. Deberanse contestar preguntas sobre o contido dun texto escrito.
- Na parte de léxico traballarase con: sinónimos, antónimos, palabras polisémicas, familia léxica e campo semántico.
- Na morfoloxía, o alumnado indicará as distintas categorías gramaticais. Subliñará os verbos que se atopen nel, achegará o infinitivo, o tempo verbal e a conxugación á que pertencen.
- No eido da ortografía, dividiranse palabras en sílabas, subliñaranse as sílabas tónicas, clasificaranse as palabras segundo a posición da sílaba tónica, poñerase o til onde corresponda e razoarase o porqué desa colocación.
- Na expresión escrita redactarse un pequeno texto.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**10**	**10**	**10**	**10**	**10**	**10**
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	UD 10	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**10**	**10**	**100**
Proba escrita	70	70	70	**70**
Táboa de indicadores	30	30	30	**30**

Criterios de cualificación:

Coa vontade de desenvolver un proceso de ensinanza-aprendizaxe competencial, nesta programación apostouse pola realización de tres trimestres e unha ampla variedade de actividades comunicativas, o que redunda na presenza dunha maior porcentaxe de realización de exercicios prácticos fronte ao das probas escritas, como se pode ver na distribución dos instrumentos de avaliación e recuperación.
Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións parciais de maneira que a última coincida coa avaliación final ordinaria.
A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación abranguidas nel, aplicando a ponderación establecida entre elas (véxase o reparto da puntuación trimestral que aparece a continuación).
Para superar a materia, o alumnado deberá ter unha media aritmética (das tres avaliacións) de cualificación de 5 puntos ou superior tendo en conta o conxunto de actividades de avaliación (e recuperación no seu caso), sendo as probas escritas só unha parte delas. A nota ordinaria de cada avaliación parcial poderase arredondar á alza, sempre e

cando a cifra decimal sexa igual ou superior a 0.7 e sempre que o/a alumno/a demostre interese na materia; se é inferior aredondarase aproximándose á unidade anterior.
Ademais diso, cómpre salientar que as incorreccións lingüísticas terán unha penalización que se reflectirá na cualificación de cada proba. Por este motivo, poderase aplicar unha penalización de ata un punto na súa cualificación. O profesorado establecerá a puntuación que hai que descontar por cada unha delas, atendendo á súa gravidade.
Así mesmo, e tal como corresponde a unha materia lingüística, as intervencións nas aulas e todas as respostas ás probas tanto orais como escritas deberán ser contestadas en lingua galega, podendo ser este un motivo de suspenso da proba.
Canto ao reparto da puntuación trimestral (considerarase o trimestre aprobado cando a suma mínima acadada sexa de 50% ou máis) :
- Os contidos da materia avaliaranse mediante unha proba escrita por trimestre cun peso dun 70%.
- Apartado de traballo diario que ten un peso dun 10% da materia. Nos tres trimestres realizaranse pequenos traballos de redacción, investigación ou gravacións, tarefas da libreta, onde se valorarán todos os traballos, tarefas e actividades (orais e escritas) a través dunha rúbrica; neles verase a boa presentación e a resolución completa dos exercicios.
- A valoración da lectura comprensiva e reflexiva das obras de lectura obrigatoria establécese por cada avaliación. Ten un peso dun 10% por trimestre e segundo estime conveniente a profesora poderá avaliarse mediante unha proba escrita ou unha proba oral ou un traballo dunha obra trimestral concreta.
- A oralidade avaliarase cunha rúbrica a través da fala na aula (tanto co resto do alumnado como coa profesora) que obrigatoriamente será en lingua galega. A porcentaxe da oralidade por trimestre é dun 10%.

Criterios de recuperación:

O trimestre suspenso recuperarase mediante unha proba de recuperación (en cada trimestre a profesora decidirá se se realiza antes ou despois da avaliación) , que versará sobre contidos dados nel. Esta proba terá un valor do 70%. Canto á nota do caderno diario (10%), á da lectura (10%) e á do traballo diario (10%), conservaranse as acadadas ao longo do correspondente trimestre.
Aquel alumnado que aínda así non acade un mínimo de 5 na nota media das tres avaliacións, realizará una proba final escrita cun valor de 100%. Se aí non recupera, considerarase que ten a materia pendente para o seguinte curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo dúas sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes, se for o caso, en colaboración coa xefa de departamento. A última destas sesións coincidirá coa avaliación final do período ordinario ou segundo estableza Xefatura de Estudos.
En primeiro lugar, seguirase o disposto no Artigo 51. da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación que alude ao Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar e que dita o seguinte:

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teña pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.

A alumna ou alumno e os seus familiares ou titores legais serán informados polo profesor/a da materia dos contidos do plan de reforzo e, máis concretamente, dos requisitos necesarios para aprobar a materia pendente. Desta información quedará constancia por escrito no departamento.

c) Currículo para desenvolver, con especificacióndos criterios de avaliación. Serán os establecidos na PD, coas oportunas modificacións, se for necesario.

d) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento. Os recursos materiais son: computador portátil, impresora, libros de consulta, dicionarios dixitais ou en papel. Empregarase a aula virtual, ABALAR e/ou Edixgal outros medios dixitais.

e) Tarefas para realizar, coa debida temporalización. O alumnado deberá realizar para a súa preparación as actividades propostas de cada unidade, que deberá entregar ao profesor/a do curso no que se atope actualmente para seren corrixidas, ao tempo que poden consultar dúbidas.

f) Seguimento e avaliación. O seguimento deste tipo de alumado establecerase a través de actividades, traballos, probas e reunións presenciais. Atenderase a través de medios telemáticos (aula virtual, programas específicos, ABALAR e outros medios dixitais).

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Para a avaliación do alumnado que ten materias pendentes débense ter en conta os contidos impartidos na materia no curso anterior. Polo tanto, o plan de reforzo de materias pendentes deberá elaborarse considerando esas aprendizaxes e competencias non adquiridas.

Para demostrar que adquiriron os mínimos de consecución e as aprendizaxes imprescindibles para superar a materia, deberán realizar dúas probas extraordinarias, sendo na segunda na que se pode recuperar a materia non recuperada na primeira.

Teranse en conta estes aspectos:

-O alumnado pendente deberá superar os mínimos de consecución marcados na programación do curso no que estea suspenso.
A realización das actividades do plan de reforzo en forma e prazo pode eximir a/o alumna/o de realizar a proba escrita se o profesor/a o considera oportuno, de non ser así, terá que realizar os exames.

As porcentaxes que se aplicarán serán as seguintes: 30% (entrega de boletín) + 70% (proba escrita). Se non está entregado o boletín, a proba escrita suporá o 100% da cualificación.
A superación da materia nun curso superior, significará o aprobado da materia suspensa no nivel inferior.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdense como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a darlles resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.
Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, "as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que as alumnas e alumnos que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se acharen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado".
A partir da avaliación inicial, proporanse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado, tanto as medidas ordinarias como as extraordinarias. Faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso.
Así, en concreto, o plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, obrigado polo artigo 52 da Orde do 8 setembro de 2021 de atención á diversidade incluirá os seguintes apartados:
a) Identificación da alumna ou do alumno
b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso
c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior
d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento
e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan
f) Se for o caso, oferta de medidas extraordinarias
g) Acreditación da información á familia
En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e aproveitamento.
Débese ter en conta o establecido no artigo 41 da citada Orde que, de conformidade co artigo 7 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, define as medidas de atención á diversidade como as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.
Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e deberán estar recollidas no Plan xeral de atención á diversidade e nas concrecións anuais do dito plan.
Nas medidas ordinarias, por exemplo, teranse en conta os reforzos educativos (RE) e nas extraordinarias as adaptacións curriculares (ACS)
No caso dos RE, se for precisa a súa aplicación, elaborarase, un informe individual final de curso sobre as medidas de reforzo educativo onde consten os datos do alumno ou alumna e os datos do reforzo educativo en que se inclúa a data de comezo e de remate e a descrición das medidas desenvolvidas (motivo, descrición das medidas, temporalización, axuda do profesorado, corrección, e valoración final e coa previsión para o seguinte curso se ten que continuar ou non o RE.
Aínda que no momento da elaboración desta PD non se coñece a natureza das/os estudantes que cursarán esta materia, e aínda pendentes da avaliación inicial, logo de analizar os informes do centro e da información facilitada polo/a orientador/a, espérase contar con alumnado que precisa reforzo (5 casos) e con alumnado que precisa ACS (4 casos). Alén diso, nalgún nivel atópase alumnado coa materia suspensa de ata 2 cursos anteriores, ao cal se lle apllicará o plan de reforzo que aparece descrito no apartado 5.3 desta programación.
Ante esta situación, as medidas concretas que se van aplicar son as seguintes:
Co fin de que o proceso de ensino-aprendizaxe se desenvolva de xeito adecuado e atenda as necesidades do alumnado é necesario que o profesorado:
a) Potencie o diálogo e a comunicación, dedicando tempo á reflexión oral grupal e individual, a facer preguntas, a formular hipóteses etc., nun ambiente de respecto e colaboración, considerando o erro como parte esencial da aprendizaxe e xerando confianza para expor os pensamentos e opinións, dada a diverxencia no pensamento deste tipo de alumnado.
b) Respecte a diversidade de todo o alumnado, sendo coidadosas e coidadosos coas expresións usadas nas súas interaccións. En especial, que acepte o feito diferencial do alumnado con NEAE como elemento enriquecedor do grupo.

c) Fomente un bo clima de aula, consensuando normas e pautas de comportamento, empregando estratexias de cohesión de grupo e de resolución pacífica de conflitos.
d) Interveña ante os posibles prexuízos e/ou estereotipos que poidan xurdir na aula, evitando comparacións entre iguais.
e) Promova habilidades de intelixencia emocional para afrontar situacións que exixan a identificación, expresión e xestión das emocións, así como aqueloutras que requiran empatía, comunicación e comprensión das emocións das demais persoas.
f) Potencie o seu rol como mediador, favorecendo que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe.
g) Compaxine actividades propostas polo equipo docente con outras de libre elección do alumnado, apoiando a adquisición de estratexias de procura de información e de formulación de preguntas.
h) Posibilite o acceso do alumnado a múltiples materiais e fontes de información para que afonden, de xeito autónomo, nos temas do seu interese, e que lle ensine a planificar o seu traballo.
i) Impulse proxectos que potencien a creatividade e induza situacións de aprendizaxe nas que o alumnado poida enfrontarse a problemas aplicando orixinalidade e flexibilidade, e logrando múltiples solucións.
l) Reforce a creatividade, o pensamento diverxente e a iniciativa emprendedora, valorando positivamente o seu esforzo e recoñecéndoo expresamente.
m) Facilite experiencias que favorezan a abordaxe de retos intelectuais complexos.
n) Promova a motivación intrínseca con aprendizaxes prácticas, útiles, funcionais e con impacto real na súa contorna.
o) Ofreza posibilidades de éxito ao alumnado en base ao desenvolvemento das súas potencialidades.
- Para os dous alumnos con previsión de lles aplicar unha ACS, que terá que ser autorizada pola Inspección Educativa, o procedemento para a súa elaboración (Orde do 8 de setembro de 2021), será o seguinte:
a) Realización da avaliación psicopedagóxica e posterior elaboración do informe psicopedagóxico por parte da xefatura do Departamento de Orientación en que conste o seu nivel de competencia curricular. Ese nivel de competencia será o punto de partida para o axuste do currículo. Os referentes para determinar o currículo adaptado serán a competencia curricular e a zona de desenvolvemento próximo da alumna ou do alumno, determinadas, ambas, no informe psicopedagóxico.
b) Convocatoria e coordinación, por parte da xefatura de estudos, dunha reunión á cal deben asistir o equipo docente do alumno e a xefatura do Departamento de Orientación. Nesta reunión analizaranse os resultados da avaliación psicopedagóxica e decidirase a pertinencia ou non de realizar a adaptación do currículo e a materia para adaptar. A xefa ou o xefe do Departamento de Orientación redactará e custodiará a acta desta reunión.
c) Elaboración da proposta de adaptación da materia por parte do profesorado que a imparte e no modelo que o centro teña establecido no seu Plan xeral de atención á diversidade. Igualmente, ese profesorado será o responsable do desenvolvemento e da avaliación da adaptación curricular, en colaboración, se for o caso, co profesorado de apoio ao alumnado con NEAE. En todo ese proceso o profesorado contará co asesoramento da xefatura do Departamento de Orientación.
Será competencia da xefatura do Departamento de Orientación conformar o expediente da adaptación, que se axustará ao modelo que figura no anexo II da citada Orde, e xuntaráselle copia da acta da reunión en que se decidiu realizar a adaptación curricular. A dirección do centro docente enviará o expediente da adaptación curricular ao servizo territorial de Inspección Educativa, a quen lle compete a autorización. Con carácter xeral, a solicitude da dirección do centro docente farase antes de finalizar o mes de novembro, excepto no caso das adaptacións curriculares que forman parte dos expedientes de flexibilización da duración do período de escolarización. Formarán parte do expediente da alumna ou do alumno unha copia da adaptación curricular e a súa autorización polo servizo territorial de Inspección Educativa.
O desenvolvemento das adaptacións curriculares realizarase, na medida do posible, no contexto da aula ordinaria da alumna ou do alumno, coordinado polo profesorado titor, quen convocará as reunións de seguimento que se consideren necesarias ou, cando menos, as que figuren no expediente da adaptación curricular.
A avaliación do alumnado nas áreas ou materias adaptadas será realizada polo profesorado que as imparte, coas achegas do profesorado de apoio, de ser o caso, e de acordo cos criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular. As cualificacións expresaranse nos mesmos termos que os establecidos na normativa xeral que regula a avaliación na ESO. Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na dita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ou titulación.
A información sobre as avaliacións que se lles facilite ás familias reflectirá as cualificacións obtidas, segundo os criterios de avaliación que constan nas correspondentes adaptacións curriculares. Nesta información incluirase tamén unha valoración cualitativa do progreso da alumna ou do alumno. O profesorado titor será o responsable, coa colaboración do equipo docente e da xefatura do Departamento de Orientación, de elaborar e trasladar esa información.
A duración das adaptacións propostas será dun curso.
As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado teñen dereito, logo de remitir a solicitude correspondente, a que o centro lles facilite unha copia da adaptación curricular autorizada.

Ás ACS destes alumnos adaptaránselles os contidos e os criterios de avaliación. Reduciranse os contidos aos establecidos nos mínimos de consecución e serán avaliados tendo en conta a redución das porcentaxes indicadas nos criterios de avaliación da PD e na non aplicación de todos eles.
No caso de que ao longo do curso se matriculase algún alumno ou alumna con algunha destas problemáticas: dislexia, discapacidade auditiva, TEA, Down ou discapacidade intelectual, TDAH, absentismo, atención temperá seguiranse os protocolos establecidos pola Consellería.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comunicación audiovisual	X	X	X		X	X	X	X
ET.2 - Competencia dixital			X	X	X	X	X	X
ET.3 - Emprendemento social e empresarial			X		X			X
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X		X	X	X	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comunicación audiovisual		
ET.2 - Competencia dixital		
ET.3 - Emprendemento social e empresarial		
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico	X	
ET.5 - Educación emocional e en valores	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero	X	X
ET.7 - Creatividade	X	X

Observacións:

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 2º de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais:
- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participar de variadas propostas do SNL do concello de Pontevedra	Regueifa			X
Actividades programadas en conxunto co EDLG.	Baseadas en tradicións culturais galegas. Ao longo do curso iranse achegando actividades relacionadas co currículo da materia.		X	X
Asistencia a obras teatrais/encontro con escritores/as; rutas literarias e outras actividades; ou exposición propia sobre algunha obra literaria aínda sen determinar.	Relacionadas co currículo da materia que poidan xurdir durante o curso.	X	X	X

Observacións:
Cómpre ter en conta que todas estas actividades teñen relación directa coa materia, polo que non se considerarán nin se inclúen aquí as actividades complementarias organizadas polo centro.
O número de actividades complementarias programadas non excederá das cinco en todo o curso, unha ou dúas por trimestre. As que se desenvolven fóra do centro, contarán co permiso por escrito da nai, do pai ou das/os titoras/es legais e deberán figurar na PXA do centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
9. Fíxose un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
12. Axustáronse as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa secuenciación.
13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, criterios de avaliación, contidos e os mínimos de consecución.
19. Analizáronse as cualificacións do alumnado e valoráronse as porcentaxes de aprobados e suspensos na materia.

Metodoloxía empregada
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas, tanto culturais como de procedencia.
6. Impartiuse a clase de forma amena, con explicacións claras e exemplificacións sinxelas e comprensibles.
14. Utilizáronse procedementos, criterios e instrumentos de avaliación adecuados.
15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
8. Procurouse a actualización profesional, tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
21. Corrixíronse as probas no prazo establecido, e analizáronse e comentáronse posteriormente na aula.
Medidas de atención á diversidade
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
4. Mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
16. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos.
Clima de traballo na aula
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos.
11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro (atención domiciliaria, hospitalización etc.), a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
17. Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, valorando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mellora.
22. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das fillas ou fillos.
Outros
5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos.
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".
Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: ao referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.
Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 5, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.
Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso.
Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas de mellora existentes na memoria do curso pasado.
A estrutura da PD inclúe os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:
-Introdución
-Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias
-Relación de unidades didácticas, coa súa secuenciación e temporalización, que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.
-Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos
-A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación dos mínimos de consecución para superar a materia
-Medidas de atención á diversidade
-A concreción dos elementos transversais
-As actividades complementarias
-A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.
En previsión de calquera circunstancia imprevista, tipo COVID ou outras, achegaríase unha addenda coas correspondentes modificacións, basicamente en canto a modificación da metodoloxía e dos indicadores de logro mínimos por se fose necesaria unha atención virtual do alumnado.
Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:
-A programación entregouse no prazo establecido normativamente.
-O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.
-Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.
-Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.
-En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.
-Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación establecidos ao longo do curso foron os axeitados.
-Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.
-Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.
-Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.
-Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.
-Partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) e tivéronse en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.
Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5.

1. Conseguise acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os protocolos de actuación correspondentes).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5 .
12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.
13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na acta da última reunión do departamento recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos incluiranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso; tamén serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, convén sinalar que todos os membros do departamento didáctico realizarán a necesaria actualización para poderen elaborar e facer o correspondente seguimento da PD a través da aplicación PROENS.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Matemáticas	2º ESO	4	140

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 4

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 6

4.1. Concrecións metodolóxicas 18

4.2. Materiais e recursos didácticos 20

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 20

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 21

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 22

6. Medidas de atención á diversidade 23

7.1. Concreción dos elementos transversais 23

7.2. Actividades complementarias 25

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 25

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 26

9. Outros apartados 27

1. Introdución

Esta programación didáctica, está pensada para a materia de Matemáticas de 2º da ESO. Para a súa elaboración tívose como referencia o decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
O IES Luís Seoane, está situado no barrio pontevedrés de Monteporreiro. A maioría do alumnado procede de clase media-baixa, moitos con problemáticas familiares. O centro tamén recibe alumnado inmigrante, alumnado do colectivo de etnia xitana e alumnado residente na Cidade Infantil Príncipe Felipe. Todo isto tradúcese en que unha boa parte dos/das alumnos/as presentan moi poucas aspiracións nos seus estudos.
Os/as alumnos/as que acceden á ESO veñen na súa maioría do CEIP Marcos da Portela do mesmo barrio, do CEIP de Xeve e do CEIP Daria González.
O centro oferta as seguintes ensinanzas:
- E.S.O., os catro cursos.
- Bacharelato, os dous cursos, podendo elixir entre tres opcións: Ciencia e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais e Xeral.
- Formación Profesional: FP Básica de Comercio; Ciclos Medios e Ciclos Superiores de FP pertencentes ás familias de Comercio e Marketing ou Administración e Xestión, existindo oferta tanto na modalidade presencial, como a distancia.
O Departamento de Matemáticas imparte clases neste curso nos catro niveis da ESO e nos dous do Bacharelato.
Os/as alumnos/as distribúense neste curso do seguinte xeito:
- En 1º da ESO hai 3 grupos.
- En 2º da ESO hai 3 grupos.
- En 3º da ESO hai 2 grupos máis un grupo de Diversificación.
- En 4º da ESO hai 3 grupos máis o grupo de Diversificación. Neste curso o alumnado repártese en dous grupos de Matemáticas B e outros de dous de Matemáticas A.
- En 1º de Bacharelato hai 2 grupos. Neste curso o alumnado repártese nun grupo de Matemáticas I, nun grupo de Matemáticas Aplicadas ás CCSS I e noutro grupo de Matemáticas Xerais.
- En 2º de Bacharelato hai 2 grupos. Neste curso o alumnado repártese nun grupo de Matemáticas II, nun grupo de Matemáticas Aplicadas ás CCSS II e tamén hai un grupo coa materia optativa Métodos Estatísticos e Numéricos.
O Departamento de Matemáticas componse neste curso de sete profesores/as con horario completo, cinco con praza definitiva, un docente en expectativa de destino e unha docente interina compartida co Departamento de Artes Plásticas.
A distribución do alumnado de 2º ESO neste curso académico indícase na seguinte táboa:

MATEMÁTICAS 2º ESO	A	B	C
Nº alumnos/as	23	23	22
Repetidores	2	3	2
Pendentes MAT 1º ESO	3	3	4
ACS	1	1	0
NEAE (necesidades específicas apoio educativo)	4	1	3
TDAH	1	1	0
ASPERGER	0	0	0
PT	4	4	3
Problemas de conduta	2	0	0
Dislexia	1	0	0
Outros	0	0	0

Tanto as características e contorna do centro como as características do alumnado se tiveron en conta á hora de crear os principios metodolóxicos desta programación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar, modelizar e resolver problemas da vida cotiá e propios das matemáticas aplicando diferentes estratexias e formas de razoamento para explorar distintas maneiras de proceder e obter posibles solucións.			1-2-3-4	2	5		3	4
OBX2 - Analizar as solucións dun problema usando diferentes técnicas e ferramentas e avaliando as respostas obtidas para verificar a súa validez e idoneidade desde un punto de vista matemático e a súa repercusión global.			1-2	2	4	3	3	
OBX3 - Formular e comprobar conxecturas sinxelas ou expor problemas de forma autónoma, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación para xerar novos coñecementos.	1		1-2	1-2-5			3	
OBX4 - Utilizar os principios do pensamento computacional organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, interpretando, modificando e creando algoritmos para modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz.			1-2-3	2-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos interconectando conceptos e procedementos para desenvolver unha visión das matemáticas como un todo integrado.			1-3	2-3				1
OBX6 - Identificar as matemáticas implicadas noutras materias e en situacións reais susceptibles de ser abordadas en termos matemáticos, interrelacionando conceptos e procedementos para aplicalos en situacións diversas.			1-2	3-5		4	2-3	1
OBX7 - Representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos, información e resultados matemáticos usando diferentes tecnoloxías, para visualizar ideas e estruturar procesos matemáticos.			3	1-2-5			3	4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Comunicar de forma individual e colectiva conceptos, procedementos e argumentos matemáticos usando unha linguaxe oral, escrita ou gráfica e utilizando a terminoloxía matemática apropiada, para lles dar significado e coherencia ás ideas matemáticas.	1-3	1	2-4	2-3			3	3
OBX9 - Desenvolver destrezas persoais identificando e xestionando emocións, poñendo en práctica estratexias de aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ante situacións de incerteza para mellorar a perseveranza na consecución de obxec			5		1-4-5		2	3
OBX10 - Desenvolver destrezas sociais recoñecendo e respectando as emocións e as experiencias dos demais, participando activa e reflexivamente en proxectos en equipos heteroxéneos con roles asignados para construír unha identidade positiva como estudante de matem	5	3	3		1-3	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Números enteiros.	Operacións con números enteiros respectando a súa xerarquía, a factorización e a obtención do MDC e MCM, así como a súa aplicación en problemas contextualizados son obxecto desta unidade.	9	16	X		
2	Fraccións e decimais	A amplificación e simplificación de fraccións, as súas operacións, a conversión de fracción a decimal e a clasificación e operacións con números decimais son obxecto desta unidade.	9	17	X		
3	Magnitudes proporcionais. Porcentaxes	Nesta unidade trabánllase a razón, a proporción, as magnitudes directa e inversamente proporcionais e a regra de tres composta e as súas aplicaicóns en problemas contextualizados.	5	10	X		
4	Álxebra	A linguaxe alxébrica, a equivalencia e simplificación de expresións alxébricas e os	6	12	X	X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Álxebra	polinomios e as súas operacións aplicado todo a problemas contextualizados son os contidos traballados nesta unidade.	6	12	X	X	
5	Ecuacións	Esta unidade está adicada ao plantexamento e resolución de ecuacións de primeiro e segundo grao. Resolución de problemas.	7	12		X	
6	Sistemas de ecuacións lineais	Esta unidade está adicada ao plantexamento e resolución de sistemas de ecuacións lineais.. Resolución de problemas.	8	13		X	
7	Funcións. Táboas e gráficas	Nesta unidade trabállanse o sistema de representación cartesiano, a representación mediante táboas, gráficas e funcións da relacións entre dúas variables e a súa interpretación.	7	12		X	
8	Xeometría Plana	Sistema internacional de unidades e o seu uso na resolución de problemas. Coñecemento e aplicación na resolución de problemas co teorema de Pitágoras, a semellanza triángulos, o teorema de Thales e os perímetros e áreas de polígonos e figuras circulares.	12	17			X
9	Corpos xeométricos	Coñecemento, representación e utilización en problemas contextualizados dos elementos no espazo, das áreas e volumes de poliedros regulares e da superficie e do volume dos corpos redondos son os contidos traballados nesta unidade.	12	16			X
10	Estatística	O desenvolvemento desta unidade está adicado ao coñecemento e traballo cos fenómenos aleatorios, aos gráficos estatísticos e ás medidas de centralización e dispersión traballados en problemas contextualizados.	5	10			X
11	Matemáticas para a vida en sociedade	Trátase dunha unidade transversal que reune os criteiros de avaliación e contidos asociados ao sentido sociafectivo e que se traballarán ao longo de todo o curso.	20	5	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Números enteiros.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas de operacións elementais, factorización e ordenación de números enteiros organizando os datos dados, representándooos e describindo a xerarquía correcta para a súa resolución.	PE	100
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e estratexias apropiadas.	Resolve problemas de operacións combinadas de números enteiros aplicando a xerarquía de operacións e utilizando a estratexia máis adecuada segundo o tamaño dos números (mental, lapis e papel ou calculadora).		
CA1.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece situacións da vida cotiá susceptibles de ser formuladas e resoltas utilizando números enteiros comunicando correctamente o proceso matemático inherente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Cantidade.
- Uso das potencias de expoñente natural e enteiro. Transformación e simplificación de expresións con potencias. Notación científica.
- Interpretación de números grandes e pequenos, recoñecemento e utilización da notación exponencial e científica e o seu uso na calculadora.
- Realización de estimacións coa precisión requirida.
- Uso dos números enteiros, fraccións, decimais e raíces para expresar cantidades en contextos da vida cotiá coa precisión requirida.
- Recoñecemento e aplicación de diferentes formas de representación de números enteiros, fraccionarios e decimais, incluída a recta numérica.
- Resolución de problemas en diferentes contextos, seleccionando a representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal, fracción ou raíz).
- Sentido das operacións.
- Identificación e aplicación das operacións con números enteiros, fraccionarios ou decimais útiles para resolver situacións contextualizadas.
- Resolución de problemas contextualizados con operacións combinadas con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, tendo en conta a xerarquía e aplicando as propiedades adecuadas para realizar os cálculos de maneira eficiente.
- Relacións.
- Comparación e ordenación de fraccións, decimais e porcentaxes de maneira eficiente, atopando a súa situación exacta ou aproximada na recta numérica.

UD	Título da UD	Duración
2	Fraccións e decimais	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas de operacións e ordenación de fraccións e números decimais organizando os datos dados, representándooos e describindo a xerarquía correcta para a súa resolución.	PE	100
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e estratexias apropiadas.	Resolve problemas de operacións combinadas de fraccións e decimais aplicando a xerarquía de operacións e utilizando a estratexia máis adecuada segundo o tamaño dos números (mental, lapis e papel ou calculadora).		
CA1.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	Expón variantes dun problema dado da vida cotiá en cuxa resolución se utilicen fraccións ou decimais modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Cantidade. - Uso dos números enteiros, fraccións, decimais e raíces para expresar cantidades en contextos da vida cotiá coa precisión requirida. - Recoñecemento e aplicación de diferentes formas de representación de números enteiros, fraccionarios e decimais, incluída a recta numérica. - Resolución de problemas en diferentes contextos, seleccionando a representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal, fracción ou raíz). - Sentido das operacións. - Identificación e aplicación das operacións con números enteiros, fraccionarios ou decimais útiles para resolver situacións contextualizadas. - Resolución de problemas contextualizados con operacións combinadas con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, tendo en conta a xerarquía e aplicando as propiedades adecuadas para realizar os cálculos de maneira eficiente.

UD	Título da UD	Duración
3	Magnitudes proporcionais. Porcentaxes	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas de proporcionalidade recoñecendo magnitudes directa e inversamente proporcionais e elaborando representacións de razóns e proporcións en relacións cuantitativas.	PE	100
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e estratexias apropiadas.	Resolve problemas de proporcionalidade directa, inversa e composta calculando a constante de proporcionalidade e aplicando a extratexia apropiada (razón de proporcionalidade ou porcentaxes).		
CA1.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece situacións da vida cotiá susceptibles de ser formuladas e resoltas utilizando proporcións ou porcentaxes comunicando correctamente o proceso.		
CA1.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identifica conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias (p. ex., tecnoloxía), recoñecendo a achega da proporcionalidade e/ou as porcentaxes ao progreso da humanidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Razoamento proporcional. - Comprensión e representación de razóns e proporcións en relacións cuantitativas. - Recoñecemento das relacións de proporcionalidade directa, inversa e composta. Constante de proporcionalidade. Repartición proporcionais. - Comprensión e utilización de porcentaxes na resolución de problemas.

UD	Título da UD	Duración
4	Álxebra	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	Busca a partir dunha relación entre dúas variables dadas (variable dependente e independente), variables novas que garden a mesma relación expoñendo variantes do problema dado.	PE	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Realiza correctamente as operacións elementais con polinomios e identidades descompoñendo un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.		
CA4.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Identifica e traduce a linguaxe alxébrica (expresións alxébricas, ecuacións lineais ou cadráticas ou sistemas lineais) situacións da vida cotiá utilizando a precisión e o rigor na linguaxe matemática.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Modelo matemático. - Modelización de situacións sinxelas da vida cotiá usando representacións matemáticas e a linguaxe alxébrica. - Dedución de conclusións razoables sobre unha situación da vida cotiá unha vez modelizada. - Uso da linguaxe alxébrica para obter fórmulas e termos xerais baseados na observación de pautas e regularidades. - Operacións con expresións alxébricas sinxelas. Identidades. - Variable. - Comprensión do concepto de variable nas súas diferentes naturezas.

UD	Título da UD	Duración
5	Ecuacións	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Comprobar a corrección matemática das solucións dun problema.	Comproba sen resolver a corrección das solucións dunha ecuación lineal e de segundo grao utilizando a corrección matemática no desenvolvemento do proceso.	PE	100
CA4.2 - Comprobar a validez das solucións dun problema e elaborar respostas coherentes no contexto exposto, avaliando o seu alcance e repercusión desde diferentes perspectivas (de xénero, de sostibilidade, de consumo responsable etc.).	Comproba a validez das solucións de ecuacións lineais e de segundo grao segundo o contexto do problema facendo unha análise crítica da solución desde distintas perspectivas.		
CA4.5 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Calcula a expresión alxébrica dunha ecuación lineal ou cadrática a partir dun enunciado e resólvea e valora o resultado obtido interpretando e modificando algoritmos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Modelo matemático. - Igualdade e desigualdade. - Uso da álxebra simbólica para representar relacións lineais e cadráticas en situacións da vida cotiá. - Identificación e aplicación da equivalencia de expresións alxébricas na resolución de problemas baseados en relacións lineais e cadráticas. - Procura de solucións en ecuacións lineais e cadráticas cunha incógnita. Aplicación a problemas contextualizados. Interpretación das solucións. - Resolución alxébrica e gráfica de sistemas de dúas ecuacións lineais e dúas incógnitas. Aplicación a problemas contextualizados. - Uso da tecnoloxía para resolver e comprobar as solucións de ecuacións e sistemas de ecuacións lineais. - Pensamento computacional. - Xeneralización e transferencia de procesos de resolución de problemas a outras situacións. - Identificación de estratexias para a interpretación e a modificación de algoritmos.

UD	Título da UD	Duración
6	Sistemas de ecuacións lineais	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Comprobar a corrección matemática das solucións dun problema.	Comproba sen resolver a corrección dasolución dun sistema lineal utilizando a corrección matemática no desenvolvemento do proceso.	PE	100
CA4.2 - Comprobar a validez das solucións dun problema e elaborar respostas coherentes no contexto exposto, avaliando o seu alcance e repercusión desde diferentes perspectivas (de xénero, de sostibilidade, de consumo responsable etc.).	Comproba a validez da solución de sistemas lineais segundo o contexto do problema facendo unha análise crítica da solución desde distintas perspectivas.		
CA4.5 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Calcula a expresión alxébrica dun sistema lineal a partir dun enunciado e resólvea e valora o resultado obtido interpretando e modificando algoritmos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Modelo matemático.

Contidos
- Igualdade e desigualdade. - Uso da álxebra simbólica para representar relacións lineais e cadráticas en situacións da vida cotiá. - Identificación e aplicación da equivalencia de expresións alxébricas na resolución de problemas baseados en relacións lineais e cadráticas. - Procura de solucións en ecuacións lineais e cadráticas cunha incógnita. Aplicación a problemas contextualizados. Interpretación das solucións. - Resolución alxébrica e gráfica de sistemas de dúas ecuacións lineais e dúas incógnitas. Aplicación a problemas contextualizados. - Uso da tecnoloxía para resolver e comprobar as solucións de ecuacións e sistemas de ecuacións lineais. - Pensamento computacional. - Xeneralización e transferencia de procesos de resolución de problemas a outras situacións. - Identificación de estratexias para a interpretación e a modificación de algoritmos.

UD	Título da UD	Duración
7	Funcións. Táboas e gráficas	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Identifica as funcións lineais e non lineais e estuda as propiedades relevantes das funcións a partir das táboas e gráficas interpretando e modificando algoritmos.	PE	100
CA4.6 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Modeliza as relacións lineais en situacións da vida real e representa distintos tipos de rectas a partir da súa ecuación establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática.		
CA4.7 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	Usa software específico para a construción de gráficas e como apoio para xustificar os razoamentos dun problema utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Modelo matemático. - Modelización de situacións sinxelas da vida cotiá usando representacións matemáticas e a linguaxe alxébrica.

Contidos
3	ALTURA	Coñecemento dos elementos máis emocionais da Música: a melodía, mediante o coñecemento de Pentagrama; Clave; Notas Musicais; Liñas Adicionais; A orixe das notas musicais.	5	6	X		
4	INTENSIDADE	O volume musical: Matices e Reguladores.	5	3		X	
5	TIMBRE: VOZ	Coñecemento da propia anatomía humana e das formas de agruparse: Produción da voz; Clasificación das voces segundo tesitura; Principais agrupacións vocais.	5	6		X	
6	TIMBRE: INSTRUMENTOS	Instrumento musical; Familias de instrumentos: definición e tipos (aerófonos, cordófonos, idiófonos, membranófonos e electrófonos). Organoloxía.	5	6			X
7	LINGUAXE MUSICAL	Interpretación de partituras mediante solfeo, facendo fincapé nos aspectos rítmicos (figuras rítmicas básicas, combinacións de corcheas e semicorcheas) e na lectura musical das notas musicais en clave de sol.	20	15	X	X	X
8	PRÁCTICA MUSICAL	Desenvolvemento de destrezas para a interpretación musical, mediante a propia voz, o uso dun instrumento (corporal, instrumental Orff,...): postura, técnica, empaste e coordinación, calidade musical, tanto a nivel individual como colectivo.	50	55	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	CONTEXTOS MUSICAIS	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Recoñecer os trazos de música folclórica, culta e popular nas obras presentadas.	TI	100
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Expresar opinións de forma razoada, analítica e cun vocabulario preciso e exacto das obras musicais propostas.		
CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	Realizar tarefas propostas relacionadas coas obras musicais traballadas a través das ferramentas de gravación dixtal e rexistro dixital da voz e da imaxe.		
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais como colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais, con actitude inclusiva e cohesionadora.	Entregar as tarefas propostas a través de calquera dos dous programas informáticos que existen nos ordenadores do alumnado		
CA3.1 - Valorar a importancia do noso patrimonio musical e dancístico tradicional e popular, así como o doutras culturas musicais do mundo, sendo consciente da súa relevancia e influencia na evolución da música ata a actualidade.	Expresar de forma respectuosa e analítica as valoracións sobre a nosa propia música e outros tipos de música.		
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Analizar de forma básica os parámetros de: melodía, ritmo, texto, coreografía, instrumentos, técnica vocal, técnica motriz.		
CA3.5 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Situar as obras musicais no contexto xeográfico e histórico correspondente en función dos seus compoñentes visuais e musicais.		
CA3.6 - Utilizar as características e os elementos propios da cultura musical galega como base para crear diferentes composicións musicais, escénicas e/ou dancísticas executadas a través da voz, do corpo ou dos instrumentos.	Realizar as propostas musicais previstas co software informático traballado na clase (Musescore, Editores de Audio/Vídeo).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilidade ante a polución sonora e a creación de ambientes saudables de escoita. - Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos. - Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Contidos
- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. - Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración. - Técnicas de improvisación guiada e libre. - Ferramentas dixitais para a creación musical: manexo de secuenciadores e editores de partituras. - O son e a música nos medios audiovisuais e as tecnoloxías dixitais.

UD	Título da UD	Duración
2	DURACIÓN	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer os elementos que representan os parámetros do son: figuras musicais, clave, notas musicais, tempo, modificadores, matices, reguladores...	PE	90
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Observación e control na aula. Aviso e separación do grupo provisional para a autorreflexión en caso de necesidade.	TI	10
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais como colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais, con actitude inclusiva e cohesionadora.	Observación e control na aula. Aviso e separación do grupo provisional para a autorreflexión en caso de necesidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos. - Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración. - A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación.

UD	Título da UD	Duración
3	ALTURA	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer os elementos que representan os parámetros do son: figuras musicais, clave, notas musicais, tempo, modificadores, matices, reguladores...	PE	90
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Observación e control na aula. Aviso e separación do grupo provisional para a autorreflexión en caso de necesidade.	TI	10
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais como colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais, con actitude inclusiva e cohesionadora.	Observación e control na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos. - Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración. - A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación.

UD	Título da UD	Duración
4	INTENSIDADE	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer os elementos que representan os parámetros do son: figuras musicais, clave, notas musicais, tempo, modificadores, matices, reguladores...	PE	90
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Observación e control na aula. Separación do grupo provisional para a autorreflexión.	TI	10
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais como colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais, con actitude inclusiva e cohesionadora.	Observación e control na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos. - Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración. - A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación.

UD	Título da UD	Duración
5	TIMBRE: VOZ	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Recoñecer auditiva e visualmente, e expresar cun vocabulario preciso os diferentes tipos de voces e as distintas agrupacións vocais.	PE	90
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Manter silencio na escoita para apreciar as características musicais traballadas. Respectar as preguntas dos demáis e falar nas quendas indicadas. Observación e control na aula. Aviso e separación do grupo provisional para a autorreflexión en caso de necesidade.	TI	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Interpretar os exemplos propostos desta Unidade Didáctica parcipando coa atención, serenidade, concentración e actitude proactiva.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación. - A voz e os instrumentos: clasificación xeral por familias e características. Principais agrupacións musicais.

UD	Título da UD	Duración
6	TIMBRE: INSTRUMENTOS	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Recoñecer auditiva e visualmente, e expresar cun vocabulario preciso os diferentes instrumentos, as súas familias e as distintas agrupacións instrumentais.	PE	90
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Manter silencio na escoita para apreciar as características musicais traballadas. Respectar as preguntas dos demáis e falar nas quendas indicadas. Observación e control na aula. Aviso e separación do grupo provisional para a autorreflexión en caso de necesidade.	TI	10
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Interpretar os exemplos propostos desta Unidade Didáctica parcipando coa atención, serenidade, concentración e actitude proactiva.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.

Contidos
- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación. - A voz e os instrumentos: clasificación xeral por familias e características. Principais agrupacións musicais.

UD	Título da UD	Duración
7	LINGUAXE MUSICAL	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Manter silencio na escoita para apreciar as características musicais traballadas. Respectar as preguntas dos demáis e falar nas quendas indicadas. Observación e control na aula. Aviso e separación do grupo provisional para a autorreflexión en caso de necesidade.	TI	100
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Interpretar partituras tendo en conta parámetros rítmicos (métrica, pulso, figuras rítmicas), melódicos (notas, alteracións), e solfeo (sincronización correcta ritmico-melódica e musicalidade).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración. - Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación.

UD	Título da UD	Duración
8	PRÁCTICA MUSICAL	55

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Manter silencio na escoita para apreciar as características musicais traballadas. Respectar as preguntas dos demáis e falar nas quendas indicadas. Observación e control na aula. Aviso e separación do grupo provisional para a autorreflexión en caso de necesidade.	TI	100
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas cales se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Participar activamente, achegando ideas propias e con respecto cara as suestións dos demáis, nas actividades de improvisación musical e dancísticas prpostas nesta unidade.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Interpretar as obras musicais propostas atendendo ao ritmo, notas, dinámicas, indicacións musicais, empaste, continuidade, musicalidade e precisión do texto..		
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Interpretar as obras musicais propostas atendendo ao ritmo, notas, dinámicas, indicacións musicais, empaste, continuidade, musicalidade e precisión do texto.		
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais como colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais, con actitude inclusiva e cohesionadora.	Contribuir a crear un proxecto de repertorio grupal propio, seguindo as técnicas propostas polo profesorado.		
CA2.7 - Interpretar e crear a través da voz, do corpo ou dos instrumentos, de maneira individual ou en grupo, diferentes pezas musicais, escénicas e dancísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpretar as obras musicais propostas atendendo ao ritmo, notas, dinámicas, indicacións musicais, empaste, continuidade, musicalidade e precisión do texto.		
CA3.3 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, das diferentes culturas estudadas, valorando e mantendo unha actitude de respecto cara ao patrimonio artístico das diferentes culturas que conforman o mundo.	Interpretar as obras musicais propostas atendendo ao ritmo, notas, dinámicas, indicacións musicais, empaste, continuidade, musicalidade e precisión do texto.		
CA3.4 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubrindo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, usando medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.	Interpretar as obras musicais propostas atendendo ao ritmo, notas, dinámicas, indicacións musicais, empaste, continuidade, musicalidade e precisión do texto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Texturas monofónicas e polifónicas, melodía acompañada. Formas musicais: motivo, frase, formas binarias, ternarias, forma rondó, formas musicais da canción popular urbana.

Contidos
- Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos. - Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación. - As músicas tradicionais en España e a súa diversidade cultural: instrumentos, cancións, danzas e bailes. Estudo das súas características e interpretación. - A música en Galicia: instrumentos, formas tradicionais, danzas e xéneros tradicionais, populares e urbanos. Análise, interpretación e creación. - Tradicións musicais e dancísticas doutras culturas do mundo: características e funcións. Instrumentos, cancións, danzas e bailes en África, Asia, América, Europa e Oceanía. - Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudados.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As unidades didácticas propostas nesta programación están pensadas para interrelacionarse e a súa aplicación non ten por qué ser lineal no tempo, xa que aparecerán recurrentemente ao longo do curso.

Neste mesmo sentido, tamén cabe dicir que en música, os contidos son acumulativos. Empezamos por facer unha presentación da materia e de ensinar as posibilidades da tecnoloxía aplicada á Música (CONTEXTOS MUSICAIS, UD1). Despois presentamos o traballo sobre ritmo, pulso e métrica por primeira vez na unidade 2 (DURACIÓN, UD2), pero ese traballo de lectura de figuras musicais e compases continuará facéndose ao longo do curso a través do repertorio instrumental, vocal ou corporal das UNIDADES DIDÁCTICAS 7 (LINGUAXE MUSICAL) e 8 (PRÁCTICA MUSICAL).
Así sucesivamente co resto das Unidades.
Ademáis do anterior, as directrices metodolóxicas a seguir nesta programación son as seguintes:
a) A asimilación dos distintos bloques de contidos, terá sempre unha base teórica e unha base práctica, é dicir, interpretar, pero semprer entendendo que se interpreta.
b) A planificación do ensino faise sempre en base a vivir a experiencia da música a través do coñecemento, o que implica un coñecemento, unha interpretación, unha creación e unha escoita activa de distintas propostas artísticas.
c) Os criterios de avaliación están directamente relacionados cos obxectivos propostos, é dicir, superar con éxito os criterios de avaliación, o que amosa o grao de adquisición destes obxectivos por parte do alumnado.
d) Diseñaranse diferentes situacións de aprendizaxe que incluirán procedementos diversos para traballar os contidos, e sempre partindo dos coñecementos previos do alumnado e onde os novos coñecementos aprendidos se completen e conecten e teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que coexisten no contexto da aula, así como a atención á diversidade, propoñendo sempre mecanismos de reforzo para as dificultades que se detecten.
e) Terase en conta e farase destacable a través dos contidos transversais a importancia da relación entre a materia de Música e outras materias: estableceranse relacións coas Matemáticas (por exemplo a través das proporcións do ritmo, da estrutura musical, das calidades físicas do son); coas linguas (a través da simbiose entre texto, idioma e melodía); coa Historia (para entender os contextos de creación das diferentes obras e expresións musicais universais); coa Tecnoloxía (a través do manexo de diferentes ferramentas dixitais para escribir, manipular o son e compoñer); coa Educación Plástica, Visual e Audiovisual (por compartir competencias de índole artística)...

d) Potenciarase os conceptos de "equipo", onde cada membro asume a súa responsabilidade de aportar ao grupo as destrezas e capacidades onde destaca positivamente, ao mesmo tempo que pode beneficiarse da colaboración do resto do alumnado cando as súas destrezas e habilidades aínda están nun nivel básico de desenvolvemento.
f) Potenciarase o concepto de "clase segura" onde o erro existe, convive co éxito como base de aprendizaxe e se acepta sempre como información de que un aspecto musical necesita máis práctica e esforzo (nunca como crítica).
g) Promoverase nas distintas unidades o traballo en equipo e a capacidade emprendedora, dada a natureza grupal e creativa desta materia, realizando proxectos colaborativos entre o alumnado, onde se poidan aplicar técnicas de reforzo da autoestima, da autonomía, da reflexión e da meditación sobre o grao de responsabilidade de cada un no conxunto do proxecto.
h) Utilizaranse distintos tipos de actividades segundo a natureza das unidades: actividades introductorias ou de presentación dos contidos; actividades de motivación ou descubrimento; de desenvolvemento e consolidación; de avaliación; de reforzo e recuperación e de ampliación nos casos que sexa necesarios...
i) Os principios metodolóxicos desta programación queren ir máis aló da a consecución dos obxectivos e criterios de avaliación establecidos por lei, e achegarse tamén á automotivación do alumnado, a interrelación dos coñecementos, a aprendizaxe significativa e funcional, a creatividade, a atención personalizada, a actitude analítica, a socialización e a autoestima.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumental Orff
Aula Virtual
Apps e programas informáticos audivisuais.
Materiais repositorio Edixgal
Apuntes de información
Carteis e paneis informativos
Audiovisuais diversos
Teclados, instrumentos de corda e de percusión diversos
Partituras diversas corais ou individuais adaptadas á voz de xoves adolescentes
Bibliografía de información diversa de autores de recoñecida experiencia en temas de didáctica da Música en adolescencia e educacións Secundaria.
Web www.musescore.com
Web www.ukutabs.com
Web www.atrilcoral.com
Roca Vidal, F.; "Percusión corporal: piezas y ejercicios de percusión para instrumentos corporales". Año 2017; Edimusica; ISBN: 978-84-95307088
Nelson M., Sheila; "Flip a rhythm Vol.1-2"; Editorial Boosey and Hawkes, ISBN: 979-0-060-09771-3
Nelson M., Sheila; "Flip a Rhythm Vol.3-4", Editorial Boosey and Hawkes, ISBN: 978-0-851-62193-7
Saint-James, G; Saint-James, J; "Body Tap 1". Fuzzeau. ISBN: 3-549540-068936

Pesdelán; "Na punta do pé". Kalandraka. ISBN: 978-84-8464-752-2
"El canto en la historia y en el mundo". Fuzeau. Ref. 8765
Sharma, E.; "Músicas del mundo". Ediciones Akal; Madrid 2006; ISBN: 978-84-460-2256-5
Zamora, A.; "danzas del mundo 2". Editorial CCS; Madrid 2005; ISBN: 84-8316-864-2
Wuytacj, J; "Musicalia Orff-instrumentarium". Uitgeverij de garve-brugge.
Ducros, D.; "Breve historia del rock. 5 composiciones adaptadas a la enseñanza de la flauta dulce u otros instrumentos en do". Fuzeau 2008. Ref. 6713
Saint-James, G.; "Pequeña historia del Jazz". Fuzeau 2008. Ref. 6712
"Voyage a capella. Du chant choral à la création vocale. Vol. 1 y 2". Fuzeau. Ref. 70735
Carmona, A.; Folklore Musical Español. Madrid.
Schnitzer, R. Moeller, M. (2011). Chorbuch, singen ist klasse. Schott Music.
Elorriaga, A. "Cantos tradicionales españoles arreglados para voces adolescentes". Anexo Editorial.
Elorriaga, A: "Cuatro espirituales para voces adolescentes". Anexo editorial.
Villagar, A. "Cómo enseñar a cantar a niños y adolescentes. Fundamentos técnicos y pedagógicos de la voz cantada". Año 2019. Ediciones Robinbook. ISBN: 978-84-120812-7-5.
Elorriaga, A. "El sonido se transforma: educación coral para adolescentes". Año 2018. Anexo editoral. ISBN: 978-84-941134-8-2.
Der junge Pop Chor. Vol. 1 a 10. Ediciones Bosworth.
Bedford, D.; "An exciting new game for children os all ages". Londres. Universal Edition.

- "Percusión corporal": Libro con pequenas pezas de percusión corporal para ler individualmente ou en grupo. Recoméndanse os primeiros exercicios do libro para traballar desde o ritmo ata as dinámicas, as texturas, a forma musical e preparar algunhas das pezas do libro para interpretar en público.
- "Flip a rhythm" 4 volúmenes en dous libros con exercicios rítmicos para percutir a dúas mans, ou en parellas ou grupos. Práctico para comezar a ler figuras musicais en distintos compases.
- "Body Tap" pezas grupais de percusión corporal con CD con bases musicais para tocar por enriba. Estilos de samba, reggae, swing...
- "Na punta do pé". Músicas e danzas tradicionais de Galicia. Libro con CD e DVD.
- "Danzas del mundo 2" libro para traballar danzas de distintos lugares
- "Músicas del mundo" libro e CD sobre músicas de distintos lugares do mundo: África, Bali, India, China...
- "Musicalia Orff-instrumentarium" libro de arranxos instrumentais para instrumentos Orff. Para traballar en distintas unidades ao longo do curso. Dependendo das pezas, cada unha dela encaixa en unidades distintas ao longo desta programación.
- "Breve historia del rock". Libro e CD con acompañamento sobre diferentes estilos de rock.
- "Breve historia del jazz" libo e CD con acompañamento para 5 pezas orixinais que ilustran as principais correntes do jazz.
- "El canto en la historia y en el mundo". Libro e CDs con fragmentos musicais de distintos estilos, ilustracións, bibliografías de cantantes, e dúas partes diferenciadas sobre o a historia do canto e o canto no mundo.
- "Voyage a capella". Método de canto coral para iniciarse no canto e na lectura musical.
- ""Folklore musical Español" coleción de 12 libros co cancioneiro de Nadal, cancioneiro infantil español, cancioneiros de distintas comunidades autonómicas de España.
- "Chorchurch". Partituras a unha e dúas voces con acompañamento de piano en inglés e alemán, para coro escolar.
- "Cantos tradicionales españoles" selección de cantos tradicionais españois con arranxos pensados para coro de xoves con flexibilidade en dúas ou tres partes vocais.
- "Cuatro espirituales para voces adolescentes": espirituais tradicionais dos Estados Unidos con arranxos expresamente pensados para un coro mixto de adolescentes en dúas ou tres partes vocais adaptables a diferentes

oitavas segundo o desenvolvemento larínxeo.
- "Cómo enseñar a cantar a niños y adolescentes": este libro afronta a cuestión de cómo aprender a cantar a nenos e adolescentes tendo en conta os condicionamentos físicos, mentais e emocionais de cada fase de desenvolvemento infantil e xuvenil.
- "El sonido se transforma": repertorio coral adaptado ao cambio de voz na adolescencia, didáctica do canto en grupo, exercicios de técnica vocal para adolescentes, e explicacóns de como realizar arranxos vocais para esta etapa.
- "Der junge Pop chor": 10 volúmenes de arranxos de pezas de pop para dúas voces femeninas, que se poden cambiar de oitava. Arranxos pensados para coro xuvenil con acompañamento de piano. Texto en inglés.
- ""An exciting new game for children of all ages". Partitura de música contemporánea, disposta coma un tableiro de xogos no que os movementos realízanse lanzando os dados e os participantes producen sons, ou silencio segundo as instrucións dadas. Pode interpretarse con todo tipo de instrumentos.
- "Musescore": programa gratuito de edición de partituras.
- "Audacity": programa gratuito para mezclar e manipular pistas de audio.
- "Garageband": programa gratuito para sistema Mac co que se pode grabar música e misturar e manipular pistas de audio.
- "Music maker jam": app que é un pequeno estudo de grabación de 8 pistas nas que podemos misturar loops e usar instrumentos virtuais. Gratuita con algúns contidos de pago.
- "ireal": app de pago que funciona como un "Play alone", é dicir, toca os acordes de cancións para que poidamos cantar ou tocar por enriba. Podemos atopar cancións xa feitas ou escribir nós o esquema harmónico da canción usando cifrado americano. Pódese cambiar o tempo e estilo da forma de interpretar a canción e os instrumentos que a interpretan.
- "Music studio lite": app cun piano virtual e instrumentos gratuitos para tocar e grabar. Algúns instrumentos son de pago.
- "Loopstation" app para misturar distintos loops. Gratuita con algunhas partes de pago.
- "Web atril coral": web con partituras de coro gratuitas de todas as épocas e estilos. Válido para todas as unidades didácticas.
- Web ukutabs.com: partituras en tablatura para ukeleles.
-Web musescore.com: partituras de todos estilos e épocas en versión .mscz

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A Avaliación inicial neste 2º curso de ESO terá por obxecto valorar as destrezas e desenvolvemento fisiolóxico do alumnado, como base para unha práctica musical sana. Tamén se incidirá na bagaxe musical e gustos propios do alumnado, e nas destrezas dixitais á hora de desenvolverse na Aula Virtual e na entrega de tarefas.
Non se incide nos contidos teóricos que o alumnado puido aprender, xa que na etapa da educación primaria, o horario dedicado á materia de Música é ínfimo e no 1º curso de ESO a asignatura de música non está contemplada na comunidade autónoma de Galicia.
Para dita avaliación inicial realizaranse tarefas destinadas a avaliar o desenvolvemento psicomotriz, o ton muscular, a coordinación visomotriz e auditivomotriz do alumnado, así como o oído (interno e externo) e a saúde inicial da voz.
A avaliación inicial indicará o punto de partida do alumnado para saber se podemos aplicar a programación tal cual, ou facer nas unidades correspondentes as adaptacións adecuadas, e levarase a cabo na primeira ou dúas primeiras sesións do curso dependendo do número de alumnado por aula.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	**5**	**5**	**5**	**5**	**5**	**5**	**20**
Proba escrita	0	90	90	90	90	90	0
Táboa de indicadores	100	10	10	10	10	10	100

Unidade didáctica	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**50**	**100**
Proba escrita	0	**22**
Táboa de indicadores	100	**78**

Criterios de cualificación:

a) En cada trimestre se abordará a docencia de TRES partes:
1.- Teoría
2.- Linguaxe Musical
3.- Práctica Musical
b) A parte de Teoría valórase mediante unha proba escrita feita na clase. No primeiro trimestre engádese unha Unidade Didáctica que se avalía con traballos entregados a través da Aula Virtual. Estes traballos, ademais de ser puntuables para a nota do trimestre, son ao mesmo tempo, as tarefas que se empregarán para a ensinanza ao alumnado de como realizar os exames prácticos do curso.
c) A parte de Linguaxe Musical e Práctica Musical valórase mediante probas gravadas e entregadas polo alumnado exclusivamente a través da Aula Virtual.
d) Cada unha das partes da materia (Teoría, Linguaxe Musical e Práctica Musical valórase sobre 10 puntos. A final de cada trimestre, a nota do boletín será a obtida da media aritmética destas tres partes.
e) Teoría:

1.- Unidades Didácticas: 1.- Contextos Musicais; 2. Duración; 3.- Altura; 4.- Intensidade (primeiro trimestre). 5.- Timbre: voz (segundo trimestre). 6.- Timbre: instrumentos (terceiro trimestre).
2.- Exame escrito: un exame por trimestre de realización na aula. Constará de preguntas tipo test, redacción, análise, cubrir os ocos, verdadeiro/falso... Execpción no caso da Unidade didáctica 1, que se valorará ata 1 punto da nota teórica do primeiro trimestre. Consistirá en 5 achegas audiovisuais diferentes (a través da aula virtual) repartidas en 3 momentos diferentes dos meses de setembo e outubro.
3.- O exame teórico será adaptado segundo os casos de necesidades educativas especiais ou atención á diversidade especificados e acordados co departamento de orientación e os informes pertinentes presentados polas familias.
4.- A puntuación do exame teórico será sobre 10 puntos. A nota mínima que debe obter o alumnado para que se lle faga media co resto das partes é de 2'5.
f) Linguaxe Musical (Unidade Didáctica 7):
1.- Valórase mediante un exame audiovisual individual por trimestre realizado e entregado a través da Aula Virtual. Constará de tres partes: ritmo, notas e solfeo.
2.- En casos de alumnado con necesidades educativas especiais, o profesorado poderá adaptar, axudar a realizar e/ou entregar o exame nos tempos de recreo ou en momentos puntuais previamente acordados entre ambas partes.
3.- A corrección desta proba será a través dunha táboa de rúbricas. Son as seguintes:

- 1.- Mantén o pulso e amosa precisión rítmica e métrica (30% da nota).
- 2.- Le notas e signos musicais fluidamente (30% da nota).
- 3.- Solfea correctamente (40% da nota).

4.- O exame estará dispoñible unha semana na Aula Virtual para que o alumnado poida estudialo, realizalo e entregalo no prazo e

no lugar correcto. Só en casos xustificados e previo aviso, se poderá entregar o exame fóra do prazo ou lugar establecido.
5.- A puntuación do exame de Linguaxe Musical será sobre 10 puntos. A nota mínima que debe obter o alumnado para que se lle faga media co resto das partes é de 2'5.
6.- O alumnado coidará que os exames que envía estean gravados con boas condicións de luz e silencio ambiental para que se poidan ver, escoitar e corrixir perfectamente os exames.
g) Práctica Musical (Unidade Didáctica 8):
1.- Valórase mediante un exame audiovisual individual por trimestre realizado e entregado a través da Aula Virtual. Constará dun único exercicio que inclúa todas os elementos musicais pedidos. No caso de que a Práctica Musical estea interpretada por instrumental Orff (de propiedade do centro), os exames serán feitos en grupo e gravados pola profesora no contexto da aula de Música.
2.- En casos de alumnado con necesidades educativas especiais, o profesorado poderá adaptar, axudar a realizar e/ou entregar o exame nos tempos de recreo ou en momentos puntuais previamente acordados entre ambas partes.
3.- A corrección desta proba será a través dunha táboa de rúbricas.
Se a proba é instrumental:

- 1.- Demostra precisión rítmica (25 % da nota)
- 2.- Interpreta correctamente as notas/moventos (25 % da nota)
- 3.- Escoita e empasta co acompañamento proposto (25 % da nota)
- 4.- Amosa continuidade e musicalidade na interpretación (25 % da nota)

Se a proba é vocal a capella:

- 1.- Demostra precisión rítmica (20% da nota)
- 2.- Afina as notas 20%

- 3.- Escoita e empasta co acompañamento proposto (20% da nota)
- 4.- Amosa continuidade e musicalidade na interpretación (20% da nota)
- 5.- Reproduce correctamente o texto das obras musicais (20% da nota)

Se a proba é vocal con coreografía, percusión corporal ou instrumentos:

- 1.- Demostra precisión rítmica (20% da nota)
- 2.- Afina as notas 20%
- 3.- Escoita e empasta co acompañamento proposto (20% da nota)
- 4.- Amosa continuidade e musicalidade na interpretación (20% da nota)
- 5.- Reproduce correctamente a parte motriz das obras musicais (20% da nota)

Se a proba é dancística, coreográfica ou con movemento:

- 1.- Coordina os movementos ao pulso da música ou segundo a consigna (25 % da nota)
- 2.- Implica as partes do corpo/elemento rítmico correcto (25 % da nota)
- 3.- Executa os movementos con precisión (25 % da nota)
- 4.- Exhibe elegancia e claridade nos movementos (25 % da nota)

4.- O exame estará dispoñible unha semana na Aula Virtual para que o alumnado poida estudialo, realizalo e entregalo no prazo e no lugar correcto. Só en casos xustificados e previo aviso, se poderá entregar o exame fóra do prazo ou lugar establecido.
5.- A puntuación do exame de Linguaxe Musical será sobre 10 puntos. A nota mínima que debe obter o alumnado para que se lle faga media co resto das partes é de 2'5.
6.- O alumnado coidará que os exames que envía estean

gravados con boas condicións de luz e silencio ambiental para que se poidan ver, escoitar e corrixir perfectamente os exames.
h) A nota de cada trimestre obterase coa media aritmética das tres partes, Teoría, Linguaxe Musical e Práctica Musical. En caso de que nalgún trimestre non se poida realizar a proba dalgunha destas partes (enfermidade do alumnado, competicións deportivas prolongadas fóra da provincia, tempo extra asinado ádocencia doutras partes...), a media aritmética farase coas partes que si se puideron avaliar. Nos casos nos que o alumnado non poida facer unha das partes por motivos persoais, será necesario que a familia avise ao profesorado da situación, e mesmo se lle poderá esixir xustificante (médico, deportivo...) que confirme esta situación.
i) O aprobado da materia, trimestral e final, acádase cunha puntuación mínima de 5 obtida da media aritmética de todas as probas realizadas.
l) No primeiro e segundo trimestre, NON PODERÁ APROBAR NINGÚN ALUMNO/A QUE NON SE PRESENTE OU ENTREGUE ALGUNHA DAS PARTES DOS EXAMES, independentemente de que a media das outras partes sexa de 5 ou máis de 5. Nestes casos, o alumnado recibirá unha puntuación entre 0 e 4 no boletín.
m) Para a NOTA DE FINAL DE CURSO, os exames que non foron entregados no seu trimestre ou nas recuperacións ofertadas substituíranse por 0. Así farase unha media con todas as notas de todas as probas obtidas en cada trimestre. Independentemente de que un alumno obteña unha media superior, se non entregou algunha parte dos exames, a nota final do seu boletín será de máximo de 5 puntos. En caso de non superar o 5, o alumnado non superará a materia.
n) O redondeo EN CADA TRIMESTRE só se fai cando o decimal é X'9 (por exemplo nota 8,9, de media: nota do boletín 9; nota 8,8 de media: nota do boletín 8).
o) O redondeo para establecer a NOTA FINAL DE CURSO, faise a

partir do decimal X'5 (por exemplo nota 8,5 de media: nota do boletín:9; nota 8,4 de media: nota do boletín 8).

Criterios de recuperación:

O alumnado que no primeiro ou segundo trimestre fose avaliado con menos de 5, terá que facer a recuperación das partes suspensas do trimestre na primeira semana á volta de Semana Santa. A recuperación do terceiro trimestre farase nos últimos días de curso.
En caso de que un alumno/a suspendese un ou varios trimestre, e igualmente suspendese as recuperacións ofrecidas, terá unha última oportunidade de facer un EXAME GLOBAL FINAL nos últimos días lectivos do mes de xuño coas partes da materia que non superara.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

En caso de que un alumno/a suspenda a materia de Música e promocione igualmente a 3º, poderá recuperala mediante dúas posibilidades:
POSIBILIDADE 1: Materia dividida en dous parciais, cada un deles cun boletín de traballo e exame.
POSIBILIDADE 2: Exame único final (sen boletín de traballo).
POSIBLIDADE 1: MATERIA DIVIDIDA EN DOUS PARCIAIS (BOLETÍN + EXAME):
a) O alumnado coa materia suspensa recibirá no mes de outubro o primeiro boletín de traballo; no mes de febreiro o segundo boletín de traballo. Estes incluíran unha parte teórica, unha parte de linguaxe musical e unha parte de práctica musical (tarefas de interpretación musical).
b) A parte de teoría constará tanto da información de apuntes como dunha batería de exercicios que deberá completar. A parte de Linguaxe Musical constará dunha serie de 5 exercicios para interpretar con ritmo, notas e solfeo. A parte de práctica musicla incluirá 4 exercicios de canto (con ou sen danzas, percusións corporais...), coreografías ou percusións.
c) Cada unha destas partes valórase sobre 10 puntos de forma independente e farán media entre ellas. A nota media obtida vai supoñer o 60% da nota en cada parcial.
d) A profesora entregará ao alumnado o primeiro boletín de traballo no mes de outubro. O segundo boletín será entregado no mes de marzo. O alumnado terá oito semanas en cada período para realizalos e e devolverllos á profesora en papel e por aula virtual segundo corresponda . A profesora corrixirá os boletíns no prazo dunha semana.
e) O día establecido por Xefatura de Estudos, o alumnado realizará os exames correspondentes, que estarán constituídos por preguntas extraídas dos boletíns de traballo. A nota deste exame ponderará un 40% da nota en cada parcial.
f) A nota final da materia será a media aritmética entre as notas obtidas no primeiro e no segundo parcial.
f) É imprescindible entregar os boletíns de traballo dentro dos prazos para poder acollerse a esta modalidade (non entregar un boletín de traballo supón un 0 na ponderación do 60% desa parte). En caso de non entregar algún dos boletíns, o alumnado perderá o dereito á esta opción e deberá examinarse de toda a materia no exame do segundo parcial na data establecida por Xefatura de estudos.
POSIBILIDADE 2: EXAME ÚNICO FINAL (SEN BOLETÍN DE TRABALLO)
O alumnado que (a) non se presentara ao primeiro parcial; (b) non entregara o primeiro boletín de traballo; (c) non entregara o segundo boletín de traballo (independentemente da nota do primeiro parcial); (d) suspendera o primeiro parcial pese a entregar o boletín, terá que presentarse a un exame final global con toda a materia. A data do exame será anunciada por Xefatura de Estudos ao longo do curso. A nota deste exame supón o 100% da nota na ponderación da materia.
REDONDEO NOTA FINAL: A nota mínima que debe acadar un alumno/a despois da ponderación final é de 4,5. Por debaixo desta nota considerarase a materia suspensa.

6. Medidas de atención á diversidade

Tendo en conta que a materia de Música non goza dos privilexios doutras materias en apoios e recursos extraordinarios humanos e didácticos, prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.
Sería bo garantir establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén na súa educación. Tamén organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción, pero esta posibilidade é bastante improbable pola escasa consideración que a materia de Música conta no sistema educativo, no que as axudas son ofertadas a outras materias (pese á petición de axuda do profesorado do Departamento de Música).
Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría e da propia comunicación coa familia.
Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo entre outros, programas de reforzo además de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.
Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.
Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:
1. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
2. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
3. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal.
4. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.
5.- Intentar unha coordinación co Departamento de Orientación, sobre todo co profesorado de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X		
ET.2 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Autonomía	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X				X	X		X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X					X		
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X		
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual	X							X

Observacións:

Observacións:
- Comprensión lectora: Traballarase principalmente través dos textos para aprender os contidos teóricos.
- Creatividade: traballarase a través da composición de exercicios e pezas propias de percusión corporal, uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación...
- Autonomía: traballarase de actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal.
- Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial: Actividades que implican creación de proxectos grupais.
- Igualdade entre sexos:Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas. Realización das diferentes tarefas independentemente do xénero.
- Consumo responsable: fomento do espírito crítico. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable
- Respecto mutuo: educación emocional e en valores. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demáis e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.
- Expresión oral e escrita: A través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral como por exemplo explicar os parámetros que conforman o son, a forma dunha canción, a importancia do silencio na nosa saúde e nas nosas vidas, etc.
- Competencia dixital e comunicación audiovisual:a través da creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non so música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actuacións final de curso, ben na propia aula ou no Salón de Actos.	As obras musicais traballadas ao longo do curso executaranse en privado ou público na Aula de Música ou no Salón de Actos.			X
Obradoiro de Batucada con Didier Díaz	Asistencia do grupo a un Obradoiro de Percusión batucada para poñer en práctica os aspectos rítmicos , tímbricos e interpretativos do 2º curso.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiro concerto de instrumentos aerófonos	Asistencia do grupo a unha charla concerto de membros da Banda de Música da Escola de Musica de Salcedo (Pontevedra)			X

Observacións:
De xurdir outras actividades que se consideren de interese polo Departamento, serán indicadas á Vicedirección con tempo suficiente para realizalas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ben ou acadado
Metodoloxía empregada
Ben ou acadado
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Ben ou acadado
Medidas de atención á diversidade
Ben ou acadado
Clima de traballo na aula
Ben ou acadado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Ben ou acadado
Outros
Adecuación de todas as tarefas docentes ao tempo laboral real do profesorado.
Dificultade para impartir a docencia ante o comportamento cada vez máis disruptivo do alumnado

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite mellorala, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos

docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:
- Comprobarción dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a correción da temporalización. e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útis e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativod e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Adecuación real do tempo laboral semanal dos docentes para o desenvolvemento da programación. Existe un abuso na cantidade de tarefas que debe realizar o profesorado e a numerosísima ratio de alumnado por profesor/a. Para poder abordar as tarefas, cada xornada laboral debe ter un mínimo de entre 12 e 14 horas, e non sempre 60 horas de traballo á semana son suficientes (incluíndo fins de semana, festivos e vacacións).
- Dificultade para impartir a docencia ante o comportamento cada vez máis disruptivo do alumnado. É sorprendente a presencia de comportamentos e actitudes pouco sociais, antisociais ou directamente disruptivas nun maior de alumnado por aula, facendo que a tarefa docente sexa cada vez máis reducida, máis difícil e ingrata.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.
Os ítems anteriores avaliaranse mediante os indicadores ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente" , valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.
Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens de cara ao ano seguinte, incluída a adaptación das excesivas tarefas laborais ao tempo real laboral dos docentes.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	2º ESO	1	35

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 3

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 4

4.1. Concrecións metodolóxicas 7

4.2. Materiais e recursos didácticos 7

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 7

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 7

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 8

6. Medidas de atención á diversidade 8

7.1. Concreción dos elementos transversais 8

7.2. Actividades complementarias 8

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 9

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 9

9. Outros apartados 9

1. Introdución

Esta materia pretende, a tavés dun traballo vivencial, mellorar a autoestima, a xestión emocional e a resolución de conflictos no alumnado.Asi mesmo, tamen pretende que o alumnado sexa quen de reflexionar sobre os estereotipos de xénero aínda vixente na sociedade. Este proxecto ten como obxectivo último, que ao alumnado dispoña de ferramentas para vivir cunha maior autoestima e mellor xestión emocional.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, con control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Construir autoestima. Xestionar emocións. Propiocepción	Como crear unha boa autoestima, empregando mensaxes eu, falándonos con agarimo . As emocións como parte intrínseca nosa, que debemos recoñecer no noso corpo para `podelas xestionar. Visualizando as fortalezas e traballando en positivo nas debilidades. Traballo na propiocepción ou sentido que nos permite percibir a ubicación, o movemento e a acción das distintas partes do corpo.	33	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Enfrontar o conflicto. Traballar a escoita activa e a consciencia corporal.	Tipos de resolución do conflicto. Estratexias.Tipos de comunicación:asertiva, agresiva e pasiva.Exercicios de respiración e relaxación para ir construindo consciencia corporal.	33	12		X	
3	Desaprender a ser home e a ser muller. Novas feminidades e novas masculinidades. Traballar con visualizacións e relaxacións	Roles de xénero. Novos xeitos de ser home e de ser mulleres.Conseguir que a mente se silencie e o corpo se poida sentir a través das relaxacións e das visualizacións guiadas.	34	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Construir autoestima. Xestionar emocións. Propiocepción	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Que o alumnado recoñeza a importancia do proxecto	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Que o alumnado identifique a importancia dos recursos necesarios para realizar o proxecto		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Que o alumnado seleccione apropiadamente a información cun pequeno asesoramento.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Que o alumnado xestione aceptablemente os tempos para a execución do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Que o alumnado teña certo grado de previsión e resolución de eventuais incidencias.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e coa temporización prevista	Que o alumnado sexa quen de facer as actuación solicitadas en tempo eforma.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Que o alumnado axeite as súas compencias para facer o traballo requerido de xeito apropiado.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Que o alumnado empregue o material e recursos previstos de forma axeitada.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Que resolva os pequenos contratempos e alerte dos graves ao profesorado.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valoración positiva dos seus logros e asertiva dos seus fracasos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Que o alumnado presente en tempo e forma o proxecto realizadoi.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Que o alumnado sexa quen de explicar con claridade e seguridade o seu traballo.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Que o alumnado teña unha boa postura corporal e expresividade á hora de expoñer o seu traballo.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Que o alumnado teña unha xestión emocional axeitada.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Bo emprego das tecnoloxías necesarias para presentar o seu proxecto		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
2	Enfrontar o conflicto. Traballar a escoita activa e a consciencia corporal.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e coa temporización prevista	Que o alumnado temporalice e faga o traballo seguindo en boa medida dita temporalización.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Que o alumnado axeite as súas compencias para facer o traballo requerido de xeito apropiado.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar os recursos axeitados para poder facer o proxecto.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver os pequenos contratempos e informar ao profesorado dos problemas graves.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valoración positiva dos seus logros e asertiva dos pequenos erros.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto de forma apropiada.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Que o alumnado sexa quen de explicar con claridade e seguridade o seu traballo.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Que o alumnado teña unha boa postura corporal e expresividade á hora de expoñer o seu traballo.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Que o alumnado teña unha xestión emocional apropiada.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Bo emprego das tecnoloxías necesarias para presentar o seu proxecto		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
3	Desaprender a ser home e a ser muller. Novas feminidades e novas masculinidades. Traballar con visualizacións e relaxacións	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Que o alumnado presente o traballo en tempo e forma.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Que o alumnado sexa quen de explicar con claridade e seguridade o seu traballo.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Que o alumnado teña unha boa postura corporal e expresividade á hora de expoñer o seu traballo.	TI	100
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Que o alumnado teña unha xestión emocional apropiada.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Bo emprego das tecnoloxías necesarias para presentar o seu proxecto		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao empezar cada sesión o alumnado, de un en un, irá decindo con que emoción entra na aula. Ao rematar tamen cada un exporá con que emoción se vai e con que reflexión queda trala sesión.
O traballo na aula consistirá nalgunhas sesións en debater co alumnado sentado en círculo, o tema que abordemos na unidade didáctica. Estes debates serán respectuosos coas intervencións de todo o alumnado. Noutras clases as dinámicas serán en movemento, ven con xogos,ven con relaxación ou visualizacións guiadas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Empregaremos:
1) Folios
2) Bolis
3) Lápices de cores
4) Colchonetas
5) Balóns

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Á avaliación inicial fareina de xeito oral. Fareille varias preguntas e dinámicas coa finalidade de detectar problemas de autoestima ou de xestión emocional.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**33**	**33**	**34**	**100**
Táboa de indicadores	100	100	100	**100**

Criterios de cualificación:

En cada avaliación:
1. O traballo realizado en clase terá un peso do 80%.
2. Haberá que emtregar un ou dous proxectos que terán un peso dun 20%.
3. Antes da avaliación farase unha proba. Para o alumnado que xa este aprobado polo método anterior, esta proba so lle posderá subir a cualificación (de ser máis baixa que a anterior, non se terá en conta, de ser máis alta porase esta última).Para o alumnado que suspendera polo método anterior dalle unha seguna oportunidade de recuperar a nota.
A nota final de Proxecto Competencial:
1. A nota final da materia será a media aritmética das notas das tres avaliacións (despois das recuperacións se estas fosen necesarias).

Criterios de recuperación:

Farase unha proba escrita ao inicio da segunda e da terceira avaliación para recuperar as unidades suspensas ata o momento. Ao final da última avaliación farase unha proba escrita das unidades que cada alumno ou alumna teña suspensas. Aas notas que teñan nestas probas será a cualificación que obterán en cada avaliación

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non hai alumnado coa materia pendente.
De habelo, daríanselle cuestionarios con preguntas das distintas unidades didacticas. O alumnado entregaría estes cuestionarios e se lle devolverían correxidos. Despois deberìa facer dúas probas escritas, un primer parcial e xaneiro e un segundo parcial en maio (ou final se o primeiro parcial non foi superado). A nota da materia será a media en caso de ter as dúas probas superadas ou a cualificación obtida na última proba escrita de non superar o primeiro parcial.

6. Medidas de atención á diversidade

Esta materia está enfocada para traballar as unidades didácticas adaptándose as peculiaridades e os distintos estados de ánimo do alumnado. Esta metodoloxía na que prima a individualidade, é en si mesma, atención á diversidade.Non obstante adaptaranse todas as actividades ás distintas habilidades e circunstancias persoales de cada alumna e alumno.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Educación para a paz, empatia, asertividade, resolución pacifica de conflictos, feminismo	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Practica no patio do IES Luís Seoane	Práctica de desbloqueo articular ao aire libre	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Grado de axuste das unidades programadas e as traballadas no grupo
Feedback do alumnado e a miña práctica docente
Feedback do alumnado e a miña práctica docente
Feedback do alumnado e a miña práctica docente

Descrición:

Á adecuación da programación así como a planificación a valoro ao final do trimestre comparando a miña proposta coa que levei a cabo na aula.
Para os outros indicadores de logro, ao rematar cada avaliación paso un cuestionario anónimo ao alumnado no que lles consulto a súa impresión sobre a metodoloxía, a organización da aula e o clima de traballo, asi tamen como propostas de mellora. Toda esta información a confronto coas miñas sensacións durante a avaliación.
Con estes dous instrumentos poderei valorar axeitadamente os indicadores de logro.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Cad avaliación farei un seguemento da programación, avaliarei a súa efectividade e presentarei propostas de mellora.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Relixión católica	2º ESO	1	35

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 5

3.1. Relación de unidades didácticas 6

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 7

4.1. Concrecións metodolóxicas 22

4.2. Materiais e recursos didácticos 24

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 24

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 24

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 25

6. Medidas de atención á diversidade 26

7.1. Concreción dos elementos transversais 27

7.2. Actividades complementarias 27

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 28

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 29

9. Outros apartados 29

1. Introdución

Esta programación foi elaborada en coherencia co seguinte marco legal:
Normativa estatal
Ley Orgánica 2/2006 (LOE), de 3 de maio, de Educación.
Ley Orgánica 3/2020 (LOMLOE), de 29 de diciembre, pola que se modifica a actual Lei Orgánica 2/2006 (LOE), de 3 de maio, de Educación.
Real Decreto 984/2021, de 16 de noviembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliaciónn, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional.
Real Decreto 243/2022, de 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas del Bacharelato.
Normativa Autonómica
Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
Currículo de Relixión Católica
Resolución de 21 de xuño de 2022, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se publican os currículos das ensinanzas de relixión católica correspondentes a Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.
Coa incorporación da materia de Relixión ao currículo de Educación Secundaria Obrigatoria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a un tempo educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000.
A LOMLOE, ademais, no primeiro apartado do seu primeiro artigo, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cúmprese así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica proponse como materia curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado.
O currículo da materia de Relixión Católica é resultado dun fecundo diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Secundaria Obrigatoria. O deseño curricular da materia de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de reimaxinar os futuros da educación priorizando o aprender a ser e a vivir con outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, a escoita das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común.
Especialmente, o currículo de Relixión Católica ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da

educación neste século XXI.
A finalidade da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que os alumnos e alumnas adquiran os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico-tecnolóxico e motor; desenvolver e consolidar os hábitos de estudo e de traballo, así como hábitos de vida saudables, preparándoos para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral; e formalos para o exercicio dos seus dereitos e obrigacións da vida como cidadáns e cidadás.

Coa súa identidade e natureza, a materia de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Secundaria Obrigatoria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á maduración do proxecto persoal e profesional, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá e os seus principios e valores sociais. Responde á necesidade de comprender criticamente e mellorar creativamente nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento do proxecto vital que aspira á súa realización persoal e á súa inserción social nos ámbitos propios da vida adulta.

A materia de Relixión Católica na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspirados na antropoloxía cristiá, enriquécese o proceso formativo do alumnado, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propios da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal; a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social; e a aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior.
Estas achegas do currículo de Relixión Católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos, fortalecen o poder transformador da escola e supoñen unha contribución propia ao perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

A estrutura do currículo de Relixión Católica intégrase no marco curricular da LOMLOE e é análoga ás das outras áreas e materias escolares, contribuíndo como estas a o desenvolvemento das competencias clave a través dunha achega específica. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.
A presente programación adáptase ao ritmo e necesidades do momento evolutivo no que se atopa o alumnado, mantendo a coherencia na secuenciación dos contidos, a metodoloxía e as claves pedagóxicas para a etapa.

De acordo co modelo competencial establecido pola LOMLOE, esta programación céntrase no desenvolvemento práctico de habilidades e competencias fundamentais tanto para o progreso persoal do alumnado como para a súa participación activa na sociedade.
Todos os elementos que constitúen o proceso de Aprendizaxe competencial intégranse en situacións de aprendizaxe. Estas situacións contextualizadas implican a posta en práctica, de forma integrada, de competencias e saberes, a través dun problema motivador, relevante e significativo.
Os docentes da materia de Relixión Católica propoñemos situacións de aprendizaxe estimulantes, significativas e integradoras, contextualizadas e respectuosas co proceso de desenvolvemento integral do alumnado en todas as súas dimensións. Estas situacións de aprendizaxe terán unha formulación precisa das aprendizaxes esenciais da materia de Relixión Católica que se esperan conseguir. Estas situacións presentarán retos ou problemas cunha complexidade coherente co desenvolvemento do alumnado, cuxa resolución implique a realización de distintas actividades e a mobilización das aprendizaxes que se buscan para a creación dun produto ou a resolución dunha acción; favorecerán a transferencia das aprendizaxes adquiridas na materia de Relixión a contextos da realidade cotiá do alumnado, en función do seu progreso madurativo. Búscase contribuír ao diálogo, ao pensamento creativo e crítico, así como á inclusión, a sustentabilidade e a cidadanía global.
As situacións de aprendizaxe na materia de Relixión Católica teñen en conta os centros de interese do alumnado e posibilitan a mobilización coherente e eficaz dos distintos coñecementos, destrezas, actitudes e valores propios desta materia.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar, valorar e expresar os elementos crave da dignidade e identidade persoal a través da interpretación de biografías significativas, para asumir a propia dignidade e aceptar a identidade persoal, respectar a dos outros, e desenvolver con liberdade un proxecto de vida con sentido.	1-3			1-4	1-2-4-5		2-3	3
OBX2 - Valorar a condición relacional do ser humano, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais orientadas á xustiza e á mellora da convivencia tendo en conta o maxisterio social da Igrexia, para aprender a vivir con outros e contribuír á fraternidade universal e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Asumir os desafíos da humanidade desde unha perspectiva inclusiva recoñecendo as necesidades individuais e sociais, discernídoos coas claves do Reino de Deus, para implicarse persoal e profesionalmente na transformación social e o logro do ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Interpretar e admirar o patrimonio cultural nas súas diferentes expresións, recoñecendo que son portadoras de identidades e sentido, apreciando como o cristianismo se ha encarnado en manifestacións diversas, para desenvolver sentido de pertenza, participar na construción da convivencia e promover o diálogo intercultural no marco dos dereitos humanos.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Recoñecer e apreciar a propia interioridade, a experiencia espiritual e relixiosa, presente en todas as culturas e sociedades, comprendendo a experiencia de personaxes relevantes e valorando as posibilidades do relixioso, para discernir posibles respostas ás preguntas sobre o sentido da vida, e favorecer o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Identificar e comprender os contidos esenciais da Teoloxía cristiá, contemplando e valorando a contribución da tradición cristiá á procura da verdade, para dispoñer dunha síntese do cristianismo que permita dialogar con outras tradicións, paradigmas e cosmovisións.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Son especial.	A experiencia e a certeza de sentirse querido é esencial na construción persoal. Esta situación de aprendizaxe pretende que o alumnado identifique, recoñeza e valore na creación e nos demais a expresión, para os cristiáns do amor de Deus.	15	5	X		
2	Teño un bó equipo.	Esta situación de aprendizaxe pode axudar ao alumnado a descubrir que para coñecernos e medrar son necesarios os demais. É importante que o alumnado reflexione sobre o que se experimenta en soidade.	10	4	X		
3	Viaxe ao interior de min.	Esta situación de aprendizaxe pretende que o alumnado descubra que dentro del hai unha vida interior preciosa por descubrir. Pódeselles presentar como a viaxe interior de cada persoa. Canto máis nos coñecemos, máis sacaremos o mellor de nós mesmos. As persoas somos un todo, o externo e o interno.	10	4	X		
4	Son único e irrepetible.	Esta situación de aprendizaxe pretende que os alumnado descubra que cada persoa é única e irrepetible. Cada persoa, aínda que diferente ten a súa propia riqueza e singularidade, desta forma daranse conta de que son un valor en si mesmos.	15	4		X	
5	Non son.	Esta situación de aprendizaxe convida ao alumnado a comprender que non somos illas, que estamos rodeados de persoas e non todas son iguais. Cada unha é diferente, cada unha ten os seus propios gustos ou formas de pensar. Tamén descubrimos persoas que se senten excluídas ou afastadas da sociedade, vivindo nela, pero sen telas en conta. É importante que o alumnado sexa consciente e descubra que todas as persoas teñen que contar dentro da sociedade.	10	4		X	
6	Son para todos.	Esta situación de aprendizaxe vaise centrar na capacidade que temos de axudar aos demais e como todas as persoas somos necesarias. As persoas pensamos que sen axuda non poderiamos subsistir, con todo, podemos achegar moito á sociedade, xa sexa a nosa familia, colexio, barrio ou cidade.	10	4		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Somos distintos.	Esta situación de aprendizaxe convida a descubrir a beleza que hai nas outras persoas que son diferentes a nós. O que nos poden achegan e o que podemos sumar todos xuntos á sociedade.	15	5			X
8	O noso contrasinal.	Nesta situación de aprendizaxe o que se pretende é que o alumnado descubra de onde veñen as diferentes opinións, quen crea as cousas que nós adoitamos repetir. No fondo, que o alumnado descubra de onde saca as opinións, que valor lle dá ao que oe ou ve en diferentes ambientes.	15	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Son especial.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Describe os trazos fundamentais que debe ter a identidade persoal. Asume e comprende os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal. Toma consciencia dos trazos e dimensións da identidade persoal. Descobre en diversas situacións vitais de todas as dimensións humanas.	TI	100
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Determina as características da visión bíblica sobre o ser humano. Relaciona a dignidade persoal coa visión bíblica do ser humano. Respecta e recoñece a dignidade persoal de todos os seres humanos. Aprecia a dignidade da persoa relacionándoa coa visión cristiá da persoa e da vida.		
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Alcanza habilidades e actitudes de relación con outros. Dispón de estratexias sociais efectivas de reflexión, de comunicación e de inclusión. Sitúa estratexias efectivas de axuda mutua e de participación nas súas relacións sociais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Desenvolver empatía e recoñecemento da diversidade persoal e social, inspirándose no ser relacional de Deus, manifestado na historia da salvación.	Mostra empatía da diversidade persoal e social. Recoñece a diversidade persoal e social. Toma en conta a historia da salvación como modelo de ser relacional. Descobre que o ser humano é un ser relacional a exemplo do ser relacional de Deus.		
CA1.6 - Analizar as necesidades sociais, identificando as situacións de inxustiza, violencia e discriminación, coas súas causas, discerníndoaas segundo o proxecto do Reino de Deus, implicándose en propostas de transformación social.	Contempla os desafíos da humanidade identificando as situacións de violencia e discriminación. Considera as necesidades sociais, identificando as situacións de inxustiza. Identifica situacións de inxustiza, violencia e discriminación. Implícase en propostas de transformación social.		
CA1.7 - Situar e interpretar as expresións culturais e as súas linguaxes nos seus contextos históricos, apreciando a súa contribución á identidade persoal e social e aos Dereitos Humanos, facilitando a convivencia e o diálogo intercultural.	Comprende o valor do patrimonio cultural. Interpreta as expresións culturais. Recoñece a importancia das expresións culturais á defensa dos Dereitos Humanos e da identidade persoal. Confirma a importancia de interpretar as expresións culturais para a convivencia e o diálogo intercultural.		
CA1.8 - Razoar como a fe cristiá, no presente e ao longo da historia, fíxose cultura, interpretando o patrimonio literario, artístico e cultural e valorándoo como expresión da encarnación da mensaxe cristiá en diferentes linguaxes.	Descobre a importancia da fe cristiá no presente e ao longo da historia. Expresa a importancia da fe cristiá no desenvolvemento da cultura. É capaz de interpretar o patrimonio literario, artístico e cultural desde a fe cristiá. Toma consciencia da importancia da presenza da fe cristiá na cultura.		
CA1.9 - Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas, coñecendo a especificidade da espiritualidade xudeocristiana e doutras relixións.	Recoñece a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social. Aprecia en todos os pobos e culturas as súas experiencias espirituais e relixiosas. Explica e coñece a espiritualidade xudeocristiana. Considera a experiencia espiritual e relixiosa presente noutras relixións.		
CA1.10 - Respectar as diferentes igrexas e tradicións relixiosas, coñecendo e valorando as crenzas, ritos, símbolos e principios de cada unha delas, tendo elementos de xuízo persoal que favorezan o diálogo interrelixioso.	Respecta as diferentes igrexas e tradicións relixiosas. Mostra curiosidade e aprecio cara ás crenzas, símbolos e ritos das igrexas e tradicións relixiosas. Comprende as diferentes confesións relixiosas. Valora as posibilidades do relixioso e a dimensión espiritual propia da natureza humana.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa. - A espiritualidade e a experiencia relixiosa como realización humana e social. A súa relación cos sacramentos. - Aprecio da oración e a contemplación na tradición xudeocristiana e outras relixións como encontro coa bondade, a verdade e a beleza e posibilidade para o diálogo intercultural e interrelixioso. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - As claves bíblicas de Alianza, Pobo, e Historia na comprensión da dimensión creatural e relacional da persoa e as súas consecuencias. - Comprensión dos símbolos e as celebracións da liturxia cristiá, dos sacramentos e da súa teoloxía. - Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas máis desfavorecidas. - Dinámicas persoais e sociais que dificultan ou impiden a construción do ben común, á luz do Evanxeo e da Tradición cristiá. - As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade. - A valoración positiva da Igrexa cara á diversidade relixiosa e as súas expresións. - Situacións próximas de inxustiza e exclusión analizadas criticamente desde o maxisterio social da Igrexa.

UD	Título da UD	Duración
2	Teño un bó equipo.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Describe os trazos fundamentais que debe ter a identidade persoal. Asume e comprende os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal. Toma consciencia dos trazos e dimensións da identidade persoal.	TI	100
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Determina as características da visión bíblica sobre o ser humano. Relaciona a dignidade persoal coa visión bíblica do ser humano. Respecta e recoñece a dignidade persoal de todos os seres humanos. Aprecia a dignidade da persoa relacionándoa coa visión cristiá da persoa e da vida.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Alcanza habilidades e actitudes de relación con outros. Dispón de estratexias sociais efectivas de reflexión, de comunicación e de inclusión. Sitúa estratexias efectivas de axuda mutua e de participación nas súas relacións sociais. Mellora as habilidades e actitudes na familia e na escola.		
CA1.4 - Desenvolver empatía e recoñecemento da diversidade persoal e social, inspirándose no ser relacional de Deus, manifestado na historia da salvación.	Mostra empatía da diversidade persoal e social. Recoñece a diversidade persoal e social. Toma en conta a historia da salvación como modelo de ser relacional. Descobre que o ser humano é un ser relacional a exemplo do ser relacional de Deus.		
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Promove e participa en accións e actitudes de xustiza e solidariedade. Toma consciencia e respecto a toda a diversidade das persoas desde unha perspectiva inclusiva. É consciente da responsabilidade compartida de xustiza. Defende a xustiza e solidariedade a toda a humanidade.		
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Recoñece na persoa de Xesús o núcleo esencial do cristianismo. Identifica como piar esencial do cristianismo á Biblia. Identifica a Biblia como libro do Pobo de Deus. Valora as achegas da Biblia á vida das persoas e as sociedades.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa. - Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus. - Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersoal. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - As claves bíblicas de Alianza, Pobo, e Historia na comprensión da dimensión creatural e relacional da persoa e as súas consecuencias. - Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade.

Contidos
- A proposta ética e relixiosa do Reino de Deus en sociedades plurais. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas máis desfavorecidas. - As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
3	Viaxe ao interior de min.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Describe os trazos fundamentais que debe ter a identidade persoal. Asume e comprende os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal. Toma consciencia dos trazos e dimensións da identidade persoal.	TI	100
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Determina as características da visión bíblica sobre o ser humano. Relaciona a dignidade persoal coa visión bíblica do ser humano. Respecta e recoñece a dignidade persoal de todos os seres humanos. Aprecia a dignidade da persoa relacionándoa coa visión cristiá da persoa e da vida.		
4.1. Concrecións metodolóxicas

O obxectivo da materia é que o alumnado adquira coñecementos xeográficos e históricos que lles permitan establecer relacións causa-efecto e pasado-presente. Para tal fin será importante apelar tamén aos coñecementos previos.
As unidades temáticas do curso poden abordarse dunha perspectiva cronolóxica ou transversal, se ben se procurará privilexiar a perspectiva cronolóxica.
As aulas habitualmente terán dúas partes diferenciadas: unha primeira en que o profesor interactuará co alumnado na explicación dos contidos e tarefas; e unha segunda en que o alumnado realice quer na súa computadora, quer no caderno as diferentes actividades propostas e que garden relación co visto previamente.
Tamén haberá traballos en grupo que serán presentados na aula.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Apuntamentos do docente
EDIXGAL
Fichas fotocopiables
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado
Materiais informáticos
Material audiovisual
Mapas xeográficos e históricos
Documentarios
Material funxible
Prensa (dixital)

O libro de texto dixital en Edixgal será o da editorial Edebé combinado cos das outras editoriais. Este libro é o suporte fundamental de traballo, onde se aglutinarán os contidos e boa parte das actividades a realizar; en moitos casos, editado pola docente para unha maior adaptación ao alumnado e ao currículo.
Tamén vanse empregar materiais de múltiplos formatos como pequenos vídeos relacionados coa materia e, especialmente, artigos de prensa de actualidade para que o alumnado aprenda a relacionar os contidos teóricos vistos nas aulas (xeografía, economía, política, cultura...) coa súa realidade inmediata.
O alumando deberá ter un caderno de traballo onde vaia realizando as tarefas de xeito ordenado e con boa presentación. Este será máis unha mostra do traballo e progresión de cada alumno e alumna.
Ademais están os recursos facilitados a través de EDIXGAL e que deberán ser realizados e entregados a través da mesma plataforma.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha avaliación inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade do alumnado. Así mesmo permitirá valorar a diversidade que nos atopamos na aula.
En dita avaliación inicial pódense empregar diferentes instrumentos de avaliación. Por unha banda, pode facerse unha proba escrita (de preguntas, de completar textos, análise de mapas, etc.) na que se avaliarán contidos histórico-xeográficos; pola outra banda, pode desenvolverse unha avaliación máis aberta sobre diversos temas curriculares que permita coñecer as destrezas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	**UD 1**	**UD 2**	**UD 3**	**UD 4**	**UD 5**	**UD 6**	**UD 7**
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**10**	**10**	**11**	**6**	**12**	**12**
Proba escrita	75	75	75	75	75	75	75
Táboa de indicadores	25	25	25	25	25	25	25

Unidade didáctica	**UD 8**	**UD 9**	**UD 10**	**UD 11**	**UD 12**	**Total**
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**12**	**5**	**1**	**1**	**100**
Proba escrita	75	75	75	75	75	**75**
Táboa de indicadores	25	25	25	25	25	**25**

Criterios de cualificación:

A nota de cada avaliación estará formada, nun 75% pola cualificación mediante as probas específicas a realizar a aula e horario lectivo; e nun 25% pola valoración do traballo desenvolvido polo alumnado.
Probas específicas:
A cualificación das probas escritas será de 0 a 10. O enunciado de cada pregunta estará acompañada da puntuación outorgada a mesma e a suma do total deberá dar 10.
Haberá coma mñinimo unha proba escrita por avaliación; ficando a criterio do profesorado o modelo de preguntas e o número das mesmas en cada proba. Da media dos exames resultará a nota da avaliación por este apartado. Á cualificación media final dos exames de cada avaliación será aplicábel a porcentaxe establecida (75%).
Traballo do alumnado:
Comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado (traballos escritos, informes, redaccións, comentarios, presentacións en ordenador, cadernos, resumos, exposicións, etc.).
O desglose do 25 % aplicado neste apartado será o seguinte:
- Traballo diario (actividades a facer a través de EDIXGAL e no caderno): 10% no que se contabilizará a participación na aula e a disposición do alumnado cara a materia.
-Traballos de análise e investigación (tarefas a facer a través de EDIXGAL e no caderno): 15%
A materia estará dividida en tres partes, correspondentes a cada unha das avaliacións do curso. Para aprobar a materia precísase obter avaliación de 5 (cinco) ou superior na media ponderada das tres avaliacións.

A nota final da Convocatoria Ordinaria será resultado da media ponderada das tres avaliacións do curso sendo o resultado de realizar a seguinte operación:
Nota final= [(Nota 1ª aval. x 25)+ (Nota 2ª aval. x 35)+ (Nota 3ª aval. x 40)] / 100.
Para poder aprobar cada avaliación será imprescindible obter unha calificación de cinco (5) ou superior na nota da avaliación.
Ter unha avaliación suspensa implica a obrigación de recuperala.
Nas notas da avaliación, que só admiten números enteiros, aplicarase o seguinte criterio:

- Si o alumno ou alumna obtivo como promedio unha cifra enteira, transcribirase esta sen alteracións nas actas.
- Si o alumno ou alumna obtivo como promedio unha nota con décimas, na súa transcrición nas actas de avaliación:
  - Redondearase ao enteiro superior no caso de que tales décimas teñan un valor igual ou maior de seis (exemplo: 7,6 se transcribirían nas actas como un 8), sempre que a nota chegue ou supere o 5.
  - Redondearase ao enteiro inferior no caso de que estas teñan un valor inferior a seis (exemplo: 6,4 ou 7,3 se transcribirían como un 6 ou un 7).

- Se un alumno ou alumna é descuberta copiando nun exame, falando con compañeiros ou utilizando sistemas electrónicos para copiar, cualificaráselle con un 0, e repetirase o exame ao final da avaliación
- No caso de inasistencia por parte do alumnado, xustificada ou non, a un exame marcado polo profesor o exame realizaráse ó final da avaliación correspondente (a mesma semana da data de avaliación).

Aclaracións adicionais:

<u>Garantía de xustiza e transparencia nas probas de avaliación:</u>

Co obxectivo de evitar o fraude e garantir a igualdade de condicións, a xustiza nas cualificacións e a equidade entre o alumnado, así como de premiar o verdadeiro esforzo e a demostración real das competencias adquiridas, establécese o seguinte protocolo:

1. Medidas preventivas: Ao comezo das probas de avaliación o alumnado deberá gardar na súa mochila ou bolso todos os dispositivos electrónicos (teléfonos móbiles, reloxos intelixentes ou calquera outro sistema similar).
2. Ante a utilización de métodos fraudulentos en probas escritas.

No caso de sospeitar que un alumno ou alumna cometeu fraude durante a realización dunha proba, e de acordo coa presunción de veracidade dos feitos constatados polo profesorado, recollida na RESOLUCIÓN do 5 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (DOG do 13 de xuño de 2025, Capítulo I, Terceiro, apartado 3), o profesorado tomará medidas de forma inmediata.
En calquera das avaliacións toda proba escrita poderá anularse se existe constancia, mesmo a posteriori, de que o alumno copiou, de que se permitiu que outros copiasen ou se hai indicios claros de ter utilizado medios fraudulentos durante a realización do exame (chuletas, intercambio de exames, uso do teléfono móbil, reprodutores de mp3, smartwatch, miniauriculares ou calquera outro medio dixital). No caso de que existan sospeitas do uso de métodos fraudulentos nas probas escritas o docente poderá someter os exercicios do alumnado á análise de detectores de IA (QuillBot, ZeroGPT, etc).

- No caso de que o alumno sexa pillado in fraganti, retiraráselle o exame e o profesor ou profesora repetirallo de xeito oral inmediatamente.
- Se os indicios de uso de métodos fraudulentos son percibidos durante a realización das probas, o profesor/a poderá formularlle ao alumno/a preguntas de xeito oral de maneira inmediata á entrega da proba, coa finalidade de probar a súa autoría.
- No caso de non ter sido sorprendido ao alumno ou alumna in fraganti durante a realización da proba, e ante a existencia de indicios claros de fraude (incongruencias na redacción, exhaustividade minuciosa en datos teóricos moi concretos fronte a partes prácticas en branco ou con erros graves, respostas perfectas a cuestións non plantexadas, mesma elección de opcións en varias probas, respostas literais palabra por palabra iguais a documentos en PDF ou webs doadamente localizables en internet -wikipedia, dicionarios, blogs...) quedará a criterio do

departamento (reunido en sesión extraordinaria) a decisión de manter ou anular a proba.
No caso da anulación da proba, o profesor/a pode realizala novamente de xeito oral ou escrito. O profesorado das distintas materias poderá, en calquera caso, solicitar por parte do alumnado as aclaracións que considere oportunas para decidir a repetición ou non da proba. A repetición da proba ou de partes da proba realizarase coa presencia doutro docente do departamento didáctico que sexa alleo á materia e/ou estudante. A cualificación da segunda proba oral ou escrita será a definitiva.
Esta situación comunicarase aos titores legais do alumno/a no caso de ser este menor de idade.
No caso de que se puidera demostrar o uso irregular de dispositivos móbiles e/ou o fraude nas probas de avaliación, aplicarase inmediatamente o procedemento corrector dacordo coas NOF do centro (Título II, Capítulo II, Artigo 20., apartado u), sobre o uso de dispositivos móbiles.; e Título III, Capítulo V, Artigo 51, apartado m sobre a falsificación de calquera documento oficial).

Utilización de métodos fraudulentos noutros instrumentos de avaliación.
No caso da presentación de traballos individuais ou grupais nos que se detecte que non foron feitos pola alumna ou alumno senón por outra persoa, serán cualificados cun 0, ao igual que cando nun traballo se detecta que é un mero copia-pega dalgunha páxina de Internet, ou de calquera outro programa informático, aplicación ou intelixencia artificial.

Avaliación e cualificación do alumnado que participe en mobilidades ERASMUS/UNESCO:
Todo o alumnado que faga unha mobilidade de curta ou longa duración terá garantida toda a colaboración e flexibilidade do profesorado para facilitar a súa reincorporación. O profesorado presentará por escrito como xestionará a volta á clase do alumnado, explicando as medidas que vai empregar.
Este Acordo de aprendizaxe incluirá:
• Os contidos que se van esixir (unha vez suprimidos todos aqueles que non sexan esenciais). Na presente materia a integridade dos contidos serán considerados esenciais.
• Os materiais necesarios para traballar durante a mobilidade.
• A maneira de avaliar e o momento, sendo imprescindible a coordinación do profesorado para evitar a sobrecarga.
• A prórroga de probas escritas ata que o profesorado sexa quen de transmitir aqueles coñecementos esenciais obxecto da proba e que o/a alumno/a non puido xestionar sen axuda.
• A avaliación mediante outros procedementos como traballos (non só probas obxectivas escritas) que se poidan realizar durante a mobilidade, ou o que considere o/a docente.
Na presente materia, os instrumentos para avaliar ao alumnado que retorne dunha mobilidade ERASMUS/UNESCO serán exactamente os mesmos que os empregados para avaliar ao grupo ordinario: probas escritas (90%) e táboas de indicadores (traballos de investigación, debates, presentacións orais, etc., cun peso do 10%).

Criterios de recuperación:

Das avaliacións suspensas existirá unha recuperación despois da avaliación trimestral. Farase unha proba escrita de recuperación da avaliación por trimestre que terá lugar o comezo do trimestre seguinte coa excepción da terceira avaliación.
A nota da recuperación repercutirá para a media da avaliación final.
A nota da proba de recuperación ponderará o 75% da avaliación a recuperar; e as actividades feitas con anterioridade continuarán a ponderar o 25%.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

As materias pendentes recuperaranse coa elaboración (ao longo do curso e de maneira pautada e temporalizada polo profesorado) dun boletín de actividades e coa realización dun control escrito. A entrega do cartafol ou boletín e a relación do control será por trimestres.
A cualificación será: 20% do cartafol e 80% do control escrito sobre as preguntas do boletín.
Realizaranse dúas probas escritas, en datas determinadas pola xefatura de estudos (xaneiro e maio).
A nota final da materia pendente é a nota do boletín máis a do control escrito. farase a media das dúas cualificacións (xaneiro e maio).

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:
Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facelo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotÍvase máis. Neste sentido aplicaranse os protocolos de TDAH e dislexia.
As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado na que se indica que, en coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñarase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:
1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.
Contémplase tamén un Plan específico personalizado para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social							X	
ET.2 - Educación ambiental								
ET.3 - Educación para a igualdade		X						
ET.4 - Emprendemento								
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible								

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.7 - Educación para a paz				X			X	X
ET.8 - Educación para o consumidor								

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social				X
ET.2 - Educación ambiental		X	X	X
ET.3 - Educación para a igualdade		X		
ET.4 - Emprendemento			X	X
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita				
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible		X	X	X
ET.7 - Educación para a paz				
ET.8 - Educación para o consumidor		X	X	X

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.
Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.
O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.
O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.
Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	complementaria	X	X	X
Asistencia a charlas ou conferencias	complementaria	X	X	X
Excursións de interese didáctico	complementaria	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Roteiros didácticos	complementaria	X	X	X
Asistencia a actos culturais conmemorativos	complementaria	X	X	X
Asistencia a representacóns teatrais	complementaria	X	X	X

Observacións:
Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.
Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real.
A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.
Estas actividades serán escollidas adecuadamente e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.
Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:
-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.
-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.
-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Demostra coñecemento da materia
Planifica leccións e avalía
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Crea ambiente de aprendizaxe
Emprega variedade de recursos
Motiva ao alumnado
Ofrece oportunidades de recuperación
É ordenado nas explicacións
Explica con claridade
Resolve dúbidas
É innovador/a
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Revisa a realización das tarefas propostas

Valora o esforzo
Sabe dirixir as clases
Cumpriu co horario de clase
Valoración xeral da materia
Os obxectivos didácticos están ben formulados
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros
Os contidos e activiades relacionáronse cos intereses do alumnado
As actividades foron variadas e motivadoras
A temporalización foi adecuada
Realizouse a avaliación inicial
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación
Os criterios de cualificación foron axustados

Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.
En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.
Este cuestionario en base á responder SI ou NON será proporcionado ao alumnado ao remate do curso para ser respondido de forma anónima. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.
Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal disponse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...).

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc.... Todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.
Para avaliar o proceso de ensino deben empregaranse os indicadores de logro establecidos na programación e comprobar o seu grao de cumprimento.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	2ª Lingua estranxeira - Francés	2º ESO	2	70

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 4

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 6

4.1. Concrecións metodolóxicas 30

4.2. Materiais e recursos didácticos 31

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 32

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 32

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 34

6. Medidas de atención á diversidade 34

7.1. Concreción dos elementos transversais 36

7.2. Actividades complementarias 37

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 38

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 38

9. Outros apartados 39

1. Introdución

A presente programación desenvolve o currículo da materia 2ª Lingua estranxeira - Francés en 2º ESO no centro educativo IES Luis Seoane.
A materia Segunda Lingua Estranxeira: Francés impártese en 2º ESO como obrigatoria e conta cunha carga semanal de 2 sesións.
No contexto definido no PEC, na PXA, no DOC e nas NOFC do IES Luis Seoane, o Departamento de Francés ten encomendada a docencia de 3 grupos da materia 2ª Lingua estranxeira - Francés en 2º ESO cun número total de alumnado de 51.
Ao iniciar o 2º curso da educación secundaria obrigatoria, o alumnado desenvolveu xa suficientemente a súa competencia comunicativa e pode recoñecer sen dificultade as esixencias de adecuación demandadas polos compoñentes das distintas situacións de comunicación; desenvolveu unha metalinguaxe suficiente para identificar diferenzas e similitudes entre as linguas; e o contacto con polo menos unha lingua estranxeira púxoo en relación, aínda que sexa elemental ou pouco profunda, con culturas e interaccións diferentes ao seu contexto habitual. Isto permitiu o desenvolvemento de actitudes de curiosidade, empatía, reflexión e tolerancia, ao que contribuiría, igualmente, a súa escolarización no noso sistema educativo, respectuoso e comprometido coa diversidade. Neste segundo curso, preténdese que o alumnado continúe a progresión na súa madurez lingüística e social para ampliar as marxes da súa competencia plurilingüe e pluricultural.
No actual contexto de globalización, o coñecemento de linguas é un requisito imprescindible. Mediante a competencia plurilingüe e pluricultural, o alumnado poderá mobilizar o repertorio plural dos recursos lingüísticos e culturais das linguas que conformen o seu repertorio lingüístico (linguas cooficiais da nosa comunidade, linguas estranxeiras -vivas ou clásicas- e linguas de migración, se é o caso) e así enfrontarse á necesidade de comunicar noutra lingua estranxeira apoiado polos coñecementos e experiencias lingüísticas e culturais adquiridos en todas as linguas coñecidas ou aprendidas.
A ensinanza de linguas estranxeiras é un proceso complexo que implica definir unha apropiada metodoloxía, unha concepción da linguaxe e a aplicación dunha estratexia didáctica que facilite ao alumnado o desenvolvemento das súas habilidades lingüísticas de acordo coas súas necesidades comunicativas. Ademais, a forma de ensinar linguas estranxeiras está relacionada co enfoque lingüístico predominante. Isto significa que existe unha estreita relación entre a teoría lingüística vixente e a metodoloxía aplicada na aula de linguas estranxeiras.
Na aprendizaxe dunha lingua estranxeira, preténdese que o alumnado valore a nivel persoal e académico a riqueza que supón o coñecemento da lingua francesa, lingua falada nos cinco continentes por máis de 200 millóns de persoas no mundo enteiro. Na Unión Europea, ocupa o 2º posto como lingua materna. Trátase da 2ª lingua máis ensinada do mundo.
Os criterios de avaliación da materia, na súa formulación competencial, aseguran a consecución dos obxectivos aos que están vinculados. A nivelación dos criterios de avaliación está adecuada á madurez, experiencias de aprendizaxe lingüísticas previas e desenvolvemento psico-evolutivo do alumnado de 2º de educación secundaria obrigatoria.
A programación está baseada no principio de flexibilidade, inclusión e atención á diversidade. Debe adaptarse ás modificacións necesarias en función das características, necesidades e intereses do alumnado e ter en conta no contexto sociocultural e económico do centro.
Todo isto obriga a ter unha maior flexibilidade á hora de programar, e sobre todo á hora de levar a cabo a práctica da programación, en función da resposta do alumnado, para intentar que poidan lograr unha base sólida, que lles permita comunicarse en francés cun nivel aceptable de autonomía. Neste sentido, é importante motivar e atender persoalmente a todo o alumnado, e intentar que sintan a materia como algo útil, que lles serve para comunicarse, e en moitas ocasións para poñerse ao día nos seus estudos e adquirir máis información á hora de integrarse no seu futuro campo profesional.
A interculturalidade, a transversalidade así como a interdisciplinariedade son constantes ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe competencial: historia (datas relevantes, acontecementos históricos), matemáticas (cálculos, problemas), xeografía, estudio do medio, lingua (etimoloxía, préstamos lingüísticos, crucigramas, referencia continua ás linguas propias), música e artes plásticas (cancións, debuxos, collages, cadros representativos da pintura europea), psicoloxía (tests persoais), literatura (cómics, poemas, escritores franceses clásicos e modernos). Isto debe conseguirse mediante o exercicio do diálogo, lecturas, material audiovisual e multimedia, o que lles permitirá asemade reforzar os seus coñecementos noutras materias que estean estudando. As actividades complementarias propostas contribúen a estas finalidades. Tamén se procurará a integración da competencia dixital ao longo do desenvolvemento desta programación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información relevante e predicible en textos sinxelos e ben estruturados, en lingua estándar relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do nivel escolar, e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma adecuada e coherente mensaxes que respondan a propósitos comunicativos cotiáns.	1	1-2	1	2	5		1	3
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións sinxelas, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3		
OBX4 - Mediar entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos simples, resumir ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer, ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-5			
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.	5	3			1-3	3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	UD1. Très joli, ce pull !	[Inclúe avaliación inicial] Décrire et donner son opinion sur des vêtements. Choisir des vêtements. Parler de quelqu'un / quelque chose. Exprimer des souhaits, proposer, demander la permission. L'intensité. Les adjectifs démonstratifs. Les verbes acheter et mettre. Les pronoms personnels COD. Les verbes vouloir et pouvoir.	10	10	X		
2	UD2. Un nouvel appartement	Décrire sa maison, sa chambre. Raconter sa routine quotidienne. Demander de faire (ou pas) quelque chose. Les verbes pronominaux. Les horaires et les moments de la journée. Les connecteurs temporels. L'impératif affirmatif et négatif.	15	10	X		
3	UD3. En cours d'EPS	Proposer des activités, accepter ou refuser quelque chose. Parler de sports. Parler de quelqu'un ou quelque chose. Exprimer une obligation. Exprimer une aptitude. Oui / Non / Si. Faire du, de la de l' + sport. Jouer au, à la + sport. Les promons personnels COD. Devoir. Savoir.	15	12		X	
4	UD4. Un week-end à la ferme	Parler de son alimentation. Exprimer la nécessité, donner des instructions. Exprimer la quantité. Parler de quelque chose sans le nommer. les articles partitifs. Boire et manger Il faut + nom / infinitif. Les unités de mesure. La quantité. Le pronom en.	20	12		X	
5	UD5. Une info incroyable	Exprimer des sensations. Parler en général. Donner une réponse négative. Raconter des événements passés. On = tout le monde. La négation. Le passé composé et le participe passé. Les expressions de temps.	20	13			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	UD6. La fête de fin d'année	Raconter des événements passés. Exprimer des actions récentes. Demander et donner une explication. Faire des comparaisons. Le passé composé (forme négative). Le passé récent. La cause. Le comparatif.	20	13			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	UD1. Très joli, ce pull !	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar o sentido global moi evidente e as informacións específicas básicas máis relevantes de textos orais, escritos e multimodais breves e moi sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e moi próximos á súa experiencia, expresados de forma moi comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar con apoio visual.	Extraer cando menos o 50% do sentido global moi evidente e das informacións específicas básicas máis relevantes	PE	35
CA1.2 - Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	De forma guiada, recoñecer e facer un uso suficiente de estratexias básicas de comprensión en textos moi elementais.		
CA1.5 - Redactar textos curtos e elementais a partir de modelos, e mensaxes moi sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións simples relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Redactar textos curtos e elementais intelixibles, ainda que se cometan erros.		
CA1.6 - Completar formularios e documentos moi básicos nos que se solicite de maneira evidente información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar cun grao de corrección suficiente (50%) formularios e documentos moi básicos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Ter consciencia dalgunhas estratexias e aplicalas na súa maioría de forma guiada.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo, e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Explicar de xeito comprensible e cun grado de corrección do 50% o proceso de produción de textos e de inferencia de significados.		
CA1.3 - Comprender descricións, narracións, instrucións elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando claramente.	Comprender cando menos o 50% de descricións, narracións, instrucións moi elementais.	TI	65
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos e elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas cotiáns e frecuentes pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Producir oralmente textos curtos elementais intelixibles, aínda que se cometan erros de pronuncia.		
CA1.8 - Participar en situacións interactivas moi básicas, pronunciando de xeito intelixible, preguntando cando non comprende e repetindo, con especial atención á articulación, á acentuación e á entoación, cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Facerse comprender cando menos no 50% das veces nas que participa en situacións interactivas moi básicas.		
CA1.9 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactuar suficientemente cando menos no 50% das veces. Pedir repeticións sempre que o precise.		
CA1.10 - Comprender preguntas básicas e dar e comprender información moi sinxela, relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar.	Comprender e dar a comprender información sinxela cando menos no 50% das veces.		
CA1.11 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción simples, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Ter consciencia da maioría das estratexias traballadas e aplicalas na súa maioría.		
CA1.12 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosar de xeito xeral esa actitude de respecto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menús, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Transmitir eficazmente a información, cando menos no 50% das ocasións.		
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Ter consciencia da totalidade das estratexias traballadas e aplicalas na súa maioría facendo uso dos recursos oportunos.		
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.	Comparar e contrastar, cando menos, as similitudes e diferenzas básicas (léxico, fonética, estruturas morfosintáxicas moi básicas...).		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Facer unha autoavaliación dos seus progresos de maneira aproximada á realidade e ser quen de aplicar algunhas das estratexias traballadas para mellorar a súa competencia comunicativa.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identificar satisfactoriamente a maioría dos progresos e dificultades na aprendizaxe. Aplicar e compartir novas estratexias de logro.		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e cultuais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñecer o 50% dos estereotipos, rexeitando o 100% dos discriminatorios e prexuizosos. De forma guiada, explicar satisfactoriamente o 50% dos casos de diversidade que se presenten.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.	Amosar respecto cara a diversidade de xeito habitual.		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Evitar estereotipos de xeito habitual. Valorar positivamente a súa competencia plurilingüe.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utilizar as convencións máis básicas adecuadamente, cando menos no 50% das ocasións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso de estratexias de uso común para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais breves, elementais e contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás moi básicas (identificar unha persoa, transmitir horarios, unha listaxe de ítems do léxico aprendido¿). - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse e presentar e presentarse; describir as características máis básicas de persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información básica sobre cuestións cotiás; narrar rutinas; dar e pedir indicacións e instrucións moi básicas; expresar o tempo (pola mañá, a mediodía¿), a cantidade e o espazo. - Uso de modelos contextuais básicos na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (notas ou recados, carteleiras ou fichas). - Utilización de unidades lingüísticas moi básicas de uso máis común e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, secuencia...), formas moi básicas da afirmación, a negación, a interrogación e exclamación, e relacións lóxicas moi básicas e simples. - Utilización de léxico moi básico e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal elemental, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural. - Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc. - Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos). - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. - Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa. - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de frases feitas e locucións básicas, para elaborar os propios textos. - Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas ¿léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.¿). - Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación. - Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes. - Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira. - Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá

Contidos
- (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira. - Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. - Sensibilidade perante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	UD2. Un nouvel appartement	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar o sentido global moi evidente e as informacións específicas básicas máis relevantes de textos orais, escritos e multimodais breves e moi sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e moi próximos á súa experiencia, expresados de forma moi comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar con apoio visual.	Extraer cando menos o 50% do sentido global moi evidente e das informacións específicas básicas máis relevantes	PE	35
CA1.2 - Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	De forma guiada, recoñecer e facer un uso suficiente de estratexias básicas de comprensión en textos moi elementais.		
CA1.5 - Redactar textos curtos e elementais a partir de modelos, e mensaxes moi sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións simples relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Redactar textos curtos e elementais intelixibles, ainda que se cometan erros.		
CA1.6 - Completar formularios e documentos moi básicos nos que se solicite de maneira evidente información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar cun grao de corrección suficiente (50%) formularios e documentos moi básicos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Ter consciencia dalgunhas estratexias e aplicalas na súa maioría de forma guiada.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo, e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Explicar de xeito comprensible e cun grado de corrección do 50% o proceso de produción de textos e de inferencia de significados.		
CA1.3 - Comprender descricións, narracións, instrucións elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando claramente.	Comprender cando menos o 50% de descricións, narracións, instrucións moi elementais.	TI	65
ET.9 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Emprendemento social e empresarial		X		X		X
ET.11 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores		X	X		X	X
ET.13 - Creatividade	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Journée de la Francophonie	Organizaranse actividades de carácter lúdico e cultural para celebrala.		X	
Clube de lectura	Poderán ler e comentar diversos textos seleccionados polo profesor en función do nivel e dos gustos dos alumnos participantes.	X	X	X
Intercambio epistolar	O alumnado intercambiará cartas co alumnado dun collège francés.	X	X	X
Saídas a actividades culturais (cine, teatro, exposións, etc.) organizadas na cidade ou na súa contorna.	En función do interese da programación das salas da cidade.	X	X	X
Actividades propostas polo(s) departamento (s).	Actividades culturais ou lingüísticas propostas polos departamento(s)/a auxiliar de conversa ó longo do curso.	X	X	X
Contacontos africano	Sesión de contacontos en francés.		X	X
Fiestinema	Festival de cine francófono organizado pola Alianza francesa de Vigo.	X	X	X
Crêperie	Degustación de crêpes bretonas e toma de contacto cun contexto francófono.		X	

Observacións:
Todas estas actividades levaranse a cabo segundo a temporizacón ou o orzamento que teña o centro para cada unha delas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Impartíronse todos os contidos no tempo previsto.
Adecuación dos instrumentos de avaliación.
Grao de desenvolvemento das actividades complementarias.
Adecuación do proceso de recuperación da materia pendente.
Fomentouse o uso do francés como lingua de comunicación na aula.
Traballouse tanto a lingua oral coma a escrita, de forma individual e tamén en actividades en equipo.
Desenvolvéronse estratexias de comunicación oral e escrita.
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
Adecuación das medidas de atención á diversidade.
Grao de participación do alumnado nas clases.
Adecuación das canles de comunicación coas familias.
Adecuación das canles de comunicación co equipo docente

Descrición:

Nas reunións de departamento avaliarase o proceso de ensino e a práctica docente, facendo fincapé nos aspectos recollidos na táboa de indicadores de logro.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

REUNIÓNS DE DEPARTAMENTO
Cunha periodicidade mensual, o Departamento reunirase para, entre outros asuntos, facer o seguimento e as coodinacións oportunas para levar a cabo a aplicación da programación. Levantarase acta.
PROENS
O profesorado fará o seguimento da programación a través da aplicación Proens. Como xa se fixo para a elaboración desta programación, en reunión de Departamento fixarase que docente se encargará de facer o seguimento na aplicación para cada nivel.
Ao remate de cada UD teremos constancia do grao de cumprimento et de adquisición das competencias. Eses resultados permitirannos elaborar as propostas de mellora e, de habelas, das variacións que tivesen lugar.
AVALIACIÓN
Na memoria de final de curso deixarase constancia dos seguintes puntos:
a) Desvíos entre a programación inicial e a súa aplicación final, facendo propostas de reaxustes.
b) Resultados por UD e trimestre. Analizaranse as hipóteses sobre os motivos dos mellores e peores resultados. De ser relevante, poderanse constrastar co número de sesións adicadas.
c) Resultados das enquisas realizadas para avaliar a práctica docente. Analizaranse os aspectos mellor puntuados, buscando extendelos, así como os que obteñan peor puntuación, co fin de mellorar de cara ao seguinte ano académico. De ser relevante, tomaranse acordos sobre metodoloxía, temporalización, recursos, etc.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	2ª Lingua estranxeira - Inglés	2º ESO	2	70

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 4

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 8

4.1. Concrecións metodolóxicas 32

4.2. Materiais e recursos didácticos 33

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 34

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 34

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 35

6. Medidas de atención á diversidade 36

7.1. Concreción dos elementos transversais 38

7.2. Actividades complementarias 39

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 39

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 42

9. Outros apartados 42

1. Introdución

Segundo regula o Decreto 1556/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, a presente programación desenvolve o currículo da materia 2ª Lingua estranxeira - Inglés en 2º ESO no centro educativo 36018677 - IES LUÍS SEOANE.

A materia Segunda Lingua Estranxeira: Inglés impártese en 2º ESO como obrigatoria e conta cunha carga semanal de 2 sesións.

No contexto definido no PEC, na PXA, no DOC e nas NOFC do IES LUÍS SEOANE, o Departamento de Inglés ten encomendada a docencia dun grupo da materia 2ª Lingua estranxeira - Inglés en 2º ESO cun grupo de 6 alumnos/as. O alumnado procede maioritariamente dos centros adscritos, CEP Marcos da Portela e CEIP Santo André de Xeve.

Ao iniciar o 2º curso da educación secundaria obrigatoria, o alumnado estivo xa un curso en contacto con polo menos dúas linguas estranxeiras polo que xa estivo en relación, cando menos elementalmente, con culturas e interaccións diferentes ao seu contexto habitual. Neste curso, preténdese que o alumnado continúe progresando na súa madurez lingüística e social para ampliar as marxes da súa competencia plurilingüe e pluricultural.

No actual contexto de globalización, o coñecemento de linguas é un requisito imprescindible. Mediante a competencia plurilingüe e pluricultural, o alumnado poderá mobilizar o repertorio plural dos recursos lingüísticos e culturais das linguas que conformen o seu repertorio lingüístico (linguas cooficiais da nosa comunidade, linguas estranxeiras -vivas ou clásicas- e linguas de migración, se é o caso) e así enfrontarse á necesidade de comunicar noutra lingua estranxeira apoiado polos coñecementos e experiencias lingüísticas e culturais adquiridos en todas as linguas coñecidas ou aprendidas.

A ensinanza de linguas estranxeiras é un proceso complexo que implica definir unha apropiada metodoloxía, unha concepción da linguaxe e a aplicación dunha estratexia didáctica que facilite ao alumnado o desenvolvemento das súas habilidades lingüísticas de acordo coas súas necesidades comunicativas. Ademais, a forma de ensinar linguas estranxeiras está relacionada co enfoque lingüístico predominante. Isto significa que existe unha estreita relación entre a teoría lingüística vixente e a metodoloxía aplicada na aula de linguas estranxeiras.

Na aprendizaxe dunha lingua estranxeira, preténdese que o alumnado valore a nivel persoal e académico a riqueza que supón o coñecemento da lingua inglesa,

Esta programación adopta o enfoque comunicativo que o Consello de Europa promove no Marco Común Europeo de Referencia para a aprendizaxe das linguas estranxeiras.

Os criterios de avaliación da materia, na súa formulación competencial, aseguran a consecución dos obxectivos aos que están vinculados. A nivelación dos criterios de avaliación está adecuada á madurez, experiencias de aprendizaxe lingüísticas previas e desenvolvemento psico-evolutivo do alumnado de 2º de educación secundaria obrigatoria.

Esta programación estrutúrase en 6 unidades didácticas cun peso na materia progresivamente ascendente e cun peso específico para cada un dos tres bloques da materia: Comunicación, Plurilingüismo e Interculturalidade considerando que cada un dos criterios de avalación se desenvolve progresivamente ao longo de cada unidade didáctica.

A programación está baseada no principio de flexibilidade, inclusión e atención á diversidade. Debe adaptarse ás modificacións necesarias en función das características, necesidades e intereses do alumnado e ter en conta no contexto sociocultural e económico do IES LUÍS SEOANE.
Todo isto obriga a ter unha maior flexibilidade á hora de programar, e sobre todo á hora de levar a cabo a práctica da programación, en función da resposta do alumnado, para inutentar que poidan lograr unha base sólida, que lles permita comunicarse en inglés cun nivel aceptable de autonomía. Neste sentido, é importante motivar e atender persoalmente a todo o alumnado, e intentar que sintan a materia como algo útil, que lles serve para comunicarse, e en moitas ocasións para poñerse ao día nos seus estudos e adquirir máis información á hora de integrarse no seu futuro campo profesional.

A interculturalidade, a transversalidade así como a interdisciplinariedade son constantes ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe competencial: historia (datas relevantes, acontecementos históricos), matemáticas (cálculos, problemas), xeografía, estudio do medio, lingua (etimoloxía, préstamos lingüísticos, crucigramas, referencia continua ás linguas propias), música e artes plásticas (cancións, debuxos, collages, cadros representativos da pintura europea), psicoloxía (tests persoais), literatura (cómics, poemas, escritores franceses clásicos e modernos). Isto debe conseguirse mediante o exercicio do diálogo, lecturas, material audiovisual e multimedia, o que lles permitirá asemade reforzar os seus coñecementos noutras materias que estean estudando. As actividades complementarias propostas contribúen a estas finalidades.

A medida que aprenden un idioma, desenvolven unha serie de competencias clave da aprendizaxe. Ademais de adquirir a competencia en comunicación lingüística e a competencia plurilingüe, tamén se traballa a adquisición doutras competencias:

- A competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería, e a competencia dixital a través das actividades e os materiais dixitais;
- A competencia persoal, social e de aprender a aprender, a competencia cidadá e a competencia emprendedora a partir das interaccións e as dinámicas de clase, que desenvolven a aprendizaxe colaborativa, e a autoavaliación das súas propias competencias específicas e a análise das actividades que son capaces de levar a cabo en inglés;
- A competencia en conciencia e expresión culturais a través de actividades relacionadas con temas culturais. O obxectivo primordial desta programación é facilitar o proceso de aprendizaxe e servir de ponte para que os alumnos/as coñezan os lugares nos que se fala inglés e a forma en que o utilizan os mozos nativos da súa mesma idade.

Durante o proceso de adquisición da lingua inglesa é habitual que os alumnos/as mostren claras preferencias por determinadas áreas da aprendizaxe. Por exemplo, quizais lles interese máis aprender o inglés que falan os mozos hoxe en día que as regras gramaticais. Ou tamén poida que teñan máis facilidade para unhas destrezas de aprendizaxe que para outras.

Por estas razóns, ofreceráselles un amplo abano de actividades coas que desenvolver os seus intereses e demostrar os seus puntos fortes, á vez que practican en profundidade todas as áreas da aprendizaxe de linguas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información relevante e predicible en textos sinxelos e ben estruturados, en lingua estándar relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do nivel escolar, e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma adecuada e coherente mensaxes que respondan a propósitos comunicativos cotiáns.	1	1-2	1	2	5		1	3
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións sinxelas, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Mediar entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos simples, resumir ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer, ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-5			
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.	5	3			1-3	3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	The Things We Do	Avaliación inicial e repaso. Aprender vocabulario relacionado cos obxectos cotiáns, material escolar e actividades de tempo de lecer. Repasar o emprego de There is /There Are, artigos e cuantificadores How much /How many e Present simple en contraste co Present continuous. Ler de maneira comprensiva e autónoma as recensións dunha aplicación móbil feita e dirixida para xente nova e un foro para a mocidade e os seus métodos para mellorar o seu inglés. Comprender a información clave dunha conversa en que unha persoa amosa unha casa a outra, unha conversa sobre os deberes escolares e unha conversa sobre unha cidade. De maneira oral, falar sobre o antes e o despois dunhas imaxes, unha excursión escolar e unha conversa sobre os gustos. Pronunciar axeitadamente os sons /i/, /I:/, /ai/ e entoar as preguntas axeitadamente.	17	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	The Things We Do	Describir unha casa, escribir unha publicación nunha rede social e describir unha imaxe, empregando os adverbios de frecuencia e expresións do tempo.	17	12	X		
2	That's Extraordinary	Aprender vocabulario relacionado cos adxectivos, o mundo laboral, os verbos e verb phrases. Aprender a empregar o Past Simple, There was / There were e o used to. Ler de maneira comprensiva e autónoma tres perfís de traballo de persoas con discapacidade e un eixe cronolóxico sobre a evolución da muller traballadora o Reino Unido. Comprender a información clave dunha conversa sobre un premio de recoñecemento a un labor social, un test sobre os empregos ao longo da historia e unha conversa sobre un tríatlon. De maneira oral, manter unha conversa sobre quen consideramos un heroe, os empregos no pasado e falar sobre un día extraordinario. Pronunciar axeitadamente os sons /d/, /t/, /¿d/, e as formas verbais "was" e "were". Escribir unha carta de presentación para unha candidatura a un premio, describir as imaxes sobre diferentes empregos no pasado e escribir o perfil dunha persoa.	17	12	X		
3	Relationships	Aprender vocabulario relacionado cos adxectivos, a familia e eventos da vida. Aprender a empregar os adxectivos comparativos (not) as, as, too, (not)enough e os verbos modais can, could, must e should. Ler de maneira comprensiva e autónoma un cuestionario sobre a amizade e unha reportaxe sobre as diferentes familias arredor do mundo. Comprender a información clave dun podcast sobre unha amizade importante e unha conversa pedindo permiso. De maneira oral, opinar sobre un bo amigo, pedir permiso e pedir consello. Pronunciar axeitadamente os sons /w/ e /v/. Realizar unha descrición dun amigo ideal, escribir unha mensaxe á familia e escribir un informe sobre un problema adolescente.	17	12	X	X	
4	Danger	Aprender vocabulario relacionado co crime urbano, as desfeitas naturais e as urxencias. Aprender a empregar o Pasado continuo e o seu contraste co Pasado Simple. Ler de maneira comprensiva e autónoma unha crónica sobre como combater o crime coa música e un artigo sobre a veracidade das películas de desfeitas naturais. Comprender a información clave nunha entrevista cun	17	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Danger	escritor, un audioguía sobre unha desfeita e noticias da actualidade. De maneira oral, falar sobre unha experiencia arrepiante, describir que está a ocorrer nunha imaxe e falar sobre unha urxencia. Pronunciar axeitadamente os sons /k/ e /s/. De maneira escrita, escribir unha historia arrepiante, un artigo curto sobre unha noticia e unha narración sobre un evento.	17	12		X	
5	Our world, Our future	Aprender vocabulario relacionado coa tecnoloxía, o medio natural e os verbos. Aprender a empregar os tempos futuros be going to, presente continuo con uso futuro e Will. Ler de maneira comprensiva e autónoma un artigo sobre o positivo e negativo da tecnoloxía e unha listaxe sobre os mitos e verdades arredor do medio natural. Comprender a información clave nunha conversa sobre artigos antigos, un anuncio sobre unha competición e unha conversa sobre unha tendencia. De maneira oral, falar sobre como crear unha cápsula do tempo, problemas e solucións medio ambientais e organizar un plan de fin de semana. Pronunciar axeitadamente os sons /o/, /t/ e /d/. Escribir un plan para crear unha cápsula do tempo, presentar unha proposta medio ambiental e unha entrada de diario.	16	11			X
6	That's Strange!	Aprender vocabulario relacionado cos verbos, o mundo natural e sitios na cidade. Aprender a empregar o Present Perfect Simple e o seu contraste co Past Simple. Ler de maneira comprensiva e autónoma un artigo sobre por que a xente cre en fantasmas e unha páxina web sobre misterios sen resolver. Comprender a información clave dunha conversa sobre experiencia envolvente, unha lectura sobre fenómenos falsos e unha mensaxe de voz sobre sitios estraños na cidade. De maneira oral, falar sobre experiencias inhabituais, falar sobre unha viaxe cun compañeiro e conseguir información sobre un lugar. Pronunciar axeitadamente /e/ e /¿/. Escribir unha anotación para un foro sobre experiencias estrañas, apuntamentos de presentación sobre un fenómeno natural e unha recomendación de viaxe.	16	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	The Things We Do	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar o sentido global moi evidente e as informacións específicas básicas máis relevantes de textos orais, escritos e multimodais breves e moi sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e moi próximos á súa experiencia, expresados de forma moi comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar con apoio visual.	Extraer cando menos o 50% do sentido global moi evidente e das informacións específicas básicas máis relevantes	PE	35
CA1.2 - Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	De forma guiada, recoñecer e facer un uso suficiente de estratexias básicas de comprensión en textos moi elementais.		
CA1.5 - Redactar textos curtos e elementais a partir de modelos, e mensaxes moi sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións simples relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Redactar textos curtos e elementais intelixibles, ainda que se cometan erros.		
CA1.6 - Completar formularios e documentos moi básicos nos que se solicite de maneira evidente información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar cun grao de corrección suficiente (50%) formularios e documentos moi básicos.		
CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Ter consciencia dalgunhas estratexias e aplicalas na súa maioría de forma guiada.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo, e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Explicar de xeito comprensible e cun grado de corrección do 50% o proceso de produción de textos e de inferencia de significados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Comprender descricións, narracións, instrucións elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando claramente.	Comprender cando menos o 50% de descricións, narracións, instrucións moi elementais.	TI	65
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos e elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas cotiáns e frecuentes pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Producir oralmente textos curtos elementais intelixibles, aínda que se cometan erros de pronuncia.		
CA1.8 - Participar en situacións interactivas moi básicas, pronunciando de xeito intelixible, preguntando cando non comprende e repetindo, con especial atención á articulación, á acentuación e á entoación, cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Facerse comprender cando menos no 50% das veces nas que participa en situacións interactivas moi básicas.		
CA1.9 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactuar suficientemente cando menos no 50% das veces. Pedir repeticións sempre que o precise.		
CA1.10 - Comprender preguntas básicas e dar e comprender información moi sinxela, relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar.	Comprender e dar a comprender información sinxela cando menos no 50% das veces.		
CA1.11 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción simples, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Ter consciencia da maioría das estratexias traballadas e aplicalas na súa maioría.		
CA1.12 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosar de xeito xeral esa actitude de respecto.		
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menús, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Transmitir eficazmente a información, cando menos no 50% das ocasións.		
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Ter consciencia da totalidade das estratexias traballadas e aplicalas na súa maioría facendo uso dos recursos oportunos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.	Comparar e contrastar, cando menos, as similitudes e diferenzas básicas (léxico, fonética, estruturas morfosintáxicas moi básicas...).		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Facer unha autoavaliación dos seus progresos de maneira aproximada á realidade e ser quen de aplicar algunhas das estratexias traballadas para mellorar a súa competencia comunicativa.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identificar satisfactoriamente a maioría dos progresos e dificultades na aprendizaxe. Aplicar e compartir novas estratexias de logro.		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e cultuais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñecer o 50% dos estereotipos, rexeitando o 100% dos discriminatorios e prexuizosos. De forma guiada, explicar satisfactoriamente o 50% dos casos de diversidade que se presenten.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.	Amosar respecto cara a diversidade de xeito habitual.		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Evitar estereotipos de xeito habitual. Valorar positivamente a súa competencia plurilingüe.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utilizar as convencións máis básicas adecuadamente, cando menos no 50% das ocasións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso de estratexias de uso común para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais breves, elementais e contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás moi básicas (identificar unha persoa, transmitir horarios, unha listaxe de ítems do léxico aprendido¿).

Contidos
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse e presentar e presentarse; describir as características máis básicas de persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información básica sobre cuestións cotiás; narrar rutinas; dar e pedir indicacións e instrucións moi básicas; expresar o tempo (pola mañá, a mediodía¿), a cantidade e o espazo. - Uso de modelos contextuais básicos na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (notas ou recados, carteleiras ou fichas). - Utilización de unidades lingüísticas moi básicas de uso máis común e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, secuencia...), formas moi básicas da afirmación, a negación, a interrogación e exclamación, e relacións lóxicas moi básicas e simples. - Utilización de léxico moi básico e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal elemental, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural. - Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc. - Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos). - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. - Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa. - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de frases feitas e locucións básicas, para elaborar os propios textos. - Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas ¿léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.¿). - Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación. - Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes. - Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira. - Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira. - Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e

Contidos
- teñen unha cultura diferente á propia. - Sensibilidade perante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	That's Extraordinary	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar o sentido global moi evidente e as informacións específicas básicas máis relevantes de textos orais, escritos e multimodais breves e moi sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e moi próximos á súa experiencia, expresados de forma moi comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar con apoio visual.	Extraer cando menos o 50% do sentido global moi evidente e das informacións específicas básicas máis relevantes	PE	35
CA1.2 - Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	De forma guiada, recoñecer e facer un uso suficiente de estratexias básicas de comprensión en textos moi elementais.		
CA1.5 - Redactar textos curtos e elementais a partir de modelos, e mensaxes moi sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións simples relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Redactar textos curtos e elementais intelixibles, ainda que se cometan erros.		
CA1.6 - Completar formularios e documentos moi básicos nos que se solicite de maneira evidente información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar cun grao de corrección suficiente (50%) formularios e documentos moi básicos.		
CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Ter consciencia dalgunhas estratexias e aplicalas na súa maioría de forma guiada.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo, e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Explicar de xeito comprensible e cun grado de corrección do 50% o proceso de produción de textos e de inferencia de significados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Comprender descricións, narracións, instrucións elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando claramente.	Comprender cando menos o 50% de descricións, narracións, instrucións moi elementais.	TI	65
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos e elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas cotiáns e frecuentes pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Producir oralmente textos curtos elementais intelixibles, aínda que se cometan erros de pronuncia.		
CA1.8 - Participar en situacións interactivas moi básicas, pronunciando de xeito intelixible, preguntando cando non comprende e repetindo, con especial atención á articulación, á acentuación e á entoación, cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Facerse comprender cando menos no 50% das veces nas que participa en situacións interactivas moi básicas.		
CA1.9 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactuar suficientemente cando menos no 50% das veces. Pedir repeticións sempre que o precise.		
CA1.10 - Comprender preguntas básicas e dar e comprender información moi sinxela, relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar.	Comprender e dar a comprender información sinxela cando menos no 50% das veces.		
CA1.11 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción simples, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Ter consciencia da maioría das estratexias traballadas e aplicalas na súa maioría.		
CA1.12 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosar de xeito xeral esa actitude de respecto.		
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menús, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Transmitir eficazmente a información, cando menos no 50% das ocasións.		
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Ter consciencia da totalidade das estratexias traballadas e aplicalas na súa maioría facendo uso dos recursos oportunos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.	Comparar e contrastar, cando menos, as similitudes e diferenzas básicas (léxico, fonética, estruturas morfosintáxicas moi básicas...).		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Facer unha autoavaliación dos seus progresos de maneira aproximada á realidade e ser quen de aplicar algunhas das estratexias traballadas para mellorar a súa competencia comunicativa.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identificar satisfactoriamente a maioría dos progresos e dificultades na aprendizaxe. Aplicar e compartir novas estratexias de logro.		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e cultuais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñecer o 50% dos estereotipos, rexeitando o 100% dos discriminatorios e prexuizosos. De forma guiada, explicar satisfactoriamente o 50% dos casos de diversidade que se presenten.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.	Amosar respecto cara a diversidade de xeito habitual.		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Evitar estereotipos de xeito habitual. Valorar positivamente a súa competencia plurilingüe.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utilizar as convencións máis básicas adecuadamente, cando menos no 50% das ocasións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso de estratexias de uso común para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais breves, elementais e contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás moi básicas (identificar unha persoa, transmitir horarios, unha listaxe de ítems do léxico aprendido¿).

Contidos
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos e elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas cotiáns e frecuentes pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Producir oralmente textos curtos elementais intelixibles, aínda que se cometan erros de pronuncia.		
CA1.5 - Redactar textos curtos e elementais a partir de modelos, e mensaxes moi sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións simples relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Redactar textos curtos e elementais intelixibles, ainda que se cometan erros.		
CA1.6 - Completar formularios e documentos moi básicos nos que se solicite de maneira evidente información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar cun grao de corrección suficiente (50%) formularios e documentos moi básicos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Ter consciencia dalgunhas estratexias e aplicalas na súa maioría de forma guiada.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo, e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Explicar de xeito comprensible e cun grado de corrección do 50% o proceso de produción de textos e de inferencia de significados.		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Evitar estereotipos de xeito habitual. Valorar positivamente a súa competencia plurilingüe.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utilizar as convencións máis básicas adecuadamente, cando menos no 50% das ocasións.		
CA1.3 - Comprender descricións, narracións, instrucións elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando claramente.	Comprender cando menos o 50% de descricións, narracións, instrucións moi elementais.	TI	52
CA1.8 - Participar en situacións interactivas moi básicas, pronunciando de xeito intelixible, preguntando cando non comprende e repetindo, con especial atención á articulación, á acentuación e á entoación, cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Facerse comprender cando menos no 50% das veces nas que participa en situacións interactivas moi básicas.		
CA1.9 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactuar suficientemente cando menos no 50% das veces. Pedir repeticións sempre que o precise.		
CA1.10 - Comprender preguntas básicas e dar e comprender información moi sinxela, relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar.	Comprender e dar a comprender información sinxela cando menos no 50% das veces.		
CA1.11 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción simples, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Ter consciencia da maioría das estratexias traballadas e aplicalas na súa maioría.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.12 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosar de xeito xeral esa actitude de respecto.		
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menús, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Transmitir eficazmente a información, cando menos no 50% das ocasións.		
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Ter consciencia da totalidade das estratexias traballadas e aplicalas na súa maioría facendo uso dos recursos oportunos.		
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.	Comparar e contrastar, cando menos, as similitudes e diferenzas básicas (léxico, fonética, estruturas morfosintáxicas moi básicas...).		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Facer unha autoavaliación dos seus progresos de maneira aproximada á realidade e ser quen de aplicar algunhas das estratexias traballadas para mellorar a súa competencia comunicativa.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identificar satisfactoriamente a maioría dos progresos e dificultades na aprendizaxe. Aplicar e compartir novas estratexias de logro		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e cultuais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñecer o 50% dos estereotipos, rexeitando o 100% dos discriminatorios e prexuizosos. De forma guiada, explicar satisfactoriamente o 50% dos casos de diversidade que se presenten.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.	Amosar respecto cara a diversidade de xeito habitual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.

Contidos

- Uso de estratexias de uso común para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais breves, elementais e contextualizados.
- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás moi básicas (identificar unha persoa, transmitir horarios, unha listaxe de ítems do léxico aprendido¿).
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse e presentar e presentarse; describir as características máis básicas de persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información básica sobre cuestións cotiás; narrar rutinas; dar e pedir indicacións e instrucións moi básicas; expresar o tempo (pola mañá, a mediodía¿), a cantidade e o espazo.
- Uso de modelos contextuais básicos na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (notas ou recados, carteleiras ou fichas).
- Utilización de unidades lingüísticas moi básicas de uso máis común e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, secuencia...), formas moi básicas da afirmación, a negación, a interrogación e exclamación, e relacións lóxicas moi básicas e simples.
- Utilización de léxico moi básico e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal elemental, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural.
- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de frases feitas e locucións básicas, para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas ¿léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.¿).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.

Contidos
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. - Sensibilidade perante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Os seis módulos do Student’s Book comezan cunha páxina introdutoria que presenta un novo tema mediante fotos e un elemento dixital, ademais de describir brevemente os obxectivos do módulo e o proxecto ao que conduce. Os módulos divídense en tres seccións. As dúas primeiras seccións desenvólvense até chegar a unha actividade que subministra a linguaxe e a información precisa para levar a cabo unha tarefa comunicativa, a miúdo con mediación. A terceira sección presenta máis linguaxe e ofrece oportunidades de interacción a través da produción de tarefas orais e escritas. Subminístranse dous textos por módulo, baseados en material auténtico. Tamén se presentan tres grupos de vocabulario temático contextualizado en cadanseu módulo que subministran oportunidades engadidas de lectura e actividades de reciclaxe para revisar o vocabulario aprendido con anterioridade e asegurar o repaso e o enriquecemento constantes. Os exercicios interdisciplinares e culturais están integrados nos propios módulos, subministrando unha maneira natural de salientar unha ampla gama de habilidades para a vida, como o pensamento crítico, a reflexión, as habilidades dixitais e aprender a aprender, a carón das competencias lingüísticas.

A gramática, que cobre todos os requisitos do novo currículo oficial, preséntase nun contexto real tanto no oral como no escrito. Ao final do libro está a sección The Grammar Lab, que contén cadros gramaticais presentados de maneira clara e tamén exercicios engadidos para practicar e ampliar contidos.

Tamén se subministran unha gran variedade de tarefas comunicativas que permiten aos alumnos/as practicar a linguaxe funcional útil en distintas situacións da vida real; cada módulo inclúe un vídeo con actividades para practicar a comprensión e produción oral. O apartado de pronuncia céntrase nas dificultades habituais dos alumnos/as á hora de pronunciar as palabras e frases en inglés. Tamén hai actividades engadidas de comprensión e expresión oral en todos os módulos que desenvolven destrezas lingüísticas produtivas para axudar aos alumnos/as a comunicárense de maneira eficaz no mundo real. Os contidos da guía de escrita están coidadosamente estruturados módulo a módulo para practicar as destrezas de escrita básicas e ofrecer axuda á hora de realizar as tarefas.

Os proxectos colaborativos ou as situacións de aprendizaxe se atopan ao final de cada módulo e, a través da realización dunha tarefa significativa, axudan a desenvolver as habilidades comunicativas, de planificación, de investigación, sociais e de mediación. O proxecto pode realizarse en papel ou en formato dixital e subminístrase unha guía paso a paso para cada unha destas opcións. Todos os proxectos, así como todas as tarefas do Student´s Book, inclúen criterios para permitir a avaliación entre alumnos/as.

Digital Options atópase ao longo de todo o libro e permite unha aprendizaxe dinámica e constante coa axuda de distintas ferramentas.

Tamén hai tres seccións de repaso no Student' s Book. Estas inclúen exercicios de repaso do vocabulario e a gramática, unha páxina para pór en práctica as habilidades adquiridas e unha páxina de literatura.

A sección Reading Options, páxinas que compoñen unha sección de cultura e temas transversais, aparece ao final do Student s Book. Nela relaciónase o inglés con outras materias do currículo escolar (CLIL) e introdúcese aos estudantes a unha ampla variedade de aspectos culturais do mundo de fala inglesa e do mundo en xeral. Cada páxina inclúe un vídeo que presenta contidos interesantes e auténticos cun nivel adecuado, así como actividades de comprensión.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto Options 2 Student's Book.
Libro de exercicios Options 2 workbook
Versións dixitais dos libros anteriores.
Aula virtual
Digital Options
Diccionarios en papel e en liña
Materiais Impresos e dixitais de Options 2 All-in-One Pack.
Xogos de elaboración propia
Xogos comerciais aplicables á materia
Recursos web.
Recursos en papel
Auxiliar de conversa

- O manual de referencia empregado no centro será Options 2 da editorial Burlington Books. Servirá de folla de ruta, sen ser condición a realización de todas as tarefas.

- Completaranse as explicacións, tarefas de ampliación e/ou reforzo con material do cuadernillo Options 2 e material de elaboración propia, podendo así adaptalo aos requerimentos do grupo.

- Farase igualmente uso de documentos auténticos, escollidos ad hoc por temática e nivel de dificultade lingüística. Concretamente, o uso deste tipo de material conecta o alumnado coa realidade cultural e lingüística da materia e constitúe un elemento motivador en si mesmo, no que radica a súa valía.

- A aula virtual servirá de plataforma de referencia e consulta permanente: explicacións, tarefas, avisos, comunicación entre iguais e coa docente.

- Farase uso de páxinas web como fonte de práctica (exercicios en liña), de lectura e información (prensa, redes sociais, etc.), de consulta (diccionarios, tradutores, conxugadores, etc), xogos e instrumentos de avaliación (Kahoot, Plickers, etc.).

- Empregarase na aula xogos elaborados expresamente para a práctica na aula, pensados para a adquisición dalgún contido, mais tamén usaranse aqueles xogos comerciais que poidan servir ao mesmo fin.

- Expoñerase na aula cartelería que sirva para motivar ao alumnado, lembrar aspectos lingüísticos e culturais que se constatan curiosos ou que gardan certa dificultade de adquisición, imaxes vinculadas ás culturas que vehicula a lingua estranxeira, etc.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase mediante a realización dun test que permitirá determinar as fortalezas e carencias que poida ter o alumnado ao principio de curso. Dependiendo dos resultados aplicaranse Reforzos educativos e ACS ao alumnado que o precise.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**17**	**17**	**17**	**17**	**16**	**16**	**100**
Proba escrita	35	35	35	35	35	48	**37**
Táboa de indicadores	65	65	65	65	65	52	**63**

Criterios de cualificación:

A avaliación será:
- Continua, xa que, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindíbeis para continuar o proceso educativo.
- Formativa, polo que será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.
O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.
O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.
O peso das porcentaxes só aplicará no caso de ter aprobadas todas as avaliacións. Ao tratarse de avaliación continua a 3ª avaliación determina o aprobado ou suspenso do alumno con independencia dos resultados obtidos nas avaliacións anteriores.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:
OBXECTIVO 1: Comprensión oral e escrita (CA1.1 + CA 1.2): 20%.Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de elección múltiple, preguntas de verdadero ou falso, contestar preguntas, completar frases.
Listening: 10%.
Reading: 10%.
OBXECTIVO 2: Produción oral e escrita (CA1.3 + CA1.4 + CA1.5): 60%. Instrumentos de avaliación: Rúbricas, guías de corrección. Probas escritas.
Speaking: 10%.
Writing: 10%.
Grammarand vocabulary: 40%.
OBXECTIVO 3: Interacción (CA1.6 + CA1.7): 5%. Instrumentos de avaliación:Rúbricas, guías de corrección. Proba escrita.
Interacción escrita.
OBXECTIVO 4: Mediación (CA1.8 + CA1.9): 5%. Instrumentos de avaliación: proba escrita.
Tradución dun texto.

OBXECTIVO 5: Plurilingüismo (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 5%. Instrumentos de avaliación: Rúbricas, guías de corrección

e observación
Learning diary.
OBXECTIVO 6: Interculturalidade (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 5%. Instrumentos de avaliación: Rúbricas, guías de corrección.
Lecturas sobre aspectos socioculturais, o cal inclúe alomenos un libro de lectura do escritor Roald Dahl.
En cada unha das avaliacións só se calculará a media se todas as destrezas correspondentes aos instrumentos de avaliación acadan ou superan o 30% da nota máxima.
A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

Criterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.
Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final dos obxectivos non superados, logo da realización de tarefas específicas a criterio do departamento, tendo en conta a diversidade do alumnado.
A cualificación final conformarase coa seguinte ponderación:
OBXECTIVO 1: Comprensión oral e escrita (CA1.1 + CA 1.2): 20%. Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de elección múltiple, preguntas de verdadero ou falso.Contestar preguntas. Completar frases.
Listening: 10%.
Reading: 10%.
OBXECTIVO 2: Produción oral e escrita (CA1.3 + CA1.4 + CA1.5): 60%. Instrumentos de avaliación: Rúbricas, guías de corrección. Probas escritas.
Speaking: 10%.
Writing: 10%.
Grammar and vocabulary: 40%.
OBXECTIVO 3: Interacción (CA1.6 + CA1.7): 5%. Instrumentos de avaliación:Rúbricas, guías de corrección, proba escrita.
Interacción escrita.
OBXECTIVO 4: Mediación (CA1.8 + CA1.9): 5%. Instrumentos de avaliación: Proba escrita.
Tradución dun texto.

OBXECTIVO 5: Plurilingüismo (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 5%. Instrumentos de avaliación: Rúbricas, guías de corrección.

OBXECTIVO 6: Interculturalidade (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 5%. Instrumentos de avaliación: Rúbricas, guías de corrección.

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres, gardando os obxectivos xa acadados. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

a) O alumnado que promocionou coa materia pendente será convocado a unha primeira xuntanza pola Xefatura do Departamento ao longo das dúas primeiras semanas de curso. Recibirá información escrita do plan de reforzo que se levará a cabo. Elaborado polo profesorado que imparte a materia, este plan ten como referentes os obxectivos da materia e a adquisición das competencias. Nel figurará o procedemento de seguimento, recuperación e avaliación da materia. Esta información estará pendurada na aula virtual e na web do centro. As familias serán advertidas vía Abalar. De todo este procedemento, así como do seu contido, informarase igualmente ao profesorado titor deste alumnado

b) O alumnado coa materia pendente deberá seguir un protocolo de recuperación durante os dous primeiros trimestres, baseado na realización de boletíns nos que se traballen as distintas competencias. A persoa docente do curso actual titorizará e fará o seguimento de dito protocolo de recuperación.
Estés boletíns terán un peso do 10% na nota.

c) O alumnado deberá realizar dúas probas escritas unha na convocatoria de xaneiro e outra en abril/maio en datas marcadas por Xefatura de Estudos e serán publicadas na páxina web do instituto. As probas terán un peso do 90%.
As datas de realización das probas serán programadas pola Xefatura de Estudos e publicadas na web do centro.
d) Outra vía para a recuperación da materia pendente é obter unha cualificación positiva na segunda avaliación do curso actual. Do mesmo xeito, o alumnado poderá superar a materia superando a do curso actual.
Nas probas serán avaliados de:
COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2): 30%.
Listening:15%.
Reading: 15%.
Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar.
PRODUCIÓN ESCRITA (CA1.4 + CA1.5): 10%.
Wiiting
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección. Proba escrita.
INTERACCIÓN (CA1.6+Ca1.7) 5%.
Interacción escrita.
Instrumentos de avaliación: Rúbrica, proba escrita.
MEDIACIÓN (CA 1.8 + CA1.9) 5%. Tradución dun texto.
Instrumentos de avaliación: Rúbrica, proba escrita.
PLURILINGÜISMO ((CA2.1+ CA2.2+ CA2.3) 40%.(Gramatica e vocabulario)
Instrumentos de avaliación: Proba escrita.
INTERCULTURALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3) 10%
Instrumentos de avaliación: Boletíns de avaliación que conteñen actividades tipo: cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadero ou falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar, textos de comprensión oral e escrita sobre aspectos culturais dos países de fala inglesa.

6. Medidas de atención á diversidade

Como punto de partida, tivemos en conta catro ámbitos de diversidade:
- A capacidade para aprender a aprender
Cada alumno/a ten a súa propia capacidade para aprender cousas e retelas sen que isto sexa sinónimo da súa capacidade intelectual, e todos son capaces de acadar un nivel mínimo independentemente do ritmo de traballo que poida ter cada un. Tales son os aspectos que consideramos na investigación inicial e en todo o desenvolvemento do curso.
PROTOCOLO DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO
Plan específico personalizado para o alumnado de segundo da ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso.
En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.
O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:
a) Identificación da alumna ou do alumno.
b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
g) Acreditación da información á familia.
En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.
Así o reflicten as actividades do Student s Book e do Workbook, pois, a través dunha reciclaxe continua de estruturas e vocabulario, ofrecen, por unha banda, amplas oportunidades de reforzo aos alumnos/as con menos capacidade e, por outra, facilitan a ampliación de materia aos que teñen máis nivel.
- A motivación para aprender
A motivación do alumno/a para aprender é moi complexa, sobre todo tratándose dun idioma, pois depende de varios factores: por unha banda, do historial de éxito ou de fracaso que tivera até ese momento e, por outra, do proceso de

aprendizaxe que seguira. Isto influirá notabelmente tanto no nivel de motivacións individuais como na forma máis lóxica e funcional de presentarlles todos os contidos.

Para levar a cabo a escolma dos temas incluídos neste curso realizamos unha ampla investigación, abranguendo non só o punto de vista do profesor/a a través de cuestionarios, senón tamén o dos alumnos/as, para así adaptalos ás súas idades, experiencias e contorna.

- Os estilos de aprendizaxe
Existen toda clase de estudos sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma. Como é ben sabido, os alumnos/as poden ser impulsivos ou reflexivos cando se enfrontan ás súas tarefas escolares. Uns poden reaccionar moi rapidamente e, porén, necesitar varios intentos para asimilar unha idea, mentres que outros poden traballar concienciudamente e aprender máis amodo, obtendo o mesmo resultado. Este factor tívose en conta sistematicamente. Por exemplo, á hora de ensinar as estruturas gramaticais, incluíronse no Student's Book breves explicacións e exemplos coa estrutura gramatical concreta, seguidos de exercicios, para pór en práctica a gramática aprendida. Isto compleméntase con táboas gramaticais na sección Grammar Lab (ao final do Student's Book) e no apéndice gramatical do Workbook, que lles axudan a aprender e repasar o presentado paso a paso, en especial a aqueles que non usen tanto o estilo sintético ao aprender. Así pois, á hora de presentar as estruturas e as funcións, en todas as unidades tivéronse en conta os distintos modos de aprendizaxe.

Tamén se prestou unha atención especial á modalidade sensorial preferente¿ dos alumnos/as (visual, auditiva ou quinesiolóxica), isto é, ás posíbeis maneiras de levar á práctica o aprendido.

- Os intereses do alumnado
O esforzo en aprender un idioma varía moito duns alumnos/as a outros, dependendo do seu interese e/ou necesidade de facelo. Por iso, incluímos unha gran variedade de temas, intentando que sexan de interese para a maioría, e ofrecemos materiais para atender aos distintos niveis de coñecemento e estilos de aprendizaxe. Hai actividades graduadas de menor a maior dificultade e de maior a menor control tanto no Student' sBook coma no Workbook. Ao final do Student' s Book incluímos un apéndice con rúbricas para que os alumnos/as se avalíen entre eles, un apéndice con táboas gramaticais engadidas e exercicios, un apéndice de pronuncia con exercicios engadidos e unha listaxe de verbos irregulares, e ao final do Workbook un glosario, así como un apéndice gramatical e unha guía de escritura na lingua materna dos alumnos/as para os que necesiten apoiarse máis na presentación teórica.

No Workbook inclúese unha gran variedade de exercicios graduados para practicar máis a gramática e o vocabulario, ademais dun ditado, unha sección de comprensión, un exercicio de tradución inversa, e expresión escrita e actividades para que os alumnos/as máis avanzados practiquen cada punto nun nivel máis elevado. Por último, tamén se inclúen catro páxinas de repaso por módulo (Check Your Progress e Competences Check) que permiten atender á diversidade. Ademais, os alumnos/as poderán atopar na web www.burlingtonbooks.es/Options2 as gravacións en formato mp3 dos textos do Student`s Book, así como os exercicios de comprensión oral coas súas transcricións e os ditados do Workbook.

Con este método preséntase a ferramenta Digital Options, que inclúe diferentes ferramentas para axudar á aprendizaxe dos estudantes: Vocabulary Presentation e Grammar Presentation permiten aos estudantes preparar as leccións de vocabulario e gramática antes de asistir á clase. Vocabulary and Grammar Review conta con exercicios autocorrixíbeis para practicar o vocabulario e a gramática estudados no Student`s Book e cobre todos os requisitos do novo currículo oficial. Shuffle Game, que se pode xogar online de maneira individual, ofrece unha práctica engadida de vocabulario e gramática. Record Yourself Dialogue and Activity ofrece multitude de actividades para practicar linguaxe funcional. Project Options subministra axuda e recursos para facer os proxectos online do Student¿s Book. Digital Options Video permite aos alumnos/as acceder aos vídeos para que poidan velos na casa. O Learning Management System (LMS) online permite aos profesores/as seguir o traballo de cada estudante. Wordlist Plus ofrece aos alumnos/as a posibilidade de traballar con listaxes interactivas de palabras no teléfono móbil e permítelles e consolidar o vocabulario no momento que queiran.

O Teacher' s Manual ofrece tamén actividades opcionais de reforzo e ampliación, outras de comprensión oral, corrección de erros e información sociocultural e interdisciplinar engadida, ademais de continuas suxestións ao profesor/a sobre como dividir a súa axuda segundo as distintas necesidades da clase.

O Teacher' s All-in-One Pack ofrece un exame de diagnóstico que se recomenda facer ao comezo de curso para ver o nivel dos alumnos/as, así como exercicios de repaso para que revisen os puntos nos que atoparon maior dificultade. Ademais ofrece dezaoito exames (un por cada sección dos módulos A, B e C), seis exames para os módulos con tres

niveis de dificultade, tres exames trimestrais con tres niveis de dificultade, dous finais e catro exames para avaliar as competencias específicas de comprensión e produción oral e escrita (Competences Test), para poder elixir o máis axeitado segundo a capacidade de cada alumno/a. E ademais inclúe follas de traballo (Extra Resources), que se dividiron da seguinte maneira:

Extra Practice: subministran práctica engadida co mesmo nivel que o presentado na unidade.
Extension: enfocadas a que os alumnos/as máis avanzados poidan ampliar os coñecementos adquiridos dunha maneira máis significativa e motivadora.
O profesor/a tamén dispón de recursos dixitais, que inclúen: Interactive Whiteboard Materials, coas versións dixitais enteiramente interactivas do Student' s Book e o Workbook para facilitar as clases e a corrección; Test Factory and Other Editable Resources, con todo o material do Teacher' s All-in-One Pack en formato editábel; Burlington ESO Grammar Factory, para xerar exames de práctica gramatical automaticamente ou para preparalos persoalmente; e Burlington ESO Culture Bank, con materiais culturais especialmente adaptados ao nivel dos estudantes.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Dereitos da infancia	X	X		X	X	
ET.2 - Igualdade de xénero e coeducación	X	X	X	X	X	
ET.3 - Aprendizaxe reflexiva, significativa e competencial personalizada	X	X	X	X	X	
ET.4 - Educación para o desarrollo sostible	X				X	
ET.5 - Educación para a saúde, tamén emocional e sexual	X	X		X	X	
ET.6 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	
ET.7 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	
ET.8 - Comunicación audiovisual	X		X	X	X	
ET.9 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	
ET.10 - Emprendemento social e empresarial	X		X		X	
ET.11 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X		X	X	
ET.13 - Creatividade	X	X	X	X	X	

Observacións:

Inclúense tamén os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentábel expostos na Axenda 2030.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Teatro	Programamos a visualización dunha dramatización bilingüe (inglés-galego) de contos universais por parte de Charo Pita e Alice Fernback. As datas están aínda por concretar.		X	
Teatro	"European Odyseey" na sede da Afundación en Pontevedra		X	
Modalidades Erasmus+	Aínda que o alumnado de 2º ESO non participará directamente en ningunha mobilidade Erasmus+ sí se beneficiará e implicará nestas actividades cando recibamos aos nosos socios europeos no instituto.	X	X	X
Erasmus +	Club para colaborar na organización de actividades Erasmus+	X	X	X
Museo do Videoxogo	Prevese asisitir ao Museo do Videoxogo en Cangas. Data aínda por concretar.	X		
Actividades, exposicións, certames ou actos culturais	O Departamento de inglés está disposto a organizar a asistencia do alumnado a todo tipo de actividades, exposicións, certames ou actos culturais que poidan ter relación co estudo da lingua estranxeira e que teñan lugar durante o curso académico.	X	X	X
Auxiliar de conversa	Contaremos cunha auxiliar de conversa americana que reforzará aspectos conversacionais e socioculturais do seu país de orixe (EEUU)	X	X	X
Concurso de disfraces de personaxes literarios	Organizada polo departamento para todo o alumnado de ESO e Bacharelato co gallo de celebrar o Dia Mundial do Libro			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Resultados de avaliación.
Nivel de satisfacción do alumnado.
Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
Adecuación da secuenciación dos CA para cada unha das unidades, temas ou proxectos.

Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada CA.
Asignación a cada CA do peso correspondente na cualificación.
Vinculación de cada CA a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
Asociación de cada CA cos elementos transversais a desenvolver.
Adecuación da secuencia de traballo na aula.
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos CA.
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, proxectos, etc.
Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dunha proba e dunha avaliación.
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.
Adecuación de probas e taboa de indicadores, tendo en conta o valor de cada CA.
Grao de desenvolvemento das actividades complementarias previstas.
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
Metodoloxía empregada
Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
Adecuación do libro de texto.
Grao de integración da competencia dixital no desenvolvemento da materia.
Medidas de atención á diversidade
Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados ás CA.
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación e instrumentos.
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
Outros
Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.

Descrición:

a) Enquisa: Ao final de cada avaliación e, especialmente, na avaliación final, farase un balance global dos resultados obtidos no proceso educativo, o grado de cumprimento dos obxectivos, as necesidades e carencias, os erros e acertos e, en definitiva, unha valoración completa da propia avaliación e da programación. Proporase unha enquisa ao alumnado de cada grupo no que se imparte a materia.

Mediante esta enquisa, preténdese acadar información sobre o grao de satisfacción do alumnado respecto dos seguintes temas:
- o material proporcionado (en todos os soportes).
- a práctica docente.
- os intrumentos de avaliación.
- os tempos asignados para facelos.
- os tempos de corrección.
- o sistema de puntuación e corrección.

b) Autoavaliación: Tamén se pretende fomentar a reflexión no alumnado sobre a súa aprendizaxe. Neste sentido, é preciso recoller información sobre:
- percepción da súa progresión.
- tempo adicado á aprendizaxe da materia.
- estratexias empregadas na aprendizaxe da materia.

Coa autoavaliación pretendese:
a) Fomentar a coordinación do profesorado.
b) Mellorar a formación docente.
c) Reforzar as medidas de atención a diversidade.
d) Crear unha cultura autoavaliadora.

c) Revisión e melloras: O Departamento levará de maneira conxunta e consensuada unha reflexión das medidas de mellora a implantar de cara ao vindeiro curso que serán reflectidas na Memoria Final do Departamento.

Os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica son de dous tipos:

1. Unha avaliación de progreso:
a) Comprobarase como se produce realmente o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do centro.
b) Valorarase tal axuste nas reunións do Departamento de Francés e nas avaliacións e, no caso de resultar pouco axeitado, modificarase durante o transcurso do ano académico.

2. Unha avaliación final:
a) Prestarase moita atención á porcentaxe de alumnado que, na súa avaliación final, non aprobe a materia Segunda Lingua Estranxeira: Francés en cada curso.
b) Os erros detectados recolleranse na memoria final de curso como propostas de mellora para a elaboración da programación do vindeiro curso académico.

d) Memoria final: Para esta autoavaliación, cómpre elaborar unha Memoria final, que inclúa:
- Enumeración das actividades realizadas e o seu grado de eficacia e cumprimento.
- Unha síntese reflexiva sobre os logros conseguidos.
- As dificultades atopadas.
- Os factores que influíron nas dificultades.
- Os aspectos que será preciso modificar e mellorar.
- As propostas de innovación necesarias.
- Unha valoración dos resultados da enquisa proposta.
- As medidas de atención á diversidade utilizadas.
- Valoración da metodoloxía empregada.

Está prevista a elaboración dunhas "TABOAS DE REVISIÓN E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA" con indicadores de logro (rúbrica de 1 a 4) . Tamén se recollerán observacións e propostas de mellora.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

REUNIÓNS DE DEPARTAMENTO
Cunha periodicidade mensual, o Departamento reunirase para, entre outros asuntos, facer o seguimento e as coodinacións oportunas para levar a cabo a aplicación da programación. Levantarase acta.

PROENS
O profesorado fará o seguimento da programación a través da aplicación Proens. Como xa se fixo para a elaboración desta programación, en reunión de Departamento fixarase que docente se encargará de facer o seguimento na aplicación para cada nivel.
Ao remate de cada UD deixarase constancia das datas de inicio e remate previstas inicialmente, así como do número de sesións empregadas para o seu desarrollo, do grao de cumprimento, dos resultados, das propostas de mellora e, de habelas, das variacións que tivesen lugar.

AVALIACIÓN
Na memoria de final de curso deixarase constancia dos seguintes puntos:
a) Desvíos entre a programación inicial e a súa aplicación final, facendo propostas de reaxustes.
b) Resultados por UD e trimestre. Analizaranse as hipóteses sobre os motivos dos mellores e peores resultados. De ser relevante, poderanse constrastar co número de sesións adicadas.
c) Resultados das enquisas realizadas para avaliar a práctica docente. Analizaranse os aspectos mellor puntuados, buscando extendelos, así como os que obteñan peor puntuación, co fin de mellorar de cara ao seguinte ano académico. De ser relevante, tomaranse acordos sobre metodoloxía, temporalización, recursos, etc.

9. Outros apartados